



**J. Gaspar Bernárdez Villegas
Antonio Rigueiro Rodríguez
Beatriz Ojea Martínez
de la Escalera**

Árbores senlleiras nos Camiños de Santiago en Galicia



**XUNTA
DE GALICIA**



horreum



IBADER
Instituto de Biodiversidade
Agraria e Desenvolvemento Rural

Árbores senlleiras nos camiños de Santiago en Galicia

J. Gaspar Bernárdez Villegas
Antonio Rigueiro Rodríguez
Beatriz Ojea Martínez de la Escalera



HORREUM
2023

Árbores senlleiras nos camiños de Santiago en Galicia

© J. Gaspar Bernárdez, Villegas, Antonio Rigueiro Rodríguez, Beatriz Ojea Martínez de la Escalera
Lugo. Horreum 2023. 292 páxinas e 514 figuras.

1. Árbores senlleiras. 2. Camiño de Santiago

Esta obra foi editada pola Asociación Científica Horreum coa colaboración do GI-1934-TB - IBADER - USC (Lugo).

Deseño cuberta: Ana Ojea Pérez
Maquetación: Ana Ojea Pérez

ISBN: 978-84-939661-3-3

DL: C 1479 2023

Edita: Horreum en colaboración co GI-1934-TB (IBADER)



© HORREUM 2023

USC IBADER
UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

A totalidade dos textos, gráficos e imaxes publicadas nesta obra están protexidos por copyright. Queda prohibida a reprodución total ou parcial por calquera medio gráfico ou electrónico do contido da obra, sen a autorización escrita dos titulares do copyright



galicia

Árbores senlleiras nos camiños de Santiago en Galicia



Monografías do IBADER

Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural

Temática e alcance

O Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural (IBADER) é un instituto mixto universitario, situado na cidade de Lugo e conformado pola Universidade de Santiago de Compostela, as Consellerías da Xunta de Galicia con competencias en Medio Ambiente e Medio Rural e a Deputación de Lugo.

Unha das actividades do IBADER é a publicación e difusión de información científica e técnica sobre o medio rural desde unha perspectiva pluridisciplinar. Con este obxectivo publicanse a revista Recursos Rurais e as Monografías do IBADER, espazos orientados a fortalecer as sinerxías entre colectivos vinculados ao I+D+I no ámbito da conservación e xestión da Biodiversidade e do Medio Ambiente nos espazos rurais e nas áreas protexidas, os Sistemas de Produción Agrícola, Gandeira, Forestal e a Planificación do Territorio, tendentes a propiciar o Desenvolvemento Sostible dos recursos naturais.

A Revista científico-técnica Recursos Rurais publica artigos, revisións, notas de investigación e reseñas bibliográficas. A revista inclúe unha Serie Cursos, que publica os resultados de reunións, seminarios e xornadas técnicas ou de divulgación. As Monografías do IBADER divulgan traballos de investigación de maior entidade, manuais e textos de apoio a docencia ou investigación e obras de divulgación científico-técnica.

A revista Recursos Rurais atópase incluída na publicación dixital Unerevistas da UNE (Unión de Editoriales Universitarias Españolas) e na actualidade inclúese nas seguintes bases de datos especializadas: CIRBIC, Dialnet, ICYT (CSISC), Latindex, Rebiun e REDIB.

Política de revisión

Todos os traballos publicados polo IBADER deben ser orixinais. Os traballos presentados serán sometidos á avaliación confidencial de dous expertos anónimos designados polo Comité Editorial, que poderá considerar tamén a elección de revisores suxeridos polo propio autor. Nos casos de discrepancia recorrerase á intervención dun terceiro avaliador. Finalmente corresponderá ao Comité Editorial a decisión sobre a aceptación do traballo. Caso dos avaliadores propoñeren modificacións na redacción do orixinal, será de responsabilidade do equipo editorial —unha vez informado o autor— o seguimento do proceso de reelaboración do traballo. Caso de non ser aceptado para a súa edición, o orixinal será devolto ao seu autor, xunto cos ditames emitidos polos avaliadores. En calquera caso, os orixinais que non se suxeiten ás seguintes normas técnicas serán devoltos aos seus autores para a súa corrección, antes do seu envío aos avaliadores.

IBADER
Instituto de Biodiversidade Agraria e Desenvolvemento Rural
Universidade de Santiago de Compostela
Campus Universitario s/n
E 27002 Lugo, Galicia (España)
Tfno 982 824500
Fax 982 824501

<http://www.ibader.gal>
info@ibader.gal





AGRADECEMENTOS

Gustaríanos en primeiro lugar agradecer as persoas propietarias dos lugares nomeados no presente documento, que con tanta ilusión recibiron as nosas visitas e nos facilitaron información sobre os elementos descritos neste traballo. A Carmen Salinero e a Ángeles Barros, por facilitarnos numerosas e valiosas fotografías da contorna de algunhas das árbores citadas no documento. A Javier Iglesias que con tanto cariño e profesionalidade realizou algunhas das fotos máis fermosas desta publicación e a Manuel Peixoto Torres, polo seu desinteresado traballo na realización dos distintos mapas de localización.

Nota: Todas as fotografías publicadas neste libro foron realizadas polos autores, agás as cedidas por Javier Iglesias (araucaria da illa de Norfolk da praza de Amboaxe; érbedo do Pazo de Mariñán; magnolia grandiflora de Santa Rita; olmos dos xardíns de San Carlos; palmeiral canario dos xardíns de Méndez Nuñez; casuarinas da alameda da praza de Compostela; faia, tulipeiros de Virxinia, eucaliptos e matusalén de camelias do Pazo de Castrelos), Estación Fitopatolóxica do Areeiro, Deputación de Pontevedra (calocedros e magnolia do Pazo de Rubiáns, cedros do Himalaia dos xardíns de Vincenti e Pazo de Oca, Pazo de Rubiáns, Pazo de Santa Cruz de Ribadulla e Pazo de Castrelos), Gonzalo Salgado Fraga e Pazo de Fefiñáns (Pazo de Fefiñáns), Suso Framil e Ana Vilas (loureiral da illa de Cortegada), Xesús I. Fernández Alonso (catalpa do Pazo de Brandeso e eucalipto da casa de Botana) e María José Botana (buxos de Botana).

Índice

<i>ÁRBORES SENLLEIRAS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO EN GALICIA</i>	3
<i>AGRADECEMENTOS</i>	5
<i>INTRODUCCIÓN</i>	13
<i>METODOLOXÍA</i>	33
<i>CAMIÑO FRANCÉS</i>	35
<i>TEIXOS DO CEMITERIO DE NOCEDA</i>	38
<i>NOGUEIRA DE TRIACASTELA</i>	39
<i>CASTIÑEIRO DE RAMIL</i>	40
<i>CASTIÑEIRO DE VILAVELLA</i>	41
<i>ÁRBORE DAS TROMPETAS DE SAN EUFRASIO</i>	42
<i>CARBALLO DE VILAMEÁ</i>	43
<i>CIPRÉS MEDITERRÁNEO DA CAPELA DO SALVADOR</i>	44
<i>CASTIÑEIRO DE TOCA</i>	45
<i>CASTIÑEIRO DE VACORVEIRO</i>	46
<i>CASTIÑEIRO DA IGREXA DE NESPEREIRA</i>	48
<i>CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA</i>	49
<i>FALSO CIPRÉS DE SILVOUTA</i>	52
<i>CAMELIA «PANTALÓNS» DO PAZO DE LENS</i>	53
<i>CARBALLO DE CORES</i>	54
<i>CEDRO DO LÍBANO DO IES FERNANDO BLANCO</i>	55
<i>ABETO GRIEGO DEL IES FERNANDO BLANCO</i>	56
<i>CAMIÑO INGLÉS</i>	59
<i>METROSIDEROS EXCELSE DO XARDÍN DA POLICÍA LOCAL DA CORUÑA</i>	62
<i>PALMEIRAL CANARIO DOS XARDÍNS DE MÉNDEZ NÚÑEZ</i>	64
<i>OLMOS DO XARDÍN DE SAN CARLOS</i>	65
<i>XINKGO DE VILABOA</i>	66
<i>PAZO DE MARIÑÁN</i>	69
<i>ÉRBEDO DO PAZO DE MARIÑÁN</i>	72
<i>EUCALIPTOS DO PAZO DE MARIÑÁN</i>	73
<i>MIRTOS DO PAZO DE MARIÑÁN</i>	74
<i>PLÁTANOS DE SOMBRA DO PAZO DE MARIÑÁN</i>	75
<i>ARAUCARIA DA ILLA DE NORFOLK DA PLAZA DE AMBOAXE</i>	76

<i>MAGNOLIA GRANDIFLORA DE SANTA RITA</i>	77
<i>METROSIDEROS EXCELSO DO XARDÍN DA TORRE DE ANDRADE</i>	78
<i>CAMIÑO DE INVERNO</i>	79
<i>CEDROS DO LÍBANO DA PORTELA</i>	81
<i>CARBALLO DE CABREIROS</i>	82
<i>SOBREIRA DO SIADOR</i>	83
<i>PAZO DE OCA</i>	85
<i>BUXAL DO PAZO DE OCA</i>	88
<i>CAMELIA RETICULADA DO PAZO DE OCA</i>	89
<i>CARREIRA DOS TILAIROS DO PAZO DE OCA</i>	90
<i>CRIPOTOMERIA ELEGANTE DO PAZO DE OCA</i>	92
<i>PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA</i>	95
<i>CAMELIA DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	98
<i>DICKSONIA DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	99
<i>OMBÚ DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	100
<i>CARBALLO FASTIXIADO DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	102
<i>WASHINGTONIAS ROBUSTAS DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	103
<i>TULIPEIROS DE VIRXINIA DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	104
<i>BUXAL DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	105
<i>RETÍCULA DE OLIVEIRAS DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	106
<i>CRIPOTOMERIA XAPONESA DO PAZO DE SANTA CRUZ</i>	108
<i>MAGNOLIA GRANDIFLORA DA CASA DA PICOTA</i>	110
<i>RUTA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA</i>	111
<i>ARAUCARIAS DE CAMBADOS</i>	114
<i>PAZO DE FEFIÑÁNS</i>	117
<i>LOUREIROS DO PAZO DE FEFIÑÁNS</i>	120
<i>PALMEIRAS DE ABANO MEXICANAS DO PAZO DE FERFIÑÁNS</i>	121
<i>SALGUEIRO DA BRAÑA DE XAFARDÁN</i>	122
<i>MAGNOLIA DE VALLE INCLÁN</i>	124
<i>PAZO DE RUBIÁNS</i>	127
<i>ALCANFOREIROS DO PAZO DE RUBIÁNS</i>	130
<i>EUCALIPTOS DO PAZO DE RUBIÁNS</i>	131
<i>MAGNOLIAS GRANDIFLORAS DO PAZO DE RUBIÁNS</i>	132
<i>CALOCEDROS DO PAZO DE RUBIÁNS</i>	133
<i>TAXODIOS DO XARDÍN DE ARTIME</i>	134
<i>LOUREIRAL DA ILLA DE CORTEGADA</i>	136

CAMIÑO DO NORTE	137
<i>PALMEIRAS CANARIAS DA CASA DE OIA</i>	140
<i>CIPRESSES MEDITERRÁNEOS DO CEMITERIO DE MONDOÑEDO</i>	141
<i>«PRAVIA» DE VILALBA</i>	142
<i>CASTIÑEIRO DA CAPELA</i>	143
<i>FREIXO DE PORTA</i>	144
<i>CARBALLO DE PORTACAL</i>	145
<i>CARBALLO DE ARMADA</i>	146
<i>ACIVRO DEL PAZO DE CASANOVA</i>	147
<i>DOUGLASIA VERDE DO PAZO DE CASANOVA</i>	148
<i>EUCALIPTO DA CASA DE BOTANA</i>	149
<i>BUXAL DA CASA DE BOTANA</i>	150
CAMIÑO PORTUGUÉS	153
<i>FREIXO DE FOLLA ESTREITA DE ALBARÍN</i>	156
<i>ARAUCARIA DE CARBALLEIRA</i>	157
<i>CEDROS DO HIMALAIA DOS XARDÍNS DE VICENTI</i>	158
<i>CARBALLO DA CAPELA DE SANTA MARGARIDA</i>	159
PAZO DE LOURIZÁN	161
<i>CASTIÑEIRO XAPONESSES E CHINESES DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	166
<i>CEDRO DO LÍBANO DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	168
<i>ABELEIRA DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	169
<i>CRYPTOMERIA XAPONESA DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	170
<i>METASEQUOIA DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	171
<i>SEQUOIA VERMELLA DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	172
<i>SÓFORA XAPONESA DO PAZO DE LOURIZÁN</i>	173
PARQUE-XARDÍN E CARBALLEIRA DE CALDAS DE REIS	175
<i>ARAUCARIA DO BRASIL DO PARQUE DE CALDAS DE REIS</i>	178
<i>CUNNINGHAMIA DO PARQUE-XARDÍN DE CALDAS DE REIS</i>	179
<i>CARBALLEIRA DE CALDAS DE REIS</i>	180
<i>PALMEIRA DATILERA DO MOSTERIO DE HERBÓN</i>	181
<i>FIGUIERA DA CASA-MUSEO DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	182
<i>OLIVEIRAS DO CEMITERIO DE ADINA</i>	184
<i>XARDÍN BOTÁNICO-ARTÍSTICO DE PADRÓN</i>	187
<i>PALMEIRA DO SENEGAL DO XARDÍN ARTÍSTICO DE PADRÓN</i>	190
<i>CASTIÑEIRO DE INDIAS DO XARDÍN ARTÍSTICO DE PADRÓN</i>	191
<i>COROA DE «CRISTO» DO XARDÍN HISTÓRICO DE PADRÓN</i>	192

<i>CARBALLO FASTIXIADO DO XARDÍN HISTÓRICO DE PADRÓN</i>	193
<i>SEQUOIAS VERMELLAS DO XARDÍN HISTÓRICO DE PADRÓN</i>	194
<i>PLÁTANOS DE SOMBRA DO PASEO DO ESPOLÓN DE PADRÓN</i>	196
<i>CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA</i>	197
<i>SOBREIRAS DO FARO</i>	200
<i>PAZO DE CASTRELOS</i>	203
<i>MATUSALÉN DE CAMELIAS DO PAZO DE CASTRELOS</i>	206
<i>EUCALIPTOS DO PAZO DE CASTRELOS</i>	207
<i>FAIA DO PAZO DE CASTRELOS</i>	208
<i>TULIPEIROS DE VIRXINIA DO PAZO DE CASTRELOS</i>	209
<i>CASUARINAS DA ALAMEDA DA PRAZA DE COMPOSTELA</i>	210
<i>OLIVEIRA DO PASEO DE ALFONSO XII</i>	211
<i>OMBÚ DO CASTRO</i>	212
<i>CALOCEDRO DO PAZO DE TORRECEDEIRA</i>	214
<i>PAZO DE TORRES AGRELO</i>	217
<i>CAMELIAS DO PAZO DE TORRES AGRELO</i>	220
<i>CAMELIA SASANQUA DO PAZO DE TORRES AGRELO</i>	221
<i>TUIA XIGANTE DO PAZO DE TORRES AGRELO</i>	222
<i>SOBREIRA DO CRISTO DE ARRIBA</i>	223
<i>CARREIRA DE BUXOS DA ILLA DE SAN SIMÓN</i>	224
<i>CASTELO DE SOUTOMAIOR</i>	227
<i>ARAUCARIA DE CHILE DO CASTELO DE SOUTOMAIOR</i>	230
<i>SEQUOIA VERMELLA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR</i>	231
<i>CRIPDOMERIA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR</i>	232
<i>CAMIÑO PRIMITIVO</i>	233
<i>TEIXO DE FONTANEIRA</i>	236
<i>PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	237
<i>PÍCEA AZUL DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	240
<i>PINSAPO DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	241
<i>CEDROS DO ATLAS DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	242
<i>SEQUOIAS XIGANTES DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO</i>	243
<i>SÓFORAS XAPONESAS DA PRAZA MAIOR DE LUGO</i>	244
<i>MAGNOLIAS CHINESAS DE CAMPO CASTELO</i>	245
<i>PAZO DE BRANDESO</i>	247
<i>CARBALLEIRA DO PAZO DE BRANDESO</i>	248
<i>TEIXOS DO PAZO DE BRANDESO</i>	249

<i>ÁRBORE DAS TROMPETAS DO PAZO DE BRANDESO</i>	250
<i>PIÑEIRO MANSO DE BOENTE</i>	251
<i>CEDROS DO ATLAS DO CONVENTO DE MELIDE</i>	252
<i>VÍA DA PRATA</i>	253
<i>CARBALLO DE SANTIGOSO</i>	256
<i>SOUTO DA IGREXA DE RIÓS</i>	257
<i>CASTIÑEIRO DE CERDEDELO</i>	258
<i>CASTIÑEIRO DE SANTA EUFEMIA</i>	259
<i>CARBALLOS DE O COVELO</i>	260
<i>SOBREIRA DE LOÑA</i>	261
<i>CARBALLO DO CASTELO-PAZO DE VILAMARÍN</i>	262
<i>CARBALLO DE VILATUXE</i>	263
<i>CARBALLO DE SOUTOLONGO</i>	264
<i>FRAGA DE CATASÓS</i>	265
<i>ETAPA FINAL SANTIAGO DE COMPOSTELA</i>	267
<i>PASEO DA FERRADURA E ALAMEDA DO CAMPO DA ESTRELA</i>	269
<i>«PERONA» DO PASEO DA FERRADURA</i>	272
<i>EUCALIPTOS DO PASEO DA FERRADURA</i>	273
<i>TILEIRO PRATEADO DA ALAMEDA DO CAMPO DA ESTRELA</i>	274
<i>SEQUOIA DA ALAMEDA DO CAMPO DA ESTRELA</i>	276
<i>CEDRO ATLÁNTICO DO PAZO DO HÓRREO</i>	277
<i>CARBALLEIRA DE SAN LORENZO DE TRASOUTO</i>	278
<i>XINKGO DO PAZO DE FONSECA</i>	280
<i>BIBLIOGRAFÍA</i>	283
<i>OS AUTORES</i>	287



INTRODUCCIÓN

O Camiño de Santiago é un itinerario milenario que conduce dende todos os puntos de Europa e da Península Ibérica cara ao lugar onde están soterrados os restos do apóstolo Santiago O Maior. O descubrimento do sepulcro no noroeste peninsular é a orixe da peregrinación que, dende a Idade Media ata os nosos días, guiou milleiros de fieis cara o Lucus Sanctus.

No ano 711 prodúcese a entrada dos musulmáns na Península Ibérica polo sur, que chegan aos territorios do norte en escasamente dous anos. Os asentamentos musulmáns foron máis estables no sur, onde se creou o Califato de Córdoba. No norte non houbo conquista pero si multitude de incursións bélicas. Será entón un pequeno reino cristián do norte o xerme da expansión dos territorios cristiáns ata o século XV, fin do último reino musulmán na Península.

Esta era a situación socio-política no tempo do descubrimento do sepulcro apostólico, o que nos dá unha idea da importancia deste fito e o que supuxo para os reinos cristiáns na loita contra os exércitos musulmáns. A figura do apóstolo tomárase como símbolo para loitar contra as tropas musulmáns, o que fixo que moitos cristiáns de alén dos Pirineos decidisen axudar na loita contra os «infieis».

A principal motivación para comezar semellante viaxe ategada de perigos era relixiosa. Na Idade Media o culto ás reliquias dos santos estaba moi estendido; os devotos achegábanse a Compostela movidos por diferentes razóns: visitar o lugar onde se atopaban as reliquias do santo, pedir pola alma dalgún defunto, como agradecemento dalgún voto concedido, como penitencia e mesmo había os que contrataban a outros para faceren a peregrinación no seu nome. Ademais dos motivos relixiosos, houbo moitos que viaxaron como simple curiosidade para coñeceren outros lugares e culturas. Foi ademais unha vía de comunicación, comercio e tamén artística moi importante. Xentes de toda Europa confluiron nun mesmo espazo, o que levou a conformar novas linguaxes artísticas que se ven reflectidas nun conxunto de edificacións, hospitais, mosteiros e igrexas ao longo de toda a ruta xacobea. Esta foi a primeira vez que xentes de toda Europa se uniron cun obxectivo común e por iso foi declarado como o Primeiro Itinerario Cultural Europeo polo Consello de Europa o 23 de outubro de 1987. En 1993 o Camiño Francés é procla-



mado Patrimonio da Humanidade pola UNESCO, e máis tarde, en 2015, entrarán a formar parte dese selecto clube o Camiño Primitivo e o Camiño do Norte.

Na actualidade a xente que se achega ao camiño faino para vivir unha experiencia única, uns dende unha perspectiva máis relixiosa ou como unha vivencia espiritual, e outros que se senten atraídos polo legado cultural, a natureza, o deporte ou ese espírito de compañeirismo e solidariedade que caracteriza a vivencia da peregrinación xacobeá e que fai que cada ano máis e máis persoas de todo o mundo se acheguen para vivila.

SANTIAGO O MAIOR

A historia xacobeá comeza ao redor da figura do apóstolo Santiago O Maior, un dos apóstolos máis próximos á figura de Cristo. Santiago, fillo de Zebedeo, irmán de san Xoán o Evanxelista, un dos primeiros discípulos chamados polo mestre para seguilo, presencia os principais relatos da vida de Xesús, como a Transfiguración ou a Captura de Cristo na horta das oliveiras, alén de ser o primeiro apóstolo en sufrir martirio. É para moitos un dos favoritos de Cristo, xunto con Pedro e Xoán.

Que relación ten Santiago coa Península? Poucos son os documentos que relacionan a figura de Santiago co seu paso por Hispania. Este relato fundaméntase sobre todo en tradicións orais. Un dos primeiros textos onde aparece o apóstolo como o predicador na península é no *Breviarium Apostolorum*, documento do século VI-VII que resume a biografía dos apóstolos e indica onde predicaron, asignando Hispania a Santiago.

Un século máis tarde, o himno *O Dei Verbum*, atribuído ao Beato de Liébana, invoca por primeira vez a Santiago como protector das terras hispanas. Será a tradición a que dea a maior parte das respostas sobre o paso do apóstolo pola península. Así, contamos con tradicións relixiosas sobre a súa predicación, como a do encontro de Santiago e a Virxe en Muxía, e máis tarde en Zaragoza.

No *Feito dos apóstolos* nárrese a *Passio Sancti Jacobi* en terras de Xerusalén, onde Santiago é capturado, martirizado e decapitado por orde do rei Herodes Agripa I no ano 44. O Códice Calixtino, documento do século XII, relátanos como os discípulos recollen os restos do santo e os trasladan ás costas de Galicia, onde a tradición dicía que estivera predicando, episodio que se coñece como a *Traslatio*. Nunha barca saíron os discípulos de Santiago co seu corpo e, «guiados por anxos», atracaron nas costas de Gallaecia, concretamente no porto de Iria Flavia (Padrón hoxe en día), nome que fai referencia á pedra onde amarraron a barca. Ao chegar, unha



raíña dunha tribo local, chamada Lupa, déixalles soterrar o seu mestre, mais ponlles unha serie de trabas que de maneira milagreira conseguen superar. Finalmente atopan o lugar onde o enterran xunto con dous discípulos.

A *inventio* ou descubrimento da tumba do apóstolo ocorre na década do 820, sendo daquelas Teodomiro o bispo de Iria Flavia. Paio, un eremita que vivía preto da fraga Libredón, observa no ceo, durante varios días, unhas luminarias. Paio informa ao bispo, que acode á chamada e descobre naquela fraga unha tumba. Após varios días de xaxúns e rezos, o bispo Teodomiro proclama que os restos que alí se atopan son os de Santiago O Maior e os seus discípulos Atanasio e Teodoro.

COMENZOS DA PEREGRINACIÓN

O bispo transmite a nova do descubrimento ao rei Alfonso II «O Casto» que se achega a visitar a tumba do apóstolo dende Oviedo, capital do reino. O rei será considerado o primeiro peregrino e a ruta de Oviedo a Santiago é a que hoxe coñecemos como o Camiño Primitivo. A *inventio* do sepulcro é rapidamente espallada por todos os reinos cristiáns de Europa. Primeiro serán reis, aristócratas e xentes de certo poder os que dirixan as súas comitivas cara a ruta xacobeana e co pasar do tempo todo tipo de xentes se unirán cunha mesma meta, Compostela.

Alfonso II manda construír a primeira igrexa para protexer o sepulcro, posteriormente substituída por outra máis grande e de mellor factura baixo o reinado de Alfonso III no ano 899, quen tamén peregrinará, acompañado pola súa dona, ata a edícula do santo. Esta segunda basílica será destruída polo xeneral musulmán Almanzor, no ano 997, mais respectando a tumba do apóstolo.

A situación nos reinos musulmáns foi cambiando, de xeito que o califato se dividiu en reinos de taifas e as súas fronteiras ían recuando cada vez máis ao sur, co que o camiño se volve máis seguro. Nese contexto, os reis cristiáns intentan atraer xente para ocupar os terreos e formar novos núcleos urbanos, concedendo privilexios aos francos, como se coñecía a aqueles que viñan de alén dos Pirineos. Foi daquelas cando naceu o Camiño Francés, que cruza a península dende os Pirineos e atravesa Pamplona, Burgos, León e Astorga ata chegar a Galicia. Entre outros privilexios o rei Alfonso VI eximíu do pagamento de peaxes os transeúntes que ían cara Santiago a rezar e que pasaban por Valcarce, entre León e Galicia. Os séculos XI, XII e XIII serán a época de maior esplendor da peregrinación polo número de peregrinos que atravesan as rutas a Compostela; de feito fálase da chegada dunhas 200 000 persoas por ano, sobre todo polo Camiño Francés.



O número de peregrinos medra considerablemente grazas a varios factores: por un lado a mellora das infraestruturas, a construción de pontes e o arranxo das calzadas, e por outro lado o apoio das monarquías cristiás peninsulares que outorgaron aos peregrinos certo grao de inmunidade e protección ou concederon privilexios «aos francos» que decidían instalarse nos seus territorios. Non hai que esquecer a importancia do papel das ordes relixiosas, entre as que destaca a orde de Cluny, que construíu hospitais e mosteiros ao longo de todo o camiño para dar aloxamento, comida e soporte espiritual a todos os viaxeiros.

As indulxencias serán un reclamo para todos os fieis que quixesen conseguir o perdón de Deus. Serán introducidas coa implantación dos anos santos. Aínda que moitos autores atribúen a aplicación dos anos santos en Santiago á bula do Papa Calixto II *Regis Aeternis*, no ano 779, non parece probable que fose antes de 1300 cando se instaure por primeira vez o Ano Santo Romano. Estes anos santos establecéronse en Xerusalén, unha vez cada 50 anos, en Roma cada 25 anos e en Santiago de Compostela, cada 6, 5, 6 e 11 anos, de xeito que o 25 de xullo, data do descubrimento do sepulcro, coincide en domingo. Isto fai que haxa maior cantidade de anos santos en Santiago e polo tanto maior probabilidade de conseguir a indulxencia plenaria, que comportaba o perdón total dos pecados, unha recompensa máis que poderosa para incitar todos os cristiáns a chegaren a Compostela en Ano Santo.

Será a finais do século XI cando se inicien as obras da que será a catedral románica, concretamente en 1075, en tempos do rei Alfonso VI e do bispo Diego Peláez, aínda que a maior parte do proxecto arquitectónico se realiza durante o arcebispado de Diego Xelmírez (1100-1140). A planta do edificio está asociada coas chamadas igrexas de peregrinación, xa que a súa disposición, con deambulatorio e capelas, permitía a mobilidade no interior sen interromper o culto da nave central, e mesmo permitía varios oficios á mesma vez. A catedral consagrouse no 1211 en presenza do rei Alfonso IX, sendo arcebispo Pedro Muñiz. Seguíronse engadindo diferentes proxectos arquitectónicos pero foi sobre todo en época barroca cando o edificio sufríu unha gran transformación, recubriendo a «pel» románica da basílica con solucións decorativas barrocas, as cales priman a beleza máis que a iconografía na que se baseaba o estilo románico coa pretensión de educar os fieis iletrados mediante a ensinanza das sagradas escrituras.

Do século XII son tamén importantes documentos como a *Historia Compostellana* e o *Codex Calixtino* ou *Liber Sancti Iacobi*. Este último é unha imponente recompilación de escritos sobre o apóstolo Santiago que se estrutura en 5 libros. O título fai referencia ao papa Calixto II, como se fose el o autor, aínda que en realidade non o é, pois crese que foi escrito por diferentes mans e supervisado por un monxe



francés, Aymeri Picaud. O libro I é a parte máis extensa do códice e está dedicado á liturxia oficial do apóstolo, no libro II descríbense 22 milagres ocorridos baixo a intercesión de Santiago, no III faise unha recompilación de relatos que falan sobre a Traslatio e as festividades en honor a Santiago, no libro IV relátase a Historia do *Pseudo Turpin*, crónica das xestas de Carlomagno e tamén a *Inventio* ou descubrimento do sepulcro. O mais coñecido é o libro V ou *Liber Peregrinationis*, xa que describe a ruta desde os Pirineos, con comentarios sobre diferentes aspectos de cada poboación, a calidade das augas, o carácter das xentes, etc., e tamén contén unha colección de poemas con música polifónica.

Nos séculos XIV, XV e XVI sufrírase un declive no número de camiñantes debido, por unha banda, á peste negra, que deixa en Europa millóns de mortos, e o medo ao contaxio frea as peregrinacións. Outra das razóns é a desaparición dos restos do apóstolo, que foron agochados na catedral para protexelos dos ataques nas costas galegas polo corsario Sir Francis Drake no ano 1589. No século XVI a separación da igrexa luterana fixo que os alemáns e ingleses tamén deixasen de peregrinar a Santiago.

No século XVIII, na Época Barroca, hai un empeño por rehabilitar e embelecer a cidade de Santiago de Compostela. Despois do declive das peregrinacións en centurias anteriores, no século XVII e sobre todo no século XVIII parece que hai unha maior estabilidade no número de peregrinos a Compostela e preténdese dar unha imaxe nova da cidade e do seu centro principal, a catedral. O gusto románico resultaba naqueles momentos demasiado sobrio e buscouse a forma, tanto por parte dos organismos civís como eclesiásticos, de dar unha imaxe de maior exuberancia ornamental nos edificios e para o que se lle deu unha volta ao plan urbanístico da cidade. Esta gran remodelación creou a imaxe da catedral e da cidade monumental que chegou aos nosos días.

No século XIX prodúcense dous acontecementos que inflúen de maneira completamente diferente na ruta. Por un lado a invasión francesa, que fai que haxa un declive de peregrinos que chegan dende Francia, e por outro lado o descubrimento da tumba do apóstolo grazas á intervención do bispo Payá, que iniciou a campaña para topar de novo o sepulcro agochado no século XVI. No ano 1884 o papa León XIII declarou auténticos os restos do apóstolo mediante a bula *Deus Omnipotens*.

Nos inicios do século XX houbo iniciativas para promover a chegada de peregrinos. A Primeira Guerra Mundial, a Guerra Civil Española e a Segunda Guerra Mundial fixeron que os plans de recuperación da ruta xacobeá non chegasen a bo termo. Non será ata os anos 50 e 60 do século XX cando o propio goberno da ditadura comezou a promover a peregrinación, aínda que a xente que chegaba a pé era pouca.



Nos anos 80 do pasado século, o párroco do Cebreiro, Elías Valiña Sampedro, fixo algo moi importante para os peregrinos non se perderen; comezou a sinalizar o camiño pintando o que hoxe é outro símbolo da ruta, a frecha amarela. No ano 1982, a visita do papa Xoán Pablo II foi un gran pulo para esta nova etapa. A partir do ano 1993, primeiro Ano Xacobeo, o número de fieis medrou notablemente. Este incremento mantívose grazas a que o goberno da Xunta de Galicia fixo un importante investimento para a construción de albergues, mellora da sinalización e das rutas e, por suposto, realizando unha campaña de promoción a nivel internacional.

O camiño está a vivir agora a súa segunda idade de ouro: cada ano bátense récords de viaxeiros que, movidos por distintos motivos, atravesan todas as rutas que conflúen en Santiago. Este peregrinos, chegados de todos os países do mundo e fieis de todas as relixións, comparten un mesmo espazo, no que a historia, a cultura, a natureza e a solidariedade son os sinais de identidade e o seu atractivo principal.



AS ÁRBORES SENLLEIRAS NOS CAMIÑOS DE SANTIAGO

E A HISTORIA DA CATALOGACIÓN EN GALICIA

Os primeiros datos sobre arboredo monumental en Galicia, no marco dun traballo dedicado exclusivamente a este tipo de arboredo, aparecen na década dos anos 70 do pasado século. É entón cando o Instituto Nacional para a Conservación da Natureza (ICONA), que desempeñaba as competencias que pertencían á Dirección Xeral de Montes, Caza e Pesca Fluvial, dita no ano 1974 unha circular (14/1974), inspirada polo enxeñeiro de montes D. Antonio López Lillo, encamiñada a crear o Inventario de Árbores Sobresaíntes de España, para a súa protección e conservación «xa que algúns destes exemplares estaban expostos a desaparecer por corta, lume, enfermidades e pragas, e sobre todo, moitas veces, por descoñecemento do seu valor». As delegacións rexionais do ICONA foron as encargadas de recoller esta información e facela chegar aos servizos centrais, que pretendían realizar un inventario nacional. Con todo, a resposta das delegacións rexionais foi moi heteroxénea e o inventario pretendido non chegou a ver a luz. Entre as árbores ou grupos de árbores que remitíu a delegación rexional do ICONA en Galicia seis atópanse nalgún dos camiños de Santiago: os cedros do Líbano da Portela (Vilamartín de Valdeorras-Ourense, Camiño de Inverno), o ciprés mediterráneo da capela do Salvador (Samos-Lugo, Camiño Francés), a «Pravia» de Vilalba (Vilalba-Lugo, Camiño do Norte), o metrosideros excelso do xardín da torre de Andrade (Pontedeume-A Coruña, Camiño Inglés) o carballo da capela de Santa Margarida (Pontevedra, Camiño Portugués) e fraga de Catasós (Lalín-Pontevedra, Vía da Prata).

Unha década máis tarde, en 1984, a Dirección Xeral do Forestal e do Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura, Pesca e Alimentación da Xunta de Galicia contratou unha consultora madrileña para realizar o Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia, documento inédito que se entregou no ano 1985 e que recolle 260 monumentos vexetais, 102 na provincia da Coruña, 49 na de Lugo, 39 na de Ourense e 70 na de Pontevedra. Os autores do traballo deixaron constancia dos atrancos cos que se encontraron para conseguir información e do escepticismo, temores e cautelas de moitos propietarios (Rigueiro Rodríguez *et al.* 2008). Algún daqueles exemplares están nos camiños ou próximos a eles e están incluídos no presente traballo:

Carballo da capela
de Santa Margarida
(Camiño Portugués)



**Cedros do Líbano da Portela
(Camiño de Inverno)**

Imaxes tomadas do *Inventario de Árbores Sobresaíntes de España* (ICONA 1974) de monumentos vexetais presentes nalgún dos camiños de Santiago.



**Ciprés mediterráneo da capela
do Salvador (Camiño Francés)**

Izq: «Pravia» de Vilalba
(Camiño do Norte)
Centro: Fraga de Cata-
sós (Vía da Prata) Dta.
Metrosideros excelso do
xardín da torre de An-
drade (Camiño Inglés)





- ✿ Camiño de Inverno: tulipeiros de Virxinia, ombú, carballo fastixiado, dicksonia e criptomeria xaponesa do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra, A Coruña) e cedros do Líbano da Portela (Vilamartín de Valdeorras, Ourense). Camiño Francés: carballo de Vilameá (O Incio, Lugo) e ciprés mediterráneo da capela do Salvador (Samos, Lugo).



Douglasia verde do Pazo de Casanova (Camiño do Norte), nunha imaxe tomada do libro *Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia* (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2008)

- ✿ Camiño do Norte: castiñeiro da Capela (Begonte, Lugo), «Pravia» de Vilalba (Lugo), cipreses mediterráneos do cemiterio de Mondoñedo (Lugo), buxal e eucalipto da Casa de Botana (Arzúa, A Coruña), douglasia verde e acivro do Pazo de Casanova (O Pino, A Coruña), freixo da Porta (Sobrado dos Monxes, A Coruña), carballo da Portacal (Sobrado dos Monxes, A Coruña), carballo de Armada (Sobrado dos Monxes, A Coruña).
- ✿ Camiño Inglés: magnolia grandiflora de Santa Rita (Narón, A Coruña), metrosideros excelso do xardín da torre de Andrade Pontedeume, A Coruña), metrosideros excelso do xardín da Policía local da Coruña (A Coruña), eucaliptos e plátanos de sombra do Pazo de Mariñán (Bergondo, A Coruña).
- ✿ Camiño Portugués: palmeira do Senegal e sequoias vermellas do xardín histórico de Padrón (Padrón, A Coruña), carballo da capela de Santa Margarida (Pontevedra).
- ✿ Vía da Prata: souto da igrexa de Riós (Riós, Ourense), fraga de Catasós (Lalín, Pontevedra).
- ✿ Camiño de Fisterra e Muxía: carballo de Cores (A Baña, A Coruña).
- ✿ Etapa Final, Santiago de Compostela: eucalipto do paseo da Ferradura, xinkgo de Fonseca, carballeira de San Lourenzo de Trasouto.
- ✿ Camiño Primitivo: glicinia e teixo do Pazo de Brandeso (Arzúa, A Coruña), piñeiro manso de Boente (Arzúa, A Coruña).



Tulipeiro do Pazo de Castrelos
(Camiño Portugués pola Costa)

No ano 2000 a Xunta de Galicia declara Monumento Natural a fraga de Catasós (Decreto 76/2000, do 25 de febreiro), formación mixta de carballos e castiñeiros de orixe antrópica, plantados a finais do s. XIX polos antigos propietarios do Pazo de Quintela, situado en Lalín, Pontevedra, na Vía da Prata. O máis destacado do grupo de castiñeiros son os portes íntegros que ten, non modificados por podas e demoucas, o que lles valeu a consideración de exemplares únicos pola FAO, xa que teñen os fustes máis altos e o mellor porte forestal de Europa (Bernárdez

✿ Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla: eucaliptos, alcanforeiros e magnolias grandifloras do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra), magnolia de Valle Inclán (Vilanova de Arousa, Pontevedra).

✿ Camiño Portugués pola Costa: oliveira do paseo de Alfonso XII, faia e tulipeiros do Pazo de Castrelos (Vigo, Pontevedra); camelias do Xapón, tuia xigante e camelia sasanqua do Pazo de Torres de Agrelo (Redondela, Pontevedra), sobreira do Cristo de Arriba (Redondela, Pontevedra).



Monumento natural «A fraga de Catasós»
(Vía da Prata)



Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a). No ano 1954 o prestixioso fitopatólogo norteamericano Dr. Flippo Gravatt, representante do seu país na FAO visitou os castiñeiros de Catasós e ao seu regreso a Roma promoveu que esta entidade recomendase ao estado español a protección destas árbores (Vieitez *et al*, 1999). Que estea no medio dunha carballeira é determinante para entender a súa configuración, con corpulentos troncos que ascenden con gran verticalidade, sostendo arquitecturas de copa alongadas e de volumes diminuídos pola notable competencia espacial e pola luz á que están sometidos, adoptando portes maxestosos e señoriais, a expresión máis fermosa do castiñeiro como árbore forestal, segundo D. Ernesto Viéitez (1992) (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a).

A Lei 9/2001, de Conservación da Natureza, no seu artigo 52, contempla a elaboración do *Catálogo Galego de Árbores Singulares*, que incluírá os exemplares e formacións cuxa conservación sexa necesaria asegurar polos valores naturais, culturais, científicos, educativos, estéticos ou paisaxísticos que ten (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a).



Araucaria da illa de Norfolk de Tenreiro nunha imaxe tomada do libro *Árbores e Formacións Senlleiras de Galicia* (Rigueiro Rodríguez *et al.*, 2008).

No ano 2001 Antonio Rigueiro e Xesús Fernández publican o *Catálogo de Árbores Singulares do Concello de Vigo*, no que citan 4259 exemplares arbustivos e arbóreos. 80 % das plantas citadas atópanse en xardíns públicos e o resto en propiedades particulares, e corresponden a 226 especies e 12 híbridos, das que 88 % son especies foráneas e o resto autóctonas. Entre os exemplares recollidos neste catálogo municipal, seis están descritos no presente traballo por atoparse no Camiño Portugués pola Costa, son o matusalén de camelias, eucaliptos, faia e tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos, as casuarinas da alameda da praza de Compostela e a oliveira do paseo de Alfonso XII.



Ese mesmo ano, Carlos Rodríguez Dacal publica un artigo monográfico titulado *Monumentos verdes da comarca eumesa*, onde fai un profundo repaso das árbores máis importantes de Pontedeume (A Coruña), entre as que destaca algunha que máis tarde pasaría a formar parte do *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*, como o teixo de Tenreiro ou o metrosideros da torre de Andrade, incluídos no catálogo desde que foi creado en 2007, así como a araucaria da illa de Norfolk de Tenreiro que se incorporou ao catálogo na ampliación de 2011. Algunhas das plantas citadas no documento morreron, e outras, a pesar de estaren vivas, foron propostas para a súa descatalogación (DOG, 2019), e finalmente descatalogadas (DOG, 2020).

No ano 2002 a asociación xuvenil de tempo libre Croio, de Narón (A Coruña), edita o libro *Narón en verde*, no que recollen os principais elementos arbóreos do Concello de Narón. Nesta publicación cítase a magnolia de Santa Rita, situada no antigo cuartel da Garda Civil e que pode ser a máis vella de Galicia, pois se supón que foi plantada en 1795 por un matrimonio de orixe francesa (Rodríguez Dacal & Izco Sevillano, 2003). Na actualidade esta magnolia, que forma parte do catálogo, posúe un perímetro normal de 6,60 metros e unha altura de 13,10 metros (Rigueiro Rodríguez & Bernárdez Villegas, 2019).

Magnolia de Santa Rita (Camiño Inglés),
nunha imaxe recente.





No ano 2003 Carlos Rodríguez Dacal e Jesús Izco Sevillano publican o libro *Árboles monumentales en el patrimonio cultural de Galicia*, no que citan 345 exemplares, 124 na provincia da Coruña, 63 na de Lugo, 34 na de Ourense e 124 na de Pontevedra. O número total de especies ascende a 117, 17 % autóctonas e o resto exóticas. A maior parte dos exemplares citados e descritos no presente traballo aparecen naquela publicación.

No ano 2004 publícase o libro *Árbores singulares de España* (Rigueiro Rodríguez, 2004), cunha interesante representación de árbores situadas en Galicia. Entre as árbores e formacións descritas atópanse algúns monumentos vexetais recollidos no presente traballo, como o paseo de oliveiras de Santa Cruz (Pazo de Santa Cruz de Ribadulla, Vedra, A Coruña, Camiño de Inverno), os xinkgos do xardín de Fonseca, aínda que na actualidade só se conserva un dos dous exemplares (Etapa Final, Santiago de Compostela), o ciprés de Samos (Samos, Lugo, Camiño Francés) ou o castiñeiro de Baamonde (Begonte, Lugo, Camiño do Norte), todos eles incluídos máis tarde no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* (Diario Oficial de Galicia, 2007).



Castiñeiro de Baamonde
(Camiño do Norte)

No ano 2005 a Compañía Loxística de Hidrocarburos CLH, S.A. publica a obra *Árboles monumentales de España* (Arlés *et al.*, 2005), na que destaca unha interesante representación de exemplares galegos nas proximidades dos camiños: o eucalipto dos namorados do paseo da Ferradura (Etapa Final, Santiago de Compostela), o carballo fastixiado do Pazo de Santa Cruz (Vedra, A Coruña, Camiño do Inverno), a camelia do Pazo de Oca (A Estrada, Pontevedra, Camiño de Inverno), a figueira de Rosalía de Castro (Padrón, Pontevedra, Camiño Portugués), o carballo de Santa Margarida (Pontevedra, Camiño Portugués), a «Pravia» de Vilalba (Vilalba, Lugo, Camiño do Norte) e

o castiñeiro de Baamonde (Begonte, Lugo, Camiño do Norte).

En 2006 publícase o libro *Árbores singulares de España* (Rigueiro Rodríguez, 2004), no que se recollen as mellores representacións arbóreas do territorio español.



O capítulo dedicado a Galicia, escrito por Antonio Rigueiro Rodríguez, describe exemplares de tanta importancia como o ciprés de Samos (Camiño Francés) ou castiñeiro de Baamonde (Camiño do Norte).

O Concello de Pontevedra publicou no ano 2006 un libro dedicado ao carballo da capela de Santa Margarida, escrito por Carlos Rodríguez Dacal, no que se recolle a historia deste monumental carballo, único sobrevivinte da época da carballeira dos Gafos. Ese mesmo ano publícase tamén o libro *Árbores leyendas vivas* (Domínguez Lerena, 2006), no que se realiza un interesante percorrido por algunha das árbores máis interesantes de España, entre elas o carballo de Santa Margarida (Camiño Portugués).



Portada do libro *Árbores e formacións senlleiras de Galicia* (Rigueiro Rodríguez et al., 2008)

O catálogo actual créase mediante o Decreto 67/2007, publicado o 22 de marzo no Diario Oficial de Galicia. Un anexo do decreto fai público o *Catálogo Galego de Árbores e Formacións Senlleiras*, no que se recollen 106 árbores e 21 formacións. Trátase dun catálogo inicial, provisorio e aberto. As 106 árbores catalogadas corresponden a 58 especies, 24 % autóctonas e o resto foráneas. Entre as exóticas a maioría proceden de América e Asia. As familias máis representadas son *Fagaceae* con 32 exemplares, *Taxodiaceae* con 10 e *Myrtaceae* con 8. As especies que achegan máis exemplares son *Quercus robur* (15 exemplares), *Castanea sativa* (8), *Eucalyptus globulus* (5), *Camellia japonica* (4), *Quercus suber* (4), *Cryptomeria japonica* (3), *Taxus baccata* (3) e *Magnolia grandiflora* (3).

O número total de especies das 21 formacións recollidas no catálogo son 15, 20 % autóctonas e o resto foráneas. Entre as exóticas a maioría proceden de Europa e Asia. As familias que achegan máis formacións son *Fagaceae* con 5, *Myrtaceae* con 4 e *Buxaceae* con 3. As especies máis representadas son *Buxus sempervirens* (3 formacións), *Eucalyptus globulus* (3), *Castanea sativa* (2), *Quercus robur* (2) e *Platanus x hispanica* (2).


Gran parte dos monumentos vexetais que recolleemos neste traballo, por atoparse nos camiños ou na súa contorna, están incluídos neste catálogo inicial e nas posteriores ampliacións.



No ano 2008, a Dirección Xeral de Conservación da Natureza edita o libro *Árbores e formacións senlleiras de Galicia*, escrito por Antonio Rigueiro Rodríguez, Gaspar Bernárdez Villegas e Carlos Rodríguez Dacal, con fotografías de Miguel Anxo Montero Vaz, no que se describen as árbores e formacións incluídas no catálogo.

O 3 de outubro de 2011 o Diario Oficial de Galicia recolle unha orde da Conselleira de Medio Rural pola que se actualiza o *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*. Nesta orde inclúense 41 novas árbores (18 en Pontevedra, 9 en Ourense, 4 na Coruña e 10 en Lugo) e 10 novas formacións (2 na Coruña, 5 en Ourense, 2 en Pontevedra e 1 en Lugo). Para esta ampliación abriuse un proceso de participación pública, mediante o que se revisaron case un milleiro de solicitudes procedentes de distintas institucións, asociacións, particulares, etc. Despois de visitar os exemplares, facer medicións e comprobar o estado sanitario, analizou as solicitudes o Comité das Árbores Senlleiras, órgano ao que correspondía, segundo o Decreto 67/2007, facer as propostas de inclusión de novas árbores e formacións no catálogo. Como vimos de comentar, nesta ampliación incluíronse 41 árbores (incremento de 38 %) e 10 formacións (incremento de 57 %), polo que o número total de árbores e formacións catalogadas pasou a 147 e 31, respectivamente.

Entre os novos exemplares e formacións aparecen monumentos vexetais recollidos no presente traballo por atoparse nalgún dos camiños de Santiago ou nas súas proximidades, son a araucaria de Carballeira (Pontevedra) no Camiño Portugués, a araucaria excelsa do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa, Pontevedra) e o salgueiro da braña de Xafardán (Vilanova de Arousa, Pontevedra) na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla, a sobreira de Loña (Ourense), o castiñeiro de Cerdedelo (Laza, Ourense), o carballo de Vi-



Laureiral da illa de Cortegada
(Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla)



latuxe (Lalín, Pontevedra) e carballo de Soutolongo (Lalín, Pontevedra) na Vía da Prata, a dicksonia do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla (Vedra, A Coruña) no Camiño de Inverno, o xinkgo de Vilaboa (Culleredo, A Coruña) no Camiño Inglés, o carballo de Portacal (Sobrado dos Monxes, A Coruña) no Camiño do Norte, a sobreira do Siador (Silleda, Pontevedra) no Camiño de Inverno, o teixo da Fontaneira (Baleira, Lugo) no Camiño Primitivo e a buxeda da illa de San Simón (Redonde-la, Pontevedra) no Camiño Portugués pola Costa.

En 2012, a revista galega de ecoloxía e medio ambiente CERNA publica o artigo titulado *Árbores senlleiras do país* (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012), no que analiza a situación do catálogo e o seu futuro. Nese mesmo ano, os mesmos autores publican na revista Recursos Rurais un artigo moito máis completo titulado *Árbores e formacións senlleiras en Galicia* (NW España) (Bernárdez Villegas & Rigueiro Rodríguez, 2012a), no que, entre outros aspectos, analizan as distintas ampliacións do catálogo e os grandes ausentes. Neste apartado, destaca o loureiral da illa de Cortegada, recollido na presente publicación por atoparse no Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla.

No ano 2014 a Revista Micolóxica MICOLUCUS, publica o artigo *Conservación de árbores y formaciones singulares en Galicia* (Rigueiro Rodríguez & Bernárdez Villegas, 2014) no que detallan algunhas medidas de protección para as árbores e formacións catalogadas en Galicia..

O 22 de xaneiro de 2015 publicouse o Decreto 10/2015, polo que se modifica o Decreto 67/2007, do 22 de marzo, que regula o *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*. Esta modificación ten como principal obxectivo simplificar o procedemento administrativo previsto para a catalogación e descatalogación destas árbores, modificar o réxime de protección preventiva para aplicar no momento de formularse unha solicitude de catalogación e axilizar o funcionamento do Comité das Árbores Senlleiras, non só no relativo ás súas funcións senón tamén nas previsións referidas ás súas reunións, deixando que sexa o propio comité o que determine a periodicidade de convocatoria no seu propio regulamento de funcionamento. Ese mesmo ano a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publica a resolución do 16 de setembro de 2015, da Dirección Xeral de Conservación da Natureza, pola que se fai pública a inclusión dun exemplar no catálogo. Trátase do cedro atlántico do Pazo do Hórreo, situado na Etapa Final do Camiño, en Santiago de Compostela.

No ano 2016, a Deputación Provincial de Pontevedra publica o libro *La magnolia de Valle-Inclán y el Pazo del Cuadrante* (Rodríguez Dacal, 2016) no que se analiza a historia desta singular magnolia plantada na entrada do Pazo do Cuadrante, en Vilanova de Arousa, Pontevedra. Este exemplar está descrito no presente traballo por atoparse no Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla.



No ano 2017 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publica a Resolución do 16 de maio de 2017, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se fai pública a inclusión de varios exemplares no catálogo. Nesta resolución inclúense 2 novas árbores ou grupos de árbores, o ombú do Castro (Vigo, Pontevedra, Camiño Portugués pola Costa) e as faias de San Xoán de Lagostelle (Guitiriz, Lugo).

A Orde do 22 de novembro 2017 da mesma consellería (DOGA, 2017b) actualiza o catálogo coa inclusión de catro árbores (un en Pontevedra, un na Coruña e dous en Ourense) e catro formacións (3 en Pontevedra e 1 en Lugo), algunhas delas aparecen na presente publicación porque se encontran nos camiños ou nas súas

Matusalén de camelias do Pazo de Castrelos
(Camiño Portugués pola Costa)



proximidades: sequoia da alameda do Campo da Estrela (Etapa Final, Santiago de Compostela), sobreiras do Faro (Oia, Pontevedra, Camiño Portugués pola Costa) e araucarias de Cambados (Cambados, Pontevedra, Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla). Ese mesmo ano, a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publica o libro *Árbores senlleiras de Galicia. Guía de viaxe* (Domínguez Lerena, 2017), no que se describen 50 árbores e formacións, tendo en conta criterios estéticos, culturais, dendrométricos e de rareza. Algunhas destas árbores están descritas no presente traballo: érbedo do Pazo de Mariñán (Bergondo, A Coruña) e



metrosideros excelso do xardín da Policía local da Coruña no Camiño Inglés; castiñeiro da Capela (Begonte, Lugo), carballo de Portacal (Sobrado dos Monxes, A Coruña) e freixo da Porta (Sobrado dos Monxes, A Coruña) no Camiño do Norte; xinkgo do Pazo de Fonseca na Etapa Final, Santiago de Compostela; retícula de oliveiras do Pazo de Santa Cruz (Vedra, A Coruña), sobreira de Siador (Silleda, Pontevedra), camelia reticulada do Pazo de Oca (A Estrada, Pontevedra) e fraga de Catasós (Lalín, Pontevedra) no Camiño de Inverno; palmeira do Senegal do xardín histórico de Padrón (A Coruña) no Camiño Portugués; ciprés mediterráneo da capela do Salvador (Samos, Lugo) no Camiño Francés; castiñeiro de Santa Eufemia (Baños de Molgas, Ourense) e castiñeiro de Cerdedelo (Laza, Ourense) na Vía da Prata; oliveira do paseo de Alfonso XII (Vigo, Pontevedra) e matusalén de camelias do Pazo de Castrelos (Vigo, Pontevedra) no Camiño Portugués pola Costa; carballo da capela de Santa Margarida (Pontevedra) no Camiño Portugués; eucaliptos do Pazo de Rubiáns (Vilagarcía de Arousa) na Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla.

No ano 2018 veu a luz un monográfico da Sociedade Española de Ciencias Forestais dedicado ás árbores senlleiras no que aparecen dous artigos dedicados a Galicia:

Árboles singulares de Galicia (Rigueiro Rodríguez & Bernárdez Villegas, 2018) no que se repasa a actualidade do catálogo galego e as árbores/formacións que o compoñen.

El catálogo gallego de arboles monumentales: los suplentes (Bernárdez Villegas, Rigueiro Rodríguez & Mosquera-Losada, 2018) dedicado a algunhas árbores e formacións que segundo os autores reúnen os méritos necesarios para seren incluídos no catálogo. Entre as árbores propostas algunhas están recollidas no presente documento, son os cedros do Atlas do parque Rosalía de Castro (Lugo, Camiño Primitivo), palmeiras canarias da casa de Oia (Lourenzá, Lugo, Camiño do Norte), carballeira e glicinia do Pazo de Brandeso (Arzúa, A Coruña, Camiño Primitivo) e o eucalipto da casa de Botana (Arzúa, A Coruña, Camiño do Norte).

No verán de 2018 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou a resolución do 2 de agosto de 2018, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se fai pública a inclusión dun exemplar e unha formación no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*. A árbore catalogada de xeito individual, o falso ciprés de Silvouta (Santiago de Compostela, A Coruña), atópase no Camiño de Fisterra e Muxía.

En 2019 a Consellería de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio publicou a resolución do 22 de marzo de 2019, da Dirección Xeral de Patrimonio Natural, pola que se fai pública a inclusión dun exemplar no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*.



Trátase da magnolia grandiflora da Casa da Picota en Lestedo (Boqueixón, A Coruña) no Camiño de Inverno..

Magnolia grandiflora da casa da Picota,
en Lestedo (Camiño de Inverno)



No ano 2019 saíu do prelo o libro publicado pola Deputación de Pontevedra *Xardíns históricos de Pontevedra* (Salinero Corral *et al.*, 2019). O libro céntrase en 20 xardíns históricos da provincia e repasa a súa historia, estilo, singularidades e catálogo florístico. No apartado de singularidades recóllense os exemplares arbóreos máis destacados de cada xardín, entre os que se inclúen aqueles que forman parte do catálogo galego ou, nalgúns casos, aqueles que aínda non foron catalogados pero reúnen méritos suficientes para formar parte deste selecto grupo segundo os autores da publicación. Entre as árbores e formacións descritas aparecen varias recollidas no presente traballo por atoparse nos camiños ou nas súas contornas: buxal, camelia reticulada, criptomera elegante e carreira dos tileiros do Pazo de Oca (A Estrada, Camiño de Inverno); cunninghamia, araucaria do Brasil e carballeira do parque de Caldas de Reis, araucaria de Carballeira en Pontevedra e cedros do Himalaia dos xardíns de Vicenti tamén en Pontevedra (Camiño Portugués); camelias



do Xapón, camelia sasanqua e tuia xigante do Pazo de Torres Agrelo en Redonde-la, casuarinas da alameda da praza de Compostela en Vigo e matusalén de came-lias, eucaliptos, faia e tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos, tamén en Vigo (Camiño Portugués pola Costa); alcanforeiros, eucaliptos, magnolias grandifloras e calocedros do Pazo de Rubiáns en Vilagarcía de Arousa, magnolia de Valle Inclán en Vilanova de Arousa e palmeiras de abano mexicanas e loureiros do Pazo de Feñiáns en Cambados (Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla).



No ano 2020, J. Gaspar Bernárdez Villegas defendeu a súa tese de doutoramento baixo a dirección de Antonio Rigueiro Rodríguez e Rosa Mosquera Losada, co título *As árbores senlleiras de Galicia. Diagnóstico da situación actual e proposta de liñas de actuación*. A tese é o resultado da revisión e estudo de máis de 1000 exemplares e formacións distribuídas por toda a xeografía galega, e inclúe todos os exemplares recollidos no presente documento, agás os carballos do Covelo (Xunqueira de Ambía, Ourense), atopados durante a realización dos traballos de campo para a presente publicación, na Vía da Prata.



METODOLOXÍA


No presente documento incluíronse os exemplares de árbores e formacións relevantes no contexto dos camiños de Santiago ao seu paso por Galicia. Moitos destes monumentos vexetais forman parte do *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* (Decreto 67/2007 e posteriores ampliacións), pero tamén se incluíron outros que non forman parte do citado catálogo pero teñen características dendrométricas, culturais, históricas, estéticas ou paisaxísticas que os fan sobresaíntes. Deste xeito, recóllense as árbores e formacións que os peregrinos e calquera outra persoa con interese no patrimonio arbóreo monumental de Galicia poden visitar sen distanciarse moito das rutas xacobeas, polo que os monumentos vexetais que se inclúen están nalgún dos camiños ou a unha distancia menor de tres quilómetros (algo máis nalgúns casos relevantes).

No caso de camiños que posúen tramos superpostos, as árbores e formacións descritas só foron incluídas nun dos itinerarios, para evitar duplicidades, estes camiños son:

- ✿ Camiño Portugués e Camiño Portugués pola Costa: o Camiño Portugués comeza en Tui e atravesa os concellos do Porriño, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón, antes de chegar a Santiago de Compostela. Pola contra, o Camiño Portugués pola Costa comeza na Guarda e segue por Oia, Baiona, Vigo, Redondela, Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón, antes de chegar a Santiago de Compostela. O tramo desde Redondela é común para os dous camiños, e neste caso, as árbores presentes nos concellos de Pontevedra, Caldas de Reis e Padrón, aparecen incluídas no Camiño Portugués.
- ✿ Camiño Portugués e Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla: o Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla pasa pola cara oeste da península do Salnés e pola cara este da península do Barbanza ata unírense en Catoira e continuar ata Padrón. As árbores descritas neste último concello aparecen incluídas no Camiño Portugués.
- ✿ Vía da Prata e Camiño de Inverno: a Vía da Prata atravesa o sur da provincia de Ourense ata unirse co Camiño de Inverno, que entra en Galicia pola comarca de Valdeorras e pasa polo sur de Lugo ata unírense ambas na comarca de Deza e Tabairós. As árbores descritas a partir desa comarca (A Estrada,

Silleda, Vedra e Boqueixón), están recollidas no capítulo dedicado ao Camiño de Inverno.

- 🌿 Camiño Francés, Camiño Primitivo e Camiño do Norte: O Camiño Francés e o Camiño Primitivo xúntanse en Melide, e esas dúas vías coinciden co Camiño do Norte a partir de Arzúa. No Camiño Francés incluíronse as árbores que se atopan neste itinerario desde a súa entrada en Galicia polo Cebreiro ata o concello de Portomarín (Lugo), mentres que as demais árbores que se atopan no tramo superposto destes camiños están descritas nos capítulos dedicado ao Camiño Primitivo e ao Camiño do Norte.



Distribución das árbores nos distintos Camiños de Santiago desde a súa entrada en Galicia.



CAMIÑO FRANCÉS

🚩 Lonxitude total dende Roncesvalles: 764 km.

No tramo galego saíndo do Cebreiro hai dúas variantes: por San Xil 154,7 km e por Samos 161,7 km.

Este é o itinerario máis popular e coñecido polo que pasan case todos aqueles que chegan dende Europa. O nome de Camiño Francés provén do nome que recibían os que cruzaban os Pirineos, «os Francos». Tres rutas atravesan o solo francés ata chegar aos pasos de Roncesvalles e Sompor nos Pirineos. Dende Sompor camíñase ata Puento la Reina, onde as variantes anteriores continúan pola mesma senda e atravesan Navarra, A Rioxa, Castela e León e Galicia ata Santiago de Compostela.

Esta ruta terá o seu momento de gloria durante a Idade Media. No século XII o libro V do Codex Calixtino, cuxa autoría se atribúe ao monxe Aymeric Picaud, describe o trazado dende os Pirineos ata o sepulcro de Santiago. Podémola considerar a primeira guía de viaxes medieval. Fai unha descrición das xentes, a comida e as infraestruturas de cada unha das etapas que atravesa este camiño, sendo un dos documentos clave para a recuperación da ruta Xacobeana en Época Contemporánea. Así describe o códice o tramo galego:

«Despois, pasada a terra de León e os portos de monte Irago e monte Cebreiro, atópase a terra dos galegos. Abunda en bosques, é agradable polos seus ríos, os seus prados e riquísimos pomares, as súas boas froitas e as súas clarísimas fontes; é rara en cidades, vilas e campos sementados. Escasea en pan de trigo e viño, abunda en pan de centeo e sidra, en gandos e cabalerías, en leite e mel, en grandísimos e pequenos peixes de mar; é rica en ouro e prata, e en tecidos e peles silvestres, e noutras riquezas, e sobre todo en tesouros sarracenos. Os galegos, pois, acomóndanse máis perfectamente que as demais poboacións españolas de atrasadas costumes ao noso pobo galo, pero son iracundos e moi litixiosos».

Hoxe en día aínda podemos apreciar parte do que no século XII se describía no Calixtino, só que agora cun maior crecemento das cidades e vilas, nas que aínda podemos atopar pegadas deste glorioso momento da peregrinación. Dende finais do século XX o camiño está a vivir un segundo rexurdimento da peregrinación, con



máis de 347 000 peregrinos chegados no ano 2019, que están a transformar as po-boacións polas que pasa para dar solucións ás necesidades de todos os viaxeiros.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: teixos do ce-miterio de Noceda (Folgozo do Courel), nogueira de Triacastela, castiñeiro de Ra-mil e castiñeiros de Vilavella (Triacastela), árbore das trompetas de San Eufrasio e carballo de Vilameá (O Incio), ciprés mediterráneo da capela do Salvador, castiñei-ro de Toca e castiñeiro de Vacorveiro (Samos) e castiñeiro da igrexa de Nespereira (Portomarín).

Outras árbores do Camiño Francés citadas e descritas en tramos coinciden-tes doutros camiños:

🌿 Camiño Primitivo:

Carballeira, teixos e árbore das trompetas do Pazo de Brandeso (Arzúa), piñeiro manso de Boente (Arzúa), cedros do Atlas do convento de Melide

🌿 Camiño do Norte:

Eucalipto e buxal da Casa de Botana e acivro e douglasia verde do Pazo de Casa-nova (O Pino)


Camiño Francés e localización das árbores descritas

10

7 5 3
9 8 6 4 2

1

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Teixos do cemiterio de Noceda	Cemiterio de Noceda	Noceda (San Pedro)	Folgozo do Caurel
2	Castiñeiros de Vilavella	Lugar de Vilavella	Santa María	Triacastela
3	Castiñeiro de Ramil	Ramil	Santiago de Triacastela	Triacastela
4	Nogueira de Triacastela	Praza da vila de Triacastela	Santiago de Triacastela	Triacastela
5	Castiñeiro de Vacorveiro	Aldea de Toca	Renche	Samos
6	Castiñeiro de Toca	Aldea de Toca	Renche	Samos
7	Ciprés mediterráneo da capela do Salvador	Mosteiro de Samos	San Xulián de Samos	Samos
8	Carballo de Vilameá	Vilameá	Santa María do Mao	O Incio
9	Árbore das trompetas de San Eufrasio	Igrexa de San Eufrasio (Santa María do Mao)	Santa María do Mao	O Incio
10	Castiñeiro da igrexa de Nespereira	Adro da igrexa de Nespereira	San Cibrao de Nespereira	Portomarín

**Cómo chegar:**

Entre Liñares e Hospital da Condesa cóllese a estrada LU-651 pola que se circula ata o desvío que indica Vilela e Noceda. Ao final desta atópase o lugar de Noceda e, na entrada do cemiterio, están os teixos senlleiros. Desde o alto do Poio, en Padornelo, a ruta tamén pode facerse camiñando por pistas forestais.



TEIXOS DO CEMITERIO DE NOCEDA

Concello:

Folgozo do Courel

Parroquia:

Noceda (San Pedro)

Lugar:

Cemiterio de Noceda

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

653044;4726691

A nómina de teixos monumentais no catálogo oficial é elevada e na actualidade están rexistrados sete exemplares de grandes dimensións. No cemiterio de Noceda, Folgozo do Courel, hai dous exemplares que non aparecen reflectidos en ningún dos traballos anteriormente publicados sobre arboredo monumental en Galicia. Comparando os datos dendrométricos destes monumentos vexetais cos catalogados obsérvase que só o teixo da Fontaneira ten maior circunferencia normal que un dos de Noceda, mentres que o outro exemplar ten un perímetro algo menor. Trátase dunha parella de teixos de fermosa feitura. Ambos medran nas proximidades da igrexa e cemiterio e presentan troncos robustos que se ramifican a baixa altura para formar copas redondeadas. Están localizados na entrada do cemiterio e no adro da igrexa, o que lles serviu para gozar da admiración popular.



Os veciños de Noceda coñecen os teixos do cemiterio como «O Teixo» e «A Teixa»

🌿 Especie:

Taxus baccata L.

Altura:

7,90 e 15,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

8,35 e 5,02 m

Diámetro da copa:

10,95 e 11,65 m

Idade estimada:

300-400 anos



Cómo chegar:

O exemplar encóntrase na avenida Camilo José Cela, no centro urbano da vila.

NOGUEIRA DE TRIACASTELA

Recollida no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras co código 162A

O tronco da nogueira de Triacastela, cun perímetro basal de 10,10 metros, amosa, ademais de cicatrices de pólas amputadas, a base rodeada por grandes nórregas e contrafortes que axudan a soste a súa diminuída copa. Medra inclinado e está completamente oco, cunha gran cavidade na base. A pesar de estar situada na praza da vila, á vista de todos os visitantes a este fermoso lugar, non existen rexistros previos que acrediten a existencia desta fermosa árbore, polo que non é posible certificar a idade que ten.

Concello:

Triacastela

Parroquia:

Santiago de Triacastela

Lugar:

Praza da vila de Triacastela

Coordenadas U.T.M. WGS 84):

643726;4735133

🌿 Especie:

Juglans regia L.

Altura:

9,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

9,60 m

Díámetro da copa:

8,35 m

Idade estimada:

300-400 anos





Cómo chegar:

A árbore sitúase no propio camiño ao seu paso pola poboación de Ramil, en Triacastela, a carón do indicador do quilómetro 139,591 do camiño.

CASTIÑEIRO DE RAMIL

Recollido no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras co código 160A

Trátase dun castiñeiro demoucado de imponente fuste, con numerosos contrafortes, nodosidades e protuberancias que contribúen a aumentarlle o perímetro. Aos case dous metros e medio de altura fórmase a cruz, cun par de brazos de grandes dimensións que conforman a copa após sucesivas ramificacións. A pesar de ter parte do fuste seco e algunhas crebaduras e cavidades nas ramas principais, presenta unha copa ampla e globosa, e móstrase como unha árbore forte e vigorosa.



Idade estimada:

A carón ten un cartel que indica que ten 800 anos, mais non podemos asegurar que teña esa idade

Concello:

Triacastela

Parroquia:

Santiago de Triacastela

Lugar:

Ramil

Coordenadas U.T.M.

(WGS 84): 644753;4735215



Especie:

Castanea sativa Mill.

Altura:

22,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

9,10 m

Diámetro da copa:

14,40 m





Cómo chegar:

Na estrada LU-633, antes de chegar a Triacastela, no PK 25, cóllese o desvío que indica Vilavella, a dous quilómetros de distancia, á dereita da pequena poboación, entre dúas fincas particulares encóntranse os tres monumentais castiñeiros.

CASTIÑEIRO DE VILAVELLA

Son tres exemplares de arquitectura e dimensións diferentes, entre os que destacan as dimensións dos fustes, con máis de nove metros de perímetro á altura do peito, sen que sexa posible medir esta circunferencia na base por atopárense os tres metidos entre un muro de pedra que divide dúas parcelas privadas. Os tres exemplares teñen unha gran concentración de tocos, verrugas e protuberancias nos troncos, que apenas diminúen de diámetro ata chegar á copa. Foron demoucados no pasado para renovar as copas, co fin de mellorar a produción de froito e obter «varas», termo usado para referirse ás enormes vigas que saen da cruz.

Concello:

Triacastela

Parroquia:

Santa María

Lugar:

Lugar de Vilavella

Coordenadas U.T.M. (WGS

84):

646158;4735657



🌿 Especie:

Castanea sativa Mill.

Altura:

17,40; 19,20 e 18,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


10,10; 9,20 e 9,80 m

Diámetro da copa:

17,90; 17,30 e 16,90 m

Idade estimada:

300 anos



**Cómo chegar:**

Desde Samos cóllese a estrada LU-P-5601 ata a poboación da Castiñeira. Desde aquí continúaase pola LU-P-2507 cara a Veiga, a medio camiño hai sinais que indican a igrexa de Santa María do Mao, fronte a que se encontra a singular árbore das trompetas.

ÁRBORE DAS TROMPETAS DE SAN EUFRASIO

A catalpa ou árbore das trompetas é unha árbore americana que está presente de xeito natural nos bosques de ribeira do sueste de EE.UU. O nome deriva da denominación que os nativos das zonas de Georgia e Carolina (EE. UU.) lle daban a esta planta, á que coñecían como kutuhlpa. O nome *bignonioides* fai referencia á semellanza das flores coas de *Bignonia*, coa que comparte familia (*Bignoniaceae*).

A árbore das trompetas de San Eufrasio medra sobre un tronco inclinado que parece querer afastarse da fachada da casa reitoral, diante da que se atopa. Non perde a súa condición monopódica ata a parte media do tronco, aínda que antes posúe algunha pequena ramificación. Ten unha copa alongada e de moi bela feitura.

**Concello:**

O Inicio

Parroquia:

Sta. María do Mao

Lugar:

Iglesia de San Eufrasio

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

636714;4729348

**🌿 Especie:***Catalpa bignonioides*

Walter

Altura:

16,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,20 m

Diámetro da copa:

10,60 m

Idade estimada:

100 anos





Cómo chegar:

Desde Samos tómake a estrada LU-P-5601 ata a poboación da Castiñeira. Desde aquí continúa pola LU-P-2507 ata a Veiga, e logo pola LU-641 uns 100 metros aproximadamente cara ao Incio, ata que á esquerda aparece un cartel que indica Temoi e Vilameá. Seguimos por esta pequena pista e ao final, chegando ao lugar de Vilameá, a man esquerda érguese o monumental carballo.

Concello:

O Inicio

Parroquia:

Sta. María do Mao

Lugar:

Vilameá

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

636730;4728461



Especie:

Quercus robur L.

Altura:

25,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,80 m

Diámetro da copa:

19,40 m

Idade estimada:

250-300 anos

CARBALLO DE VILAMEÁ

Trátase dunha árbore de grandes dimensións e fermosa arquitectura. O fuste atópase moi engrosado na base, con numerosas e grandes raíces superficiais como adaptación para ter maior estabilidade, xa que medra na parte alta dun noiro. Non comeza a ramificarse ata case dous metros de altura, aínda que carece dunha verdadeira cruz. A copa, de silueta globosa, fórmase pola sucesión de ramas arredor do tronco.

**Como chegar:**

O ciprés encóntrase no núcleo de Samos, á beira da capela que se anuncia co rótulo «Capela prerrománica, século IX».

CIPRÉS MEDITERRÁNEO

DA CAPELA DO SALVADOR

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 41A

Á beira da capela prerrománica do Divino Salvador de Samos encóntrase unha das árbores de máis sona de Galicia, non en balde xa aparece reflectida a súa figura no escudo da Real Abadía Benedictina, que data do século XVI. Ten un fuste cun perímetro normal de 3,30 metros, que medra dereito e sen ramificar ata case os oito metros de altura, onde comezan as primeiras ramificacións. A copa é de perfil piramidal e acada unha altura de 26 metros. Como dato negativo hai que anotar a presenza no fuste dunha malla de polipropileno que cobre unha cavidade provocada por un lume intencionado, no ano 1926, intentando escorrentar un enxame de abellas. A zona calcinada foi posteriormente cuberta con cemento para evitar a entrada da auga e das podremias consecuentes. Pese aos cuidados aos que foi sometido o exemplar, no ano 1941 un vendaval acabou por rachar unha póla de grandes dimensións, o que contribuíu a aumentar o tamaño da ferida cuberta na actualidade pola malla citada.

**Concello:**

Samos

Parroquia:

San Xulián de Samos

Lugar:

Mosterio de Samos

Coordenadas U.T.M.

(WGS 84):

637129;4732539

**Especie:**

Cupressus sempervirens L.

'Fastigiata' DC.

Altura:

25,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


3,33 m

Diámetro da copa:

4,70 m

Idade estimada:

Estímase que o ciprés ten 500 anos de idade aproximadamente, aínda que se fose plantado cando se construíu a capela sería milenario.





Como chegar:

Aproximadamente no PK32 da estrada LU-633 cóllese o desvío que indica Lusío. Déixase atrás esta pequena poboación e continúaase ata o final da vía, na pequena aldea de Toca. Na parte máis alta do lugar concóntrase este singular castiñeiro

CASTIÑEIRO DE TOCA

Exemplar de moi bela factura e grandes dimensións, demoucado a tres metros do chan aproximadamente. O fuste está moi engrosado, recuberto de verrugas, protuberancias e tocos que contribúen a aumentar a espectacularidade. Non ten unha cruz formada por grandes ramas, como é habitual nos exemplares de grandes dimensións demoucados, senón que a tres metros de altura aproximadamente un numeroso grupo de ramas novas medra con gran vigor para formar unha copa de reducidas dimensións.

Concello:

Samos

Parroquia:

Renche

Lugar:

Aldea de Toca

Coordenadas U.T.M.

(WGS 84):

641455;4731287

🌿 Especie:

Castanea sativa Mill.

Altura:

10,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

10,20 m

Diámetro da copa:

7,40 m

Idade estimada:

300 anos



**Como chegar:**

Aproximadamente no PK32 da estrada LU-633 tómase o desvío que indica Lusío. Déixase atrás esta pequena poboación e continúaase case ata o final da vía, na pequena aldea de Toca. Uns 200 metros antes de chegar a ese lugar, no paso sobre o rego Vacorveiro, hai que seguir por un camiño a man dereita. Encontraremos a 30 metros o monumental castiñeiro

Concello:

Samos

Parroquia:

Renche

Lugar:

Aldea de Toca

Coordenadas U.T.M.

(WGS 84):

641111;4731649



CASTIÑEIRO DE VACORVEIRO



Estamos ante un castiñeiro cun fuste excepcional, con máis de sete metros de perímetro á altura do peito. A súa arquitectura actual é consecuencia dos tratamentos culturais aos que foi sometido no pasado. A dous metros e medio de altura medra unha gran rama case en posición horizontal, perfilando unha figu-

ra moi pouco habitual nos exemplares desta especie. Aínda que no pasado foi obxecto de demoucas e podas severas, o goza dun estado de saúde e vigor que nos fai ser optimistas en canto á persistencia no tempo.

🌿 **Especie:**

Castanea sativa Mill.

Altura:

19,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


7,20 m

Diámetro da copa:

8,50 m

Idade estimada:

250 anos



**Como chegar:**

Na estrada LU-633, unha vez superada a poboación de Castromaior, a man dereita hai un cartel que indica Nespereira, a aproximadamente un quilómetro. Na entrada está a igrexa, e a carón desta fica o singular castiñeiro.



CASTIÑEIRO DA IGREXA DE NESPEREIRA

Este castiñeiro foi demoucado no pasado. O imponente fuste posúe numerosos contrafortes, nodosidades e protuberancias que contribúen a aumentar o perímetro. A dous metros e medio de altura fórmase a cruz, cun par de brazos de grandes dimensións, os que, tras sucesivas ramificacións, conforman a copa. A pesar de ter algunhas crebaduras e cavidades nas ramas principais, que fixeron minguar o volume, a copa é ampla e globosa, e o exemplar móstrase como unha árbore forte e vigorosa.

🌿 Especie:

Castanea sativa Mill.

Altura:

12,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

7,70 m

Diámetro da copa:

12,60 m

Idade estimada:

200-300 anos

Concello:

Portomarín

Parroquia:

San Cibrao de Nespereira

Lugar:

Adro da igrexa de Nespereira

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

604839;4744119





CAMIÑO DE FISTERRA E MUXÍA

🚶 Muxía-Fisterra 118,5 km

🚶 Fisterra-Muxía 117,6 km

A particularidade que fai este itinerario diferente aos demais é que o punto de partida é Santiago de Compostela e o destino final é Fisterra ou *Finis Terrae*, o fin do mundo en tempos dos romanos, o punto máis occidental de Europa. Considérase unha prolongación dos camiños xacobeos, xa que non remata na tumba do apóstolo.

A orixe pode incluso que a atopemos en culturas anteriores aos romanos, pois nesta ruta, e especialmente no final, os ritos pagás e relixiosos mestúranse.

Por unha parte está o desexo do peregrino de chegar ao fin do mundo, seguindo o rumbo do sol, cara ao oeste. Dende o cabo de Fisterra podemos admirar como o sol é devorado polas augas do océano Atlántico nun fermoso solpor. Sabemos por referencias de culturas celtas do norte acerca dos ritos da morte a través dos cales, cando unha persoa morría, mandaban o seu corpo cara ao sol, o sol que morre cada día no mar e volve renacer ó día seguinte. A experiencia do camiño tamén ten esta connotación de rito iniciático, transformador, é como se ao final da peregrinación renaceses sendo unha persoa nova. Dise da existencia dun altar *Ara solis* dos pobos que habitaron estas terras antes dos romanos. O ritual da posta do sol que para os antigos tiña un significado espiritual, continúa hoxe en día nas inmediacións do faro, como outro rito máis do camiño.

Por outro lado, está o sentido relixioso, no *Codex Calixtinus* (século XIII) aparecen historias que relacionan este territorio coa predicación do apóstolo e tamén coa chegada dos seus restos a estas terras, antes de os seus discípulos atoparen un lugar para soterrallo.

En Muxía é onde, segundo a tradición, a Virxe se aparece a Santiago para animalo a predicar en terras de tribos pagás. Ela chegou nunha barca de pedra, e dise que os restos desta barca se atopan na costa, ao pé do santuario da Virxe da Barca. Estas rochas tamén están relacionadas con ritos pagás.



Como vemos, todo este territorio está impregnado de gran espiritualidade. Os peregrinos achéganse a Muxía e a Fisterra e alí tamén realizan rituais de purificación, como bañarse nas augas do Atlántico ou queimar as botas unha vez finalizado o camiño.


É por isto que moitos viaxeiros consideran a costa de Fisterra o final do camiño.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: falso ciprés de Silvouta (Santiago de Compostela), camelia «pantalóns» do Pazo de Lens (Ames), carballo de Cores (A Baña), abeto grego e cedro do Líbano do IES Fernando Blanco (Cee).

Camiño de Fisterra e Muxía e localización das árbores descritas



Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Falso ciprés de Silvouta	Silvouta	Villestro (Santa María)	Santiago de Compostela
2	Camelia «pantalóns» do Pazo de Lens	Pazo de Lens	San Paio	Lens
3	Carballo de Cores	Cores	Barcala (San Xoán)	A Baña
4	Abeto grego do IES Fernando Blanco	IES Fernando Blanco	Santa María da Xunqueira	Cee
5	Cedro do Líbano do IES Fernando Blanco	IES Fernando Blanco	Santa María da Xunqueira	Cee



Como chegar:

Sáimos de Santiago pola estrada AC-542 en dirección Bertamiráns e na rotonda do punto quilométrico 2 tomamos a segunda saída, en sentido a Silvouta, poboación situada a 200 metros. Chegados a esta pequena localidade, o falso ciprés é visible desde calquera parte, polo que abonda seguirmos a silueta.

FALSO CIPRÉS DE SILVOUTA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 156A

Na separación entre dúas fincas de cultivo, rodeado dos postes de granito que formaban parte do sopote dunha antiga viña, encontramos este fermoso exemplar de ciprés de Lawson. Ten un tronco cilíndrico, de máis de tres metros de circunferencia medida á altura do peito, con casca de cores agrisadas e algunhas partes tinguidas de negro, seguramente polos efectos dunha fogueira próxima que non causou danos no exemplar. Aos 12 metros de altura ábrese en dous troncos case xemelgos que medran en paralelo ata o cumio da árbore, situado case a 27 metros de altura, formando unha copa de gran fermosura.



Concello:

Santiago de Compostela

Parroquia:

Villestro (Santa María)

Lugar:

Silvouta

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

532394;4746412

Especie:

Chamaecyparis lawsoniana
(A. Murr.) Parl.

Altura:

26,70 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


3,35 m

Diámetro da copa:

8,00 m

Idade estimada:

Entre 80 e 100 anos



**Como chegar:**

Desde Ames tomamos a estrada CP-0202 en dirección a Lens uns 3 quilómetros, ata o cruce coa vía CP-0201, onde viramos á esquerda, e a 200 metros atopamos o lugar de Lens, tamén á esquerda. No centro desta pequena localidade encóntrase o Pazo de Lens, en cuxo predio se atopa a monumental camelia.

Concello:

Lens

Parroquia:

San Paio

Lugar:

Pazo de Lens

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

525750;4751470

CAMELIA «PANTALÓNS» DO PAZO DE LENS

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 11A

Dentro do recinto amurallado do pazo, nunha situación privilexiada, a carón do estanque e sobre unha canle de auga, encóntrase a que se considera a camelia con maior biomasa do mundo. Aínda que non podemos verificar esta afirmación, é certo que nos atopamos ante o que é, sen dúbida, o maior exemplar da especie en Galicia entre todos cantos hai documentados. O perímetro na base do tronco acada os 3,50 metros e bifúrcase case dende a base en dous grandes brazos de aproximadamente 1,80 metros de circunferencia á altura do peito. Ambas pólas medran con gran verticalidade e chegan a superar os 12 metros de altura para formar unha copa ampla, globosa e de gran volume. Ten un porte maxestoso, xa que as primeiras pólas aparecen a unha altura que permite camiñar baixo da copa, algo pouco frecuente nos exemplares desta especie.

🌿 Especie:*Camellia japonica* L.**Altura:**

12,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,86 e 1,78 m

Diámetro da copa:

12,25 m

Idade estimada:

Entre 200 e 250 anos






Como chegar:

Circulamos pola estrada DP-5603 e antes de entrar na poboación de Zas tomamos o desvío á dereita que leva a Cobas. Seguimos esta pequena estrada ata o cruce coa AC-546 a 100 metros. O Pazo de Cores está á esquerda e na parte traseira o singular carballo.

CARBALLO DE CORES

Na fachada posterior e no exterior do recinto amurallado, na zona central dun gran prado, está situado este monumental carballo, rodeado dunha fermosa carballeira na que tamén podemos contemplar exemplares de grandes dimensións. A base está moi engrosada e nela é posible observar algunhas pequenas cavidades e podremias, case inevitables en exemplares de tan dilatada existencia. O tronco elévase con gran verticalidade ata a altura de tres metros, onde se divide en tres fustes de gran diámetro e que tras sucesivas ramificacións forman a copa, de grandes dimensións e cunha silueta ovado-globosa.



Concello:

A Baña

Parroquia:

Barcala (San Xoán)

Lugar:

Cores

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

519186;4752883

Especie:

Quercus robur L.

Altura:

26,30 m

Perímetro do tronco

(1,30 m):

5,15 m

Diámetro da copa:

25,40 m

Idade estimada:

200-300 anos





Como chegar:

O instituto atópase a carón da estrada comarcal AC-550, ao seu paso pola avenida Fernando Blanco de Cee.

CEDRO DO LÍBANO

DO IES FERNANDO BLANCO

A escasos metros do abeto grego descrito anteriormente está este enorme exemplar de cedro do Líbano. O fuste medra libre de ramaxe ata grande altura, sen por iso perder a condición de monopódico ata o tramo final, onde comeza a ramificarse. A copa, de grandes dimensións e perfil de parasol, fórmase pola sucesión de ramas no terzo superior da árbore, cubertas de cabriñas (*Davallia canariensis*). Este exemplar, xunto con outros exemplares de cedro do Atlas (*Cedrus atlantica* «*Glauca*») e un abeto do Cáucaso (*Abies nordmanniana*) marcan o teito das árbores neste fermoso xardín cuxa creación data de finais do século XIX.

Concello:

Cee

Parroquia:

Santa María da Xunqueira

Lugar:

IES Fernando Blanco

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

484767;4755861



🌿 Especie:

Cedrus libani A. Rich.

Altura:

25,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


3,95 m

Diámetro da copa:

16,55 m

Idade estimada:

100-125 anos

**Como chegar:**

O instituto atópase a carón da estrada comarcal AC-550, ao seu paso pola avenida Fernando Blanco de Cee.

Concello:

Cee

Parroquia:

Santa María da Xunqueira

Lugar:

IES Fernando Blanco

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

484767;4755862



ABETO GRIEGO DEL IES FERNANDO BLANCO

Nun parterre elevado de pedra, no interior do recinto do centro educativo, encóntrase o único exemplar de abeto grego de grandes dimensións vivo na actualidade na xeografía galega. O fuste ramifícase a moi escasa altura, pois a pouco máis dun metro xa está formada a galla na que se despregan as catro ramas principais, que foron máis no pasado, como se pode comprobar se atendemos ás distintas cicatrices de grandes dimensións producidas pola perda dalgunhas pólas importantes. A disposición radial das ramas que se conservan, ás que se suma a guía principal, debuxan unha ampla copa de contorna ovado-cupuliforme e de grandes dimensións. Gabeando polas ramas e embelecendo aínda máis o conxunto é posible observar cabriñas (*Davallia canariensis*), fentos epífitos situados sobre as ramas.



Existen algunhas dúbidas sobre a correcta identificación desta árbore, xa que algúns autores sosteñen que realmente se trata dun abeto branco (*Abies alba*). Nas visitas ao espazo non foi posible resolver estas dúbidas por non poder alcanzar ramiñas nin conos cos que facer unha correcta identificación, aínda que, en calquera caso, estamos ante un abeto monumental



🌿 **Especie:**

Abies cephalonica Loudon

Altura:

18,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

A un metro ramifícase en catro brazos de 2,25; 1,56; 1,53 e 1,96 metros.

Por enriba destas ramificacións, que xorden dun punto común, o fuste principal ten un perímetro de 2,70 metros.

Diámetro da copa:

17,80 m

Idade estimada:

100-125 anos





CAMIÑO INGLÉS

🚶 Percorrido desde Ferrol 112,5 km

🚶 Percorrido desde A Coruña 73 km

De todos os países do norte de Europa chegaban peregrinos por mar ata as costas peninsulares. Os dous portos de referencia eran Ferrol e A Coruña, e unha vez chegados a terras galegas os camiñantes continuaban a pé a viaxe ata Santiago. Estas dúas variantes conectan en Bruma, e desde aí continúan pola mesma senda.

Chegaban por estas rutas marítimas xentes procedentes das Illas Británicas, flamencos e mesmo dos países escandinavos. Tamén existen documentos que testemuñan que algúns peregrinos chegaban ata as costas francesas e dende alí continuaban polo Camiño Francés. Durante os séculos XIV e XV, por mor das guerras entre ingleses e franceses, a opción maioritaria foi desembarcar en terras galegas. A partir do século XVI a peregrinación inglesa practicamente desapareceu debido á ruptura entre a igrexa anglicana e a católica.

Evidencias da peregrinación atopámolas en ofrendas ao apóstolo, unha das máis famosas é o retablo portátil sobre a vida de Santiago, doado polo crego John Goodyear en 1456 á catedral compostelá, que se conserva no museo catedralicio.

A orde hospitalaria do *Santi Spiritus*, encargada de dar protección e acubillo aos peregrinos, tivo gran presenza nesta ruta, como constatan os hospitais en Ferrol, Neda, Miño, Paderne e Pontedeume.

Na Coruña o camiño parte, na actualidade, da igrexa de Santiago (s. XIII). Noutrora os peregrinos chegados ao porto acudirían a esta capela para continuar a pé o resto do traxecto.

Dende o século XVI foi unha vía practicamente esquecida, pero nos tempos actuais, grazas ao traballo das asociacións de amigos do camiño, comezou a súa recuperación, e hoxe en día é cada vez maior o número de peregrinos que a atravesan.



Relación de árbores que se describen e localización no camiño: metrosideros excelso do xardín da Policía local da Coruña, palmeiral canario dos xardíns de Méndez Núñez e olmos do xardín de San Carlos (A Coruña); xinkgo de Vilaboa (Culleredo); érbedo, eucaliptos, mirto e plátanos de sombra do Pazo de Mariñán (Bergondo); araucaria da illa de Norfolk da praza de Amboaxe (Ferrol); magnolia grandiflora de Santa Rita (Narón) e metrosideros excelso do xardín da torre de Andrade (Pontedeume).

Camiño Inglés e localización das árbores descritas



Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Metrosideros excelso do xardín da Policía local da Coruña	Cuartel da Policía local	A Coruña	A Coruña
2	Palmeiral canario dos xardíns de Méndez Núñez	Xardíns de Méndez Núñez	A Coruña	A Coruña
3	Olmos do xardín de San Carlos	Xardín de San Carlos	A Coruña	A Coruña
4	Xinkgo de Vilaboa	Vilaboa	Santa María de Rutís	Culleredo
5	Érbedo, Eucaliptos, Mirtos e Plátanos de sombra do Pazo de Mariñán	Pazo de Mariñán	Mariñán	Bergondo
6	Araucaria da illa de Norfolk da praza de Amboaxe	Praza de Amboaxe	Nosa Señora do Carme	Ferrol
7	Magnolia grandiflora de Santa Rita	Cuartel vello da Garda Civil	Narón	Narón
8	Metrosideros excelso da torre de Andrade	Xardín da torre de Andrade	Pontedeume	Pontedeume

**Como chegar:**

O cuartel da Policía local está situado no centro da cidade da Coruña, na rúa Tui.

METROSIDEROS EXCELSO

DO XARDÍN DA POLICÍA

LOCAL DA CORUÑA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 63A

O *pohutukawa*, como se lle coñece en maorí, asentado no medio do patio do cuartel da Policía local da Coruña, ten fama de ser a árbore desta especie de maior antigüidade de Europa. Algúns estudos sitúan a idade deste exemplar próxima aos catro séculos, aínda que este dato parece algo esaxerado. Sexa como for, estamos sen dúbida ante un valioso monumento vexetal. Para alcanzar 400 anos de idade tería que ser plantado mesmo antes de que James Cook chegase a Nova Zelandia.



Concello:

A Coruña

Parroquia:

A Coruña

Lugar:

Cuartel da Policía local

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

548863;4802767



O fuste ten un perímetro basal de case oito metros e ramifícase a moi baixa altura en tres ramas de grandes dimensións, que se abren rapidamente para formar unha copa moi ampla e de grandes dimensións. Un dos aspectos máis rechamantes desta espectacular árbore é a presenza de numerosas raíces aéreas, que conforman unha densa maraña de cores avermelladas que chega ao chan.



🌿 **Especie:**

Metrosideros excelsus
Soland. Ex Gaertn.

Altura:

18,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,86; 4,60 e 3,10 m

Diámetro da copa:

24,45 m

Idade estimada:

Entre 100 e 150 anos

Esta árbore acadou a máxima puntuación, e polo tanto foi considerada a máis valiosa, entre as incluídas no *Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia*, encargado no ano 1984 pola Dirección Xeral de Montes e Medio Ambiente Natural da Consellería de Agricultura da Xunta de Galicia.

Ata hai pouco tempo compartía o espazo cunha palmeira canaria, á que afogou coas súas raíces aéreas e da que se mantén como recordo o seu estipe morto, polo que as raíces do metrosidero baixan ata o chan. Na actualidade é a árbore dominante no recinto policial.



**Como chegar:**

Os xardíns de Méndez Núñez están na cidade da Coruña, entre a rúa Cantón Pequeno e a avenida Porto da Coruña.

PALMEIRAL CANARIO

DOS XARDÍNS

DE MÉNDEZ NÚÑEZ

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 13F

A palmeira canaria é unha árbore macaronésica moi utilizada como planta ornamental en parques e xardíns de Galicia, especialmente nas comarcas do litoral, de suave climatoloxía. A plantación orixinal do palmeiral, con case toda seguridade, se realizou na segunda década do século XX (algún autor a data no ano 1913); por tanto estamos ante un conxunto de palmeiras centenarias. Os xardíns están formados pola unión da Alameda, xardín de Méndez Núñez e A Rosaleda. Estes xardíns representan un dos espazos máis importantes e representativos da cidade da Coruña. As 71 palmeiras canarias que compoñen o palmeiral son moi semellantes en canto a idades, tamaño e forma dos exemplares. Todas se asentan sobre unha gran plataforma formada pola acumulación de raíces na zona basal, o que lles confire maior estabilidade fronte aos ventos. Os estipes medran con gran verticalidade e os exemplares de maior altura superan os 26 metros.

**Concello:**

Coruña

Parroquia:

A Coruña

Lugar:

Xardíns de Méndez Núñez

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

548465;4801858

🌴 Especie:

Phoenix canariensis Hort. ex Chabaud
Dendrometría dos dous exemplares máis destacados::

Altura:

25,80 e 26,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,75 e 3,42 m

Diámetro da copa:

6,85 e 6,85 m

Idade estimada:

A plantación das palmeiras comezou en 1913, polo que ten unha idade de 100 anos aproximadamente.

**Como chegar:**

O xardín de San Carlos atópase na cidade da Coruña, á beira da praza do Parrote

Concello:

A Coruña

Parroquia:

A Coruña

Lugar:

Xardín de San Carlos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

549359;4801938

OLMOS DO XARDÍN DE SAN CARLOS

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 21F

O xardín de San Carlos está situado na chamada «cidade vella» da Coruña, onde se atopaba o antigo baluarte coñecido como «fortaleza vella». No ano 1834, o entón gobernador da praza, Don Francisco de Mazarredo, transformouno no xardín actual, que se conserva como un evocador xardín romántico. Aquí está a mellor representación de olmos holandeses coñecida en Galicia. Trátase de dúas dúcias de árbores de robusto tronco que se elevan con gran verticalidade, polos tratamentos de poda aos que son sometidos para facilitar o tránsito baixo as súas copas e pola gran competencia que os olmos exercen entre si. Baixo a súa sombra encóntrase a tumba do xeneral John Moore que morreu en 1809 defendendo a cidade contra os franceses.

O olmo holandés (*Ulmus x hollandica*) é un híbrido entre o negrillo (*U. minor*) e o olmo de montaña (*U. glabra*).

Estas árbores están a desaparecer dos parques e xardíns galegos por mor da doenza mortal da grafiose, que tamén afecta as poboacións naturais galegas de *Ulmus glabra* e, sobre todo, ás naturalizadas de *Ulmus minor*.

🌿 Especie:

Ulmus x hollandica Mill.

Dendrometría de los dos ejemplares más destacados:

Altura:

27,70 e 26,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,32 e 3,39 m

Diámetro da copa:

17,50 e 23,05 m

Idade estimada:

Estímase que os lamigueiros teñen aproximadamente 150 anos



Como chegar:

Saímos de Culleredo pola vía DP-3109 en dirección A Coruña ata que, a un quilómetro, atopamos a estrada N-550, que tomamos á esquerda para inmediatamente chegarmos á poboación de Vilaboa. O xinkgo fica nunha parcela privada que na actualidade está abandonada, entre as rúas Irmandiños e Souto, fronte ao coñecido Pazo de Vilaboa.

XINKGO DE VILABOA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 121A

A palabra xinkgo provén do xaponés *ginkyô*, de *gin* (en chinés *yin*), que quere dicir «prateado», pola cor clara dos seus falsos froitos cando aínda son inmaduros, e *Kyo* (en chinés *hsing*), que quere dicir «pexegueiro», porque os falsos froitos do xinkgo parécense aos desta árbore, polo que a tradución sería «pexegueiro prateado». Biloba fai referencia aos dous lóbulos das follas. O nome popular de árbore dos corenta escudos débese ao prezo que pagou un



Concello:

Culleredo

Parroquia:

Santa María de Rutís

Lugar:

Vilaboa

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

550130;4795512

Especie:

Ginkgo biloba L.

Altura:

21,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,42 m

Diámetro da copa:

23,00 m

Idade estimada:

Estímase que o exemplar ten entre 125 e 150 anos





aficionado parisiense a un horticultor inglés pola compra de cinco xingkos ao prezo de corenta escudos cada un.

O xingko de Vilaboa atópase inmerso en medio dun predio abandonado na actualidade, polo que o acceso á árbore é bastante complicado. Sitúase en medio de enormes camelias, tuias, loureiros e mesmo un enorme, pero moi deteriorado, exemplar de sequoia xigante, o que dificulta a súa observación. Con todo, comparte espectacularidade co xingko de Fonseca (Santiago de Compostela). O tronco, cun perímetro basal de sete metros, redúcese ata catro e medio á altura do peito. Non se ramifica ata case cinco metros de altura, onde se forma a cruz, con ramas que medran por enriba das copas das demais árbores do espazo. Un dos aspectos máis rechamantes deste exemplar é a emisión no tronco de raíces aéreas, característica non atopada, polo de agora, en ningún outro exemplar desta especie na xeografía galega





PAZO DE MARIÑÁN

O Pazo de Mariñán, cunha superficie de 17 hectáreas, está situado nun amplo territorio coñecido como As Mariñas, en plena ría de Betanzos. As orixes da propiedade remóntanse ao século XV, cando se constrúe unha fortaleza e unha torre defensiva nos dominios de Gómez Pérez de Mariñas, nobre cabaleiro, de gran poder e influencia, da corte do rei de Castela Juan II. Esta construción foi obxecto de posteriores reformas ata a súa transformación en pazo, momento no que se incorporan fermosas escalinatas e balaustradas, ademais de fontes e xardíns, a mans de Diego José de Oca y Cardóniga, abandonando definitivamente o seu carácter militar no século XVIII.

No primeiro cuarto do século XIX, Juan José Caamaño e Pardo potencia a faceta xardinística do pazo, que vai sendo herdado de pais a fillos ata que Gerardo de Lán-cara, ao non ter descendencia, o doa en 1933 á Deputación da Coruña, que o transforma nun centro de cultura e ensinanza. En 1972, o pazo e os seus xardíns son declarados Conxunto Histórico-Artístico e Monumental.

O xardín está dividido en dúas metades que se estenden a ambos lados do xardín xeométrico de buxos, formando unha rede de paseos internos perpendiculares. O deseño do xardín xeométrico inclúe dezaseis cadros, que conteñen estrelas, flores, cruces, aneis e escudos, completando a obra de estilo francés desa parte do xardín de entrada o paseos de plátanos, baixo os que pasa unha sebe de buxos e se sitúan a casa do garda, o patio de armas, a capela e o embarcadoiro, axardinado con maticos florais.

«Los jardines de Bergondo son obra de la época de esplendor del pazo, siglo XVIII. Vencido el desnivel posterior de Bergondo por la escalinata, se extiende a su pie el jardín con sus cuadros de mirto, sus palmeras y su grandioso arbolado lateral, jardín que centra la avenida de cipreses, el naranjal, el bosque y la extensa pradería. Al fondo, la tranquila ría de Betanzos que besa todo a lo largo de los jardines y turban su tranquilo espejo las barcas del pazo que han desplegado del pabellón del embarcadero. El conjunto de los jardines y el pormenor que reproduce la estampa son de tal sabor italiano que parecen arrancados de una villa toscana o de la campiña de Roma»; con estas verbas describe o Marqués de Quintanar na obra *Los pazos gallegos* (1928-1933) os fermosos xardíns do Pazo de Mariñán.



O Pazo de Mariñán, tamén coñecido como Pazo de Láncara, Quinta de Bergondo, Pazo de Bergondo ou Casa de Láncara, constitúe un dos exemplos máis destacados da evolución histórica dos xardíns pacegos galegos, mostrando claramente a influencia das dúas grandes etapas da configuración destes espazos: a Ilustración, desde finais do século XVIII a comezos do século XIX, e o Romanticismo, con auxe na primeira metade do século XIX..

Como chegar:

Dende a praza do concello de Bergondo tomamos a estrada AC-164 en dirección Ferrol, a 200 metros, na rotonda, tomamos a primeira saída para enlazar coa vía AC-161 pola que atravesamos aproximadamente 200 metros ata o cruce, á esquerda, coa CP-0805. Seguimos por esta vía ata pasar baixo a autoestrada AP-9, e en fronte encontramos o Pazo de Mariñán.


Concello:

Bergondo

Parroquia:

Mariñán





 **Especie:**

Arbutus unedo L.

Altura:

8,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

0,80; 2,42 e 0,62 m

Diámetro da copa:


5,17 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

563662;4796487



ÉRBEDO DO PAZO DE MARIÑÁN

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 9A

Especie xeralmente arbustiva, aínda que en ocasións chega a acadar os 10 metros de altura. De follas simples, alternas, perennes e lustrosas, parecidas ás do loureiro, mais de bordo serrado e co pecíolo arubiado. Esta árbore chega a amosar a un

tempo flores e froitos, no outono, cando abren as flores novas e madurecen as bagas formadas polas flores do ano anterior, pois tardan dous anos en madurar. O érbedo de Mariñán é, sen dúbida, o de maiores dimensións de todos os coñecidos en Galicia. Cun perímetro na base do tronco superior a catro metros, ten o seu fuste principal seco e rodeado por tres brotes que actualmente forman a parte viva do exemplar. Estes novos fustes teñen un crecemento moi vertical, seguramente forzados pola competencia coas demais árbores da contorna para poder acceder á luz. A copa, moi diminuída pola presenza de numerosas ramas secas, consecuencia da idade, presenta unha forma alongada e irregular.





 **Especie:**

Eucalyptus globulus Labill.

Altura:

47,40 e 46,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

8,10 e 6,40 m

Diámetro da copa:

33,25 e 23,20 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

563662;4796487


EUCALIPTOS DO PAZO

DE MARIÑÁN

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 42A

Durante moitos anos considerouse que estes exemplares foran os primeiros eucaliptos plantados en Galicia, con sementes enviadas por frei Rosendo Salvado na segunda metade do século XIX, mérito que segundo outros compartían cos exemplares plantadas na capela do Anxo, en Tui, pero hoxe en día sábese que antes da viaxe do relixioso a Australia xa había eucaliptos cultivados en Ortigueira, dato que non resta mérito aos exemplares de Mariñán, nin por suposto aos tudenses. Trátase dunha formación composta por cinco exemplares

na entrada do pazo e outros dous no embarcadoiro. Porén, son dous os exemplares que gozan de maior sonda e popularidade, o eucalipto do patio de armas, situado na entrada do pazo, cun perímetro normal superior a oito metros e unha altura de máis de 47 metros, e o eucalipto do bosque ornamental, situado fronte á ría e ao embarcadoiro, cun perímetro normal de case seis metros e medio e unha altura próxima a 47 metros.



 **Especie:**

Myrtus communis L.

Dendrometría

dos dous exemplares

máis destacados:

Altura:

5,20 e 4,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,40 e 1,20 m

Diámetro da copa:

7,37 e 4,00 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

563694;4796521



MIRTOS DO PAZO DE MARIÑÁN

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 11F

O mirto é un arbusto de ata seis metros de altura, erecto e moi ramoso. Os talos novos teñen pelos e as ramiñas son de sección cadrada. As follas son simples, opostas e ovado-lanceoladas, agudas no ápice e atenuadas na base, perennes e con cámaras de aceites esenciais que se miran ao trasluz. As flores, bisexuais e pentámeras, son aromáticas e de cor esbrancuxada, e os froitos pequenas bagas de cor azul escura cando maduran. Trátase dunha especie común no sur de Europa, sobre todo nas costas mediterráneas, e escasa no sur de Galicia.

Diante da fachada sueste do pazo, como parte do xardín xeométrico, atópase un conxunto de nove exemplares de mirtos de distintas dimensións e morfoloxías. Os portes son baixos, como cabe esperar nunha especie arbustiva e con frecuentes tratamentos de poda. Ramifícanse desde a base en curtos fustes que rapidamente se volven ramificar, formando copas irregulares e globosas na maioría dos exemplares e a baixa altura. Quizais o máis rechamante sexan os seus troncos, retorcidos e moi ramificados, engalanados con casca de cores moi vivas e densamente cubertos de pequenos brotes con follas



 **Especie:**

Platanus hispanica Mill. ex Muenchh.
Dendrometría dos dous exemplares máis destacados:

Altura:

45,80 e 46,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,30 e 5,90 m

Diámetro da copa:

27,50 e 24,90 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

563661;4796470

PLÁTANOS DE SOMBRA DO PAZO DE MARIÑÁN

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 15F

Pese a tratarse dunha árbore cultivada en abundancia en España e en Galicia, en parques, rúas, prazas e mesmo nas ribeiras, en chans profundos e frescos, onde tamén é posible contemplala naturalizada, en Mariñán atópanse medio cento de exemplares con porte seminatural, xa que, aínda que foron podados no pasado, na actualidade cesaron estas prácticas culturais, polo que medran practicamente sen control. Cada individuo, pese a ser semellantes, ten as súas particularidades, na maior parte dos casos seguen unha estrutura común: tronco grosso e robusto que non se ramifica ata 4-6 metros de altura sobre do chan. Da cruz saen as ramas principias que medran verticalmente ata alcanzar alturas superiores a 45 metros. As pólas novas son colgantes, característica compartida entre os individuos vellos desta especie. Chama a atención nestas árbores a casca do tronco, parda e que cae en placas deixando ver a codia nova de cor crema amarelada.



**Como chegar:**

A praza de Amboaxe sitúase no centro urbano do concello de Ferrol.

ARAUCARIA DA ILLA DE NORFOLK DA PLAZA DE AMBOAXE

O nome *heterophylla*, do grego, quere dicir «varios tipos de follas», facendo referencia á diferenza entre as follas novas e as adultas. Esta especie foi descuberta polo mariño inglés James Cook, no ano 1774, nunha illa perdida no océano Pacífico, Norfolk, ao leste de Australia, onde descubriu espléndidos bosques desta especie, polo que foi denominado piñeiro da illa de Norfolk, aínda que non se trata dun piñeiro realmente.

A araucaria da praza de Amboaxe ten a base do fuste de contorno circular, aínda que non faltan os contrafortes que lle dan maior estabilidade. As ramas distribúense radialmente arredor do tronco de tal xeito que forman pisos, sendo as inferiores de maior lonxitude que as das zonas altas, de xeito que a copa amosa un fermoso perfil piramidal.

**Concello:**

Ferrol

Parroquia:

Nosa Señora do Carme

Lugar:

Praza de Amboaxe

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

561781;4814925

🌿 Especie:

Araucaria heterophylla (Salisb.) Franco

Altura:

32,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,15 m

Díámetro da copa:

14,40 m

Idade estimada:

125 anos



**Como chegar:**

Desde Narón tomamos a estrada AC-566 con dirección a Neda. A tres quilómetros aproximadamente chegamos á ponte sobre a ría de Ferrol, xusto antes de cruzala, á dereita, podemos contemplar a monumental magnolia.



MAGNOLIA GRANDIFLORA DE SANTA RITA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 58A

A magnolia de Santa Rita ten sona de ser un dos exemplares máis vellos de todos os cultivados na xeografía española. Ao parecer, foi plantada en 1795 despois de viaxar desde Berlín nunha pequena maceta traída polo embaixador de España en Alemaña.

A base do tronco posúe moitos e grandes contrafortes, característica que comparte cos demais exemplares maduros desta especie e cuxa misión principal é darlles estabilidade. Comeza a ramificarse a baixa altura, 1,20 metros aproximadamente, desde onde saen numerosos brazos que medran, nun primeiro momento, case paralelos ao chan. As sucesivas ramificacións posteriores contribúen a dar a característica forma en candelabro deste fermoso exemplar. A copa é de grandes dimensións e forma globosa, con algunhas ramas secas na parte superior

Concello:

Narón

Parroquia:

Narón

Lugar:

Cuartel vello da Gardia Civil

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

568674;4818753

**🚩 Especie:**

Magnolia grandiflora L.

Altura:

13,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,60 m

Diámetro da copa:

22,65 m

Idade estimada:

A magnolia foi plantada en 1795, polo que ten 225 anos


**Como chegar:**

O metrosidero atópase no xardín da torre de Andrade, no centro urbano de Pontevedra

METROSIDEROS EXCELSO DO XARDÍN DA TORRE DE ANDRADE

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 62A

Metrosideros procede do grego *metra*, que quere dicir «medula» e *sideros* «ferro», aludindo á dureza da madeira do seu tronco. *Excelsa* provén do latín *excelsus -a -um*, que quere dicir «alto», xa que é unha árbore de gran porte.

**Especie:**

Metrosideros excelsus

Soland. Ex Gaertn.

Altura:

25,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,50 m

Díámetro da copa:

17,05 m

Idade estimada:

Entre 100 e 150 anos

**Concello:**

Pontevedra

Parroquia:

Pontevedra

Lugar:

Xardín da torre de Andrade

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

567016;4806445

O metrosideros excelso é unha fermosa e corpulenta árbore sempre verde orixinaria das zonas costeiras de Nova

Zelandia, concretamente da illa norte, pois na illa sur aparece cultivado. O metrosideros ou Pohutukawa, como se lle coñece en maorí, da torre de Andrade aséntase sobre un pronunciado noiro de terra fortemente erosionado. É unha árbore de copa oval, densa, con numerosas raíces aéreas que colgan das pólas e tronco. As ramiñas e follas novas están cubertas por un denso feltro de pelos abrancazados. Follas opostas, elípticas, de base redondeada e pecíolo curto, densamente tomentosas no envés. A floración é espectacular, pois as flores amosan numerosos estames de cor vermella. Esta árbore xa aparecía no Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia (Xunta de Galicia, 1985).

CAMIÑO DE INVERNO

 Lonxitude de 235,6 km

O seu nome xa indica que probablemente foi escollido durante a época invernal polos peregrinos que chegaban polo Camiño Francés para evitar as neves do Cebreiro.

Esta ruta xa foi utilizada dende antigo polos romanos para entrar en Galicia e, ao longo da historia, por arrieiros, maragatos e distintos comerciantes que transportaban os seus produtos de Castela a Galicia e viceversa. Tamén foi a entrada das tropas francesas na incursión contra Galicia, no século XIX.

O seu trazado atravesas as 4 provincias galegas, seguindo un bo tramo do leito do río Sil, atravesando as Terras de Valdeorras, Ribeira Sacra e Comarca do Deza, ata confluír en Lalín coa Vía da Prata. En Ponferrada os peregrinos teñen que desviarse cara ás Médulas e Valdeorras. No traxecto podemos contemplar paisaxes espectaculares, como viñedos en socalcos na ribeira do Sil ou fermosas fragas de carballos e soutos de castiñeiros, con aumento na presenza de eucaliptos a partir de Lalín.

Está en fase de consolidación, xa que non foi ata o ano 2010 cando o goberno galego o recoñeceu como Ruta Xacobeas.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: cedros do Líbano da Portela (Vilamartín de Valdeorras); carballo de Cabreiros (Chantada); sobreira do Siador (Silleda); buxal, carreira de tileiros, camelia reticulada e criptomeira elegante do Pazo de Oca (A Estrada); camelia, dicksonia, ombú, carballo fastixiado, washingtonias robustas, tulipeiros de Virxinia, buxal, retícula de oliveiras e criptomera xaponesa do Pazo de Santa Cruz (Vedra) e magnolia grandiflora da casa da Picota (Boqueixón).

Outras árbores do Camiño de Inverno citadas e descritas en tramos coincidentes doutros camiños:

 Vía da Prata:

Carballo de Vilatuxe, carballo de Soutolongo e fraga de Catasós (Lalín).

Camiño de Inverno e localización das árbores descritas

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Cedros do Líbano da Portela	A Portela	San Xurxo	Vilamartín de Valdeorras
2	Carballo de Cabreiros	Cabreiros	Camporramiro	Chantada
3	Sobreira do Siador	A Saleta	San Miguel de Siador	Silleda
4	Buxal, Carreira de tileiros, Camelia e Criptomeria elegante do Pazo de Oca	Pazo de Oca	Oca (San Estevo)	A Estrada
5	Camelia, Dicksonia, Ombú, Carballo fastixiado, Washingtonias robustas, Tulipeiros de Virginia, Buxal Retícula de oliveiras e Criptomeria xaponesa do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	Pazo de Santa Cruz de Ribadulla	Santa Cruz de Ribadulla	Vedra
6	Magnolia grandiflora da casa da Picota	A Picota	Lestedo	Boqueixón





Como chegar:

Desde o Barco de Valdeorras, e seguindo as indicacións do camiño, chégase ata a localidade de Arcos. Desde aquí séguense as indicacions que levan á Portela, a 500 metros. Nesta pequena aldea atópase a parella de monumentais cedros



a construción da casa, en 1885, por orde de José García Camba y Vega, senador do rei Alfonso XII, polo que a súa idade se estima en 135 anos. No Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia (Xunta de Galicia, 1985), aparecen citados como cedros do Himalaia (*Cedrus deodara*), e a dicir verdade non se pode desbotar esta posibilidade pois o predio permanece pechado, o que impide a recollida de mostras dos exemplares coas que aclarar definitivamente esta dúbida.

Concello:

Vilamartín de Valdeorras

Parroquia:

San Xurxo

Lugar:

A Portela

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

662328;4699396

CEDROS DO LÍBANO

DA PORTELA

Son dous exemplares de excelente feitura. As ramas inferiores foron podadas polo que o fuste se atopa sen pólas ata oito ou dez metros de altura. A copa, de porte piramidal, fórmase pola sucesión de ramas arredor do tronco. Na base mostra numerosas raíces superficiais, por estar o chan compacto e para dotar de maior estabilidade os exemplares. Ambos cedros foron plantados durante



🌿 Especie:

Cedrus libani A. Rich.

Altura:

31,40 e 29,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,90 e 4,70 m

Diámetro da copa:

12,40 e 14,10 m

Idade estimada:

135 anos



Como chegar:

Desde a igrexa de San Pedro de Líncora, tomamos a estrada que leva á poboación co mesmo nome. Unha vez superada esta pequena aldea, tomamos o cruce que indica Vilar de Arriba e a medio camiño atópase o carballo senlleiro



Concello:

Chantada

Parroquia:

Camporramiro

Lugar:

Cabreiros

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

602869;4715144

plantas epífitas, entre as que destacan os couselos (*Umbilicus rupestris*), os polipodios (*Polypodium* sp.) e uvas de gato (*Sedum hirsutum*).



CARBALLO DE CABREIROS

Atopámonos ante un exemplar de tronco curto e moi robusto, cun perímetro medido á altura do peito próximo aos sete metros. A dous metros de altura ramifícase en catro grandes brazos que rapidamente se volven a ramificar ata formar a silueta dun candelabro. O exemplar, que foi demoucado no pasado, ten a copa ampla e vertical pola competencia coas demais árbores da contorna. Do tronco medran moitas

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Altura:

27,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):



6,85 m

Diámetro da copa:

21,10 m

Idade estimada:

250-300 anos

**Como chegar:**

Desde Silleda dirixímonos á estrada PO-201 en dirección a Laro. A 2 km, no lugar de Marco, desvíamonos á dereita cara ao santuario de Nosa Señora da Saleta, e a poucos metros atopamos a sobreira senlleira



SOBREIRA

DO SIADOR

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 138A

Situada nunha encrucillada de camiños, na beira dunha parcela e cercada por un valado de madeira encontramos a sobreira do Siador. Un exemplar de excepcionais características morfolóxicas. O tronco, completamente oco, amosa unha gran concentración de verrugas e protuberancias que se estende por todo o seu perímetro. A cruz fórmase a case tres metros de altura, onde o tronco se divide en dúas grandes ramas que, tras sucesivas ramificacións, acaban por formar unha copa aberta, case con forma de parasol e de grandes dimensións.

Concello:

Silleda

Parroquia:

San Miguel de Siador

Lugar:

A Saleta

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

562190;4725530

🌿 Especie:

Quercus suber L.

Altura:

16,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

8,06 m

Diámetro da copa:

23,20 m

Idade estimada:

Entre 200 e 300 anos



PAZO DE OCA


Aínda que a tradición nos fala de que neste lugar preexistía unha antiga fortaleza dende o século XII, os primeiros vestixios materiais que aínda hoxe subsisten datan de mediados do século XV, e son contemporáneos dos primeiros señores de Oca dos que existe constancia documental: Álvaro de Oca e o seu fillo Suero (Salinero Corral *et al*, 2018).

Coñecido popularmente como o «Versalles galego», o Pazo de Oca é unha propiedade señorial cuxa orixe se remonta a mediados do século XV, en tempos se Álvaro de Oca. Aínda que haberá que agardar ata o século XVIII para asistir á transformación da fortaleza en palacio, obra da que se encargan Andrés Gayoso Mendoza e o seu fillo, Fernando Gayoso Arias, a cuxo término se crean os xardíns, maravillosos e cunha gran variedade de estilos, entre os que destacan o renacentista, o barroco e o romántico. Esta ampla colección de xardíns complétase con hortas, fontes, estanques e estatuas que confiren ao espazo gran valor ornamental e paisaxístico. A orixe dos xardíns actuais remóntase ao século XVIII, cando o xardineiro do Palacio Real de Madrid, François de Vié, deseñou unha ampla remodelación dos xardíns para o que os dotou dun estilo máis natural (Salinero Corral *et al*, 2018).



A riqueza do xardín de Oca, de oito hectáreas de superficie, está baseada no mantemento da harmonía dos diferentes estilos históricos sen perder nunca o carácter primixenio de explotación hortícola. Nel conviven espazos propios dun xardín barroco do século XVIII con outros de paisaxismo do século XIX, todos eles rodeados de explotacións frutícolas, hortícolas e viveiristas, ademais do bosque circundante (11 ha), integrados perfectamente entre si, gracias á existencia dun conxunto de aliñacións e de estruturas vexetais que ao mesmo tempo unen e separan.

Concello:
A Estrada
Parroquia:
Oca (San Estevo)





Como chegar:

Desde A Estrada circulamos pola N-640 en dirección Silleda ata que atopamos o cruce coa PO-2017, viramos á esquerda para tomar esta última vía e xa atoparemos indicacións que nos levan ata o Pazo de Oca, situado á beira desta estrada.



BUXAL DO PAZO DE OCA

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 3F

Atópase na zona coñecida como «A Ría», pola presenza de fermosos estanques, unha das creacións máis significativas de buxal de Galicia, con máis dun centenar de plantas dispostas de forma paralela e aliñada, de tal xeito que forman unha sebe ao redor dos estanques. Son exemplares de grandes dimensións, pois foron plantados a unha distancia ampla que permitiu o seu desenvolvemento. Acadan unha altura de 15 metros e algúns teñen un perímetro normal de tronco de 1,5 metros. A súa aparición é coetánea co proxecto de axardinamento acometido con motivo da transformación da fortaleza do pazo na primeira metade do século XVIII.



Especie:

Buxus sempervirens L.

Dendrometría dos dous exemplares máis destacados:

Altura:

12,50 e 15,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,40 e 1,53 m

Diámetro da copa:

5,75 e 6,40 m

Idade estimada:

400 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

549503;4732766





CAMELIA RETICULADA

DO PAZO DE OCA

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 15A

 **Especie:**

Camellia reticulata Lindl.

Altura:

12,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,29 m

Diámetro da copa:

7,35 m

Idade estimada:

170 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

549513;4732768

No xardín xeométrico, detrás da capela de San Antonio, atópase un exemplar único na xeografía galega de camelia reticulada, que tamén é considerado o máis antigo e de maiores dimensións de España, pois non se coñecen outros de dimensións destacadas. Pertence á variedade 'Captain Rawes', de grandes flores vermellas. Trátase dunha especie orixinaria de China, sobre todo do suroeste, da provincia de Yunnan, onde medran silvestres. A base, con algunha podremia e suxeita por dous grandes parafusos para evitar que rompa, ten

un perímetro de case dous metros, que se vai reducindo ata 1,30 metros á altura do peito, o que dá boa conta das súas enormes dimensións, a pesar de ter perdido un dos seus brazos principais fai pouco tempo. A copa é redondeada e de gran tamaño.






CARREIRA DOS TILEIROS DO PAZO DE OCA

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 20F

Tilia deriva do grego *ptilon*, que quere dicir «á», e refírese á característica bráctea aplana e alongada que recorda unha á, formada na axila das follas e na que nacen as inflo-



rescencias primeiro e os froitos (carcérulos) despois. *Platyphyllos* é unha palabra composta do grego formado por *platys*, que significa «longo» e *filos*, que significa «folla». Fai referencia á anchura das follas, maior cá doutras especies de tileiros.

A formación, produto das reformas paisaxísticas de Francisco de Vié, está formada por medio centenario de tileiros dispostos en



dous corredores a ambos lados do paseo que leva o seu nome. Baixo os fustes dos tileiros, de excepcionais dimensións, tanto a nivel individual como de grupo, pois non atopamos na xeografía galega outra formación que reúna os atributos da situada no Pazo de Oca, hai unha fermosa sebe de buxos que delimitan o espazo interior da avenida, para conformar un lugar único e de singular beleza. No conxunto tamén hai algún tileiro prateado (*Tilia tomentosa*), por mor das reposicións feitas ao longo do tempo. A documentación e bibliografía existente di, entre outras cousas, que foi antigo camiño de acceso á casona residencial, dende o bosque, e que funcionou como hipódromo doméstico.

🌿 **Especie:**

Tilia platyphyllos Scop.

Dendrometría dos dous exemplares máis destacados:

Altura:

30,5 e 29,6 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,60 e 3,42 m

Diámetro da copa:

15,65 e 16,85 m

Idade estimada:

Estímase que os exemplares teñen 150 anos de idade

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

549523;4732778



CRIPTOMERIA ELEGANTE

DO PAZO DE OCA

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 36A



A criptomeria elegante é unha variedade da criptomeria xapónica que se diferencia polas abundantes follas aciculares, estreitas, brandas e longas, e unha copa densa que toma cor parda avermellada no inverno. A falta de fontes documentais ou referencias bibliográficas concretas, a observación dendrométrica permítenos afirmar que procede das plantacións de arboredo efectuadas dende a segunda metade do século XIX, co gallo do proxecto de ampliación dos espazos axardinados. Previsiblemente a súa chegada ao pazo tivo lugar no último terzo dese século.

Trátase dun dos exemplares máis relevantes da súa especie en Galicia e é unha árbore de excepcionais dimensións. O tronco está moi ensanchado na base, o que lle confire maior estabilidade, e medra con importante inclinación cara ao estanque. A cruz sitúase aproximadamente a sete metros de altura e, despois da perda dunha rama de grandes dimensións, está formada por dúas grandes pólas que volven ramificarse rapidamente, formando una copa moi ancha e de grandes dimensións.

🌿 **Especie:**

Cryptomeria japonica (L. f.) D. Don
'Elegans' (Henk. et Hoch.) Mast.

Altura:

31,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,38 m

Diámetro da copa:

14,75 m

Idade estimada:

150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

549503;4732766






PAZO DE SANTA CRUZ DE RIBADULLA

Ao amparo do Pico Sacro, na marxe coruñesa do río Ulla, sitúase este fermoso pazo. A súa historia remóntase ao século XVI, cando o cóengo da catedral de Santiago, D. Juan Ibáñez de Mondragón, adquiriu as propiedades que máis tarde se converterían no Pazo de Santa Cruz, coñecido daquelas como *Torre y el Casar de Ortigueira*. O cóengo, e máis tarde o seu sobriño, o cardeal Juan de Mondragón, ampliaron a propiedade, construíron a capela, arranxaron os edificios e trazaron o deseño do que hoxe en día é a posesión, con plantacións de oliveiras e vides.

As fontes, os estanques, o reloxo, a ferverza e a pérgola son algúns dos atractivos desta singular residencia pacega, que na actualidade pertence á familia de Alfonso Armada, marqués de Santa Cruz.

O seu contido florístico e valor como espazo axardinado e paisaxístico fan deste xardín o espazo botánico ornamental máis importante de Galicia para moitas persoas, e tamén é o lugar que maior número de rexistros achega ao *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* (DOGA 67/2007).





Nos xardíns deixou a súa pegada Iván Armada e Fernández de Córdoba (1845-1899), coñecido como «o tío Iván», que aumentou considerablemente as coleccións vexetais, gardando anotacións na que hoxe se coñece como «a libreta do tío Iván». Entre outras especies deu especial importancia ás camelias, e ata chegou a plantar varias á beira doutras xa existentes naquel entón, algunha delas con ata sete metros de altura xa daquela, polo que se calcula que puideron ser plantadas entre 1780 e 1820, sendo das plantacións de camelias máis antigas de Galicia.

«*Pocos, muy pocos parques y jardines botánicos públicos y particulares, sin exceptuar los de muchas capitales de primer orden, pueden ostentar tanta variedad, riqueza y hermosura, ni brindar con tanta magnificencia de naturaleza y arte*»; con estas palabras describe o ilustre enxeñeiro de montes Rafael Areses os xardíns do Pazo de Santa Cruz de Ribadulla no seu traballo *Itinerarios desde Lourizán*, publicado en 1951.

Concello:

Vedra


Parroquia:

Santa Cruz de Ribadulla



Como chegar:

Desde Vedra circulamos pola estrada DP-1202 ata o cruce coa AC-241, onde viramos á esquerda para continuarmos por esta vía ata achar as indicacións que nos conducen ao pazo.



CAMELIA DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 12A

Situada no paseo de magnolias e camelias, nunha aliñación que no pasado debeu ser unha sebe formada por camelias das que aínda se conserva unha boa representación de exemplares de grandes dimensións. O fuste, cunha gran fisura vertical desde o chan ata as primeiras ramificacións, ten un perímetro na base superior a dous metros e ramifícase en tres grandes brazos unha vez superado o metro de altura. A pesar de atoparse rodeada doutros exemplares de grandes dimensións exhibe unha copa de gran volume en perfecto estado de conservación.



 **Especie:**

Camellia japonica L.

Altura:

9,80 m

Perímetro d0 tronco (1,30 m):

1,15; 1,20 e 0,95 m

Diámetro da copa:

6,40 m

Idade estimada:

A pesar de non existir ningún documento que o confirme, estímase que a idade da camelia pode ser superior aos 200 anos.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

546892;4735534



DICKSONIA DO PAZO

DE SANTA CRUZ

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 119A

Trátase dun fento arborescente de crecemento lento (entre 1 e 10 cm por ano, segundo as condicións ambientais), nativo de Australia. O monumento vexetal está situado sobre un montículo de terra a modo de pedestal que mellora o seu campo visual e facilita a súa contemplación. O tronco é fibroso e encóntrase completamente cuberto de raíces aéreas e das bases das follas que van caendo. As follas ou frondes, de 1,5 a 2,5 metros de lonxitude, sitúanse na parte máis alta do tronco e forman unha coroa. Aínda que esta planta prefere vivir en situacións máis soleadas, no Pazo de Santa Cruz, baixo a copa de moitas árbores de maiores dimensións, medra vigorosamente, e son moitos os fillos deste monumental fento que naceron espontáneos polo xardín.

 **Especie:**

Dicksonia antarctica Labill.

Altura:

4,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,80 m

Diámetro da copa:

5,40 m


Idade estimada:

Foi plantado entre 1889 e 1896 procedente do mosteiro de Buçaco (Coimbra, Portugal), polo que ten sobre 130 anos.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547032;4735813





OMBÚ DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 68A

O nome do xénero procede do grego *phyton*, que quere dicir «planta», e do latín moderno *lacca*, do hindi *lakh* «resina ou tinguidura de orixe animal producida por un insecto», en alusión á cor carmín do mollo dos froitos. O epíteto específico

procede do latín *dioicus* -a -um, que quere dicir «dioico», en alusión a que as flores unisexuais de cada sexo están en plantas diferentes (hai árbores femia e árbores macho). O nome ombú ao parecer procede do guaraní *imboú*, e a denominación popular «bela sombra» fai referencia á agradable sombra da súa copa.



Non hai adxectivos para explicar a espectacularidade deste fermoso exemplar. Aséntase sobre unha gran plataforma da que xorden unha gran cantidade de ramas que medran con gran verticalidade e que, tras sucesivas ramificacións, conforman unha copa ampla e achaparrada, con forma de parasol ou de gran cogomelo. A pesar de ser unha especie cuxas pólas rompen con moita facilidade, porque a madeira é moi branda, este exemplar está san, vigoroso e conserva toda a súa integridade, cun porte especialmente chamativo. Se cadra, como única nota negativa, cómpre mencionar as cavidades que ofrece na plataforma basal, que non restan mérito e esta monumental árbore.

🌿 **Especie:**

Phytolacca dioica L.

Altura:

14,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

Aínda que non posúe un tronco único, senón que está formado por numerosas ramas de pequenas dimensións, o fuste de maior tamaño acada os 4,20 metros de perímetro normal

Diámetro da copa:

16,90 m


Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

553400;4799777





CARBALLO FASTIXIADO

DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 90A

O monumento vexetal sitúase na entrada ao viveiro, nunha localización privilexiada, con gran campo visual, sen competencia e maniféstase en todo o seu esplendor. Trátase do exemplar galego desta especie e cultivar de maiores dimensións. O tronco



cilíndro medra sobre un conxunto de contrafortes que contribúen a manter a súa estabilidade, sen ramificacións ata superados os dous metros de altura, onde comezan a aparecer un conxunto de ramificacións moi verticais que acaban por formar a copa deste fermoso exemplar, co porte en forma de columna característico desta variedade de carballo.

🌿 **Especie:**

Quercus robur L. 'Fastigiata' (Lam.)

Spach

Altura:

34,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,21 m

Diámetro da copa:

15,95 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547123;4735670



WASHINGTONIAS ROBUSTAS DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 106A

O nome de *washingtonia* foi posto en honra de George Washington (1732-1799), primeiro presidente dos EE. UU.

«Robusta» provén do latín *robustus -a -um*, e foille posto por ser a especie que acadada maior altura entre as palmeiras.

Parella de palmeiras case xemelgas con semellantes morfoloxías e datos dendrométricos. A base ten a casca fendida, polo desenvolvemento do sistema radical adventicio, e os estipes, nome co que se coñece ao tronco das palmeiras, son cilíndricos e dereitos, e medran con gran verticalidade ata a base da coroa, a copa das palmeiras, onde se sitúa o típico penacho de palmas en forma de abano.

🌿 **Especie:**

Washingtonia robusta H.Wendl.

Altura:

26,70 e 27,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,91 e 1,96 m

Diámetro da copa:

2,32 e 2,37 m


Idade estimada:

Estímase que ambos exemplares teñen entre 125 e 150 anos.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547123;4735670






TULIPEIROS DE VIRXINIA

DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 56A

Son dous exemplares con morfoloxía practicamente idéntica. Os troncos, con perímetros na base superiores a seis e sete metros,



respectivamente, posúen grandes contrafortes e exhiben raíces superficiais. Non se ramifican ata superar os catro metros e medio de altura, a partir de onde comeza a formarse as copa, de formas irregulares pola forte competencia que exercen as árbores que están preto deles, ata acadar o seu máximo desenvolvemento cara ao lado do estanque, onde non existe esta forte competencia espacial.

 **Especie:**

Liriodendron tulipifera L.

Altura:

46,20 e 42,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,54 e 5,20 m

Diámetro da copa:

26,95 e 26,25 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547123;4735670



BUXAL DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 2F

Os buxos están dispostos en avenidas ou dobres aliñacións desde o patio de entrada. O buxal atravesa o xardín reservado; comeza no estanque onde se encontran os tulipeiros de Virxinia e a bola do

mundo, e remata nos camiños que transcorren paralelos ao curso do rego da ferrenza. Como cabe esperar nunha formación con tantos exemplares, hai distintas morfoloxías, dendrometrías e estados sanitarios e de conservación, e destaca no conxunto algún exemplar de máis de doce metros de altura e con perímetros normais próximos a un metro.

Os buxos foron plantados en distintos momentos históricos da propiedade. Os exemplares máis antigos son os da avenida que vai paralela ao curso do rego, de finais do século XVII, mentres que os da dobre aliñación que conduce ao estanque puideron ser plantados no século XVIII.

 **Especie:**

Buxus sempervirens L.

Dendrometría de los dos exemplares máis destacados:

Altura:

12,40 e 14,35 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

0,80 e 0,65 m

Diámetro da copa:


7,95 e 8,05 m


Idade estimada:

Estímase que os exemplares teñen entre 200 e 300 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547123;4735670





RETÍCULA DE OLIVEIRAS DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 12F

A retícula de oliveiras do Pazo de Santa Cruz é a formación arbórea que achega un maior número de exemplares ao Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, con máis de 500. As oliveiras teñen sobre 500 anos de idade, xa que a súa plantación coincide coa creación do pazo, no século XVI. Encóntanse distribuídas nunha gran retícula formada por unha avenida ou dobre aliñación transversal da que saen





outras laterais, todas bordeadas por exemplares desta especie. En abril de 2015 unha das oliveiras gañou o premio AEMO (Asociación Española de Municipios del Olivo) á Mellor Oliveira Monumental de España. Na resolución do galardón destácase a importancia desta formación de especies de orixe mediterráneo en Galicia, unha rexión con clima máis atlántico.

🌿 **Especie:**

Olea europaea L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

15,20 e 16,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,10 e 3,90 m

Diámetro da copa:

13,30 e 13,75 m

Idade estimada:

Estímase que os exemplares máis
vellos roldan os 500 anos de idade

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547144;4735676





CRIPTOMERIA XAPONESA

DO PAZO DE SANTA CRUZ

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 34A

Trátase dun exemplar asentado sobre un robusto e corpulento tronco, cuberto de casca de cor avermellada que se desprende en tiras. Medra con gran verticalidade, amosando nas zonas medias e altas os restos das ramas

mortas pola poda natural do propio exemplar. Comeza a ramificarse unha vez superados os once metros de altura e forma unha copa de grandes dimensións. Un dos aspectos máis rechamantes é a base do tronco, ensanchada a modo de pata de elefante, o que lle confire estabilidade.

🌟 **Especie:**

Cryptomeria japonica (L. f.) D. Don

Altura:

35,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,95 m

Diámetro da copa:

11,65 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

547123;4735670



Como chegar:

Unha vez superada a vila de Boqueixón, séguense as indicacións do camiño ata a pequena aldea de Rubial, desde a que se toma a pista asfaltada cara a Troitimil, e desde aquí séguese pola travesía de Cusanca en dirección á N-525. A magnolia da Casa da Picota encóntrase a metade de camiño, no interior dun predio.



MAGNOLIA GRANDIFLORA

DA CASA DA PICOTA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 157A

Fermoso exemplar desta frondosa sempre verde orixinaria de América do Norte. En Galicia cultívase adoito en parques e xardíns



polo porte maxestoso, as follas grandes de cor verde brillante e as flores de gran tamaño e cor branca que ten. O tronco do exemplar catalogado é moi rechamante, pois está revestido de grandes contrafortes cilíndricos e bifúrcase unha vez superados os dous metros de altura, sen formarse unha verdadeira cruz, pois as ramas van aparecendo arredor dos fustes principais, o que orixina unha copa globosa e de grandes dimensións, xa que medra libremente pola ausencia de competencia espacial.

Concello:

Boqueixón

Parroquia:

Lestedo

Lugar:

A Picota

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

542771;4739657

🌿 Especie:

Magnolia grandiflora L.

Altura:

20,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,15 m

Diámetro da copa:

16,25 m

Idade estimada:

200 anos

RUTA DO MAR DE AROUSA E RÍO ULLA

Esta ruta rememora a chegada dos restos de Santiago O Maior dende Palestina ás costas de Galicia.

É unha ruta marítimo-fluvial que entra pola ría de Arousa, avanza polo río Ulla, pasa polas Torres do Oeste en Catoira e chega finalmente a Padrón. É así como o *Codex Calixtino* describe a «*Traslatio*», o traslado dos restos do apóstolo dende o porto de Jaffa ata Iria Flavia (Padrón en tempos dos romanos), atravesando todo o Mediterráneo e rodeando a Península, ata chegar ás terras onde, segundo a tradición, estivo predicando Santiago.

En Padrón, cuxo nome fai referencia ao «*pedrón*» ao que foi amarrada a barca, Atanasio e Teodoro, discípulos de Santiago, desembarcan o corpo do seu mestre para conseguirlle un terreo digno onde soterralo.

A sinalización deste itinerario marítimo fluvial desde a ría de Arousa ata o Ulla é un conxunto de cruceiros que forman de maneira excepcional o único *Via Crucis* marítimo que hai no mundo. A instalación destes cruceiros é recente, nos anos 60 do século XX, como recordatorio do paso lendario da barca que trouxo o corpo sen vida do santo. Dispuxéronse coa intención de que sexan vistos dende as augas, aínda que co paso do tempo a vexetación ocultou algún deles.

Navegando rumbo a Padrón poderemos gozar dunha das rías emblemáticas das Rías Baixas, polo seu tamaño, a máis grande de todas, e pola súa increíble beleza. Recíbenos á entrada a illa de Sálvora e ao longo da travesía pasamos por diferentes illas, rochosas unhas, como a de Noro, ou de perfil mais suave outras, como o Areoso, a illa da Toxa, Arousa e Cortegada, formando esta última, xunto con Sálvora, parte do Parque Nacional Marítimo-Terrestre das Illas Atlánticas.

Desde Padrón continúaase polo Camiño Portugués e estamos a tan só 25 km da catedral compostelá..

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: araucarias de Cambados, loureiros e palmeiras de abano mexicanas do Pazo de Fefiñáns (Cambados); salgueiros da braña de Xafardán e magnolia de Valle Inclán (Vilanova de Arousa); alcanforeiros, eucaliptos, magnolias e calocedros do Pazo de Rubiáns, taxodios do xardín de Artime e loureiral da illa de Cortegada (Vilagarcía de Arousa).

Outras árbores da Ruta do Mar de Arousa e Río Ulla citadas e descritas en tramos coincidentes doutros camiños:


 Camiño Portugués:

Palmeira datileira do mosteiro de Herbón, figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro e plátanos de sombra do paseo do Espolón e oliveiras do cemiterio de Adina (Padrón); palmeira do Senegal, castiñeiro de Indias, coroa de «Cristo», carballo fastixiado e sequoias vermellas do xardín histórico de Padrón (Padrón).

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Araucarias de Cambados	Casa da Francesa	Cambados	Cambados
2	Loureiros e Palmeiras de abano mexicanas do Pazo de Fefiñáns	Pazo de Fefiñáns	Santa Mariña	Cambados
3	Salgueiro da braña de Xafardán	Braña de Xafardán	San Miguel de Deiro	Vilanova de Arousa
4	Magnolia de Valle Inclán	Pazo do Cuadrante	San Cipriano de Vilanova de Arousa	Vilanova de Arousa
5	Alcanforeiros, Eucaliptos, Magnolias grandifloras e Calocendros do Pazo de Fefiñáns	Pazo de Rubiáns	Santa María de Rubiáns	Vilagarcía de Arousa
6	Taxodios do xardín de Artime	Xardín de Artime	Santa Eulalia e Nosa Señora da Xunqueira	Vilagarcía de Arousa
7	Loureiral da illa de Cortegada	Illa de Cortegada	Carril	Vilagarcía de Arousa

Camiño do Mar de Arousa e Río Ulla e localización das árbores descritas



**Como chegar:**

As araucarias atópanse no centro urbano de Cambados, na rúa San Gregorio.



ARAUCARIAS DE CAMBADOS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 34F

Extraordinaria parella de araucarias das que se podería dicir que son xemelgas. Plantadas moi preto unha da outra, comparten o espazo destinado ao patio da casa familiar, a escasos metros da liña de costa. A base dos fustes ten contorno circular e está rodeada de contrafortes que dan maior estabilidade a ambos exemplares. As ramas son verticiladas e distribúense radialmente arredor dos troncos, formando os pisos horizontais tan característicos desta fer-

Concello:

Cambados

Parroquia:

Cambados

Lugar:

Atópase no xardín dunha vivenda da zona antiga de Cambados, coñecida popularmente como casa da Francesa, na praza da Leña, preto do Pazo de Torrado e da praza do Concello.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

515218;4707244



🌿 **Especie:**

Araucaria heterophylla (Salisb.)

Franco

Altura:

30,80 e 28,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,30 e 2,85 m

Diámetro da copa:

10,65 e 10,85 m

Idade estimada:

100 anos

mosa especie.As pólas inferiores son de maior lonxitude que as das zonas altas, polo que as copas exhiben o característico perfil de forma piramidal desta árbore. Trátase de exemplares relativamente novos, de curta idade, pero teñen unha altura que permite observalas desde case calquera punto da vila de Cambados.





PAZO DE FEFIÑÁNS


A construción do Pazo de Fefiñáns comézase a finais do século XVI como ampliación dunha antiga torre medieval. Iníciase con Juan Sarmiento de Valladares, señor destas terras e valido do rei Felipe II, pero o grosu das obras terá lugar xa no século XVII con Gonzalo de Valladares, I Vizconde de Fefiñáns, e o seu fillo Fernando de Valladares, quen herdará o título e finalizará a construción cara ao ano 1670.



A gran praza de Fefiñáns era o antigo patio do pazo, e nela organizouse o mercado semanal ata mediados do século XX. Pecha a praza ao norte a igrexa de San Bieito, capela do pazo e panteón da familia, coas súas fachadas decoradas cos escudos dos vizcondes trala reforma que financiaron no século XVII. A lenda di que daquela o mar chegada preto das torres da igrexa e a praza continuaba aberta ata o porto de Fefiñáns, famoso polos barcos cargados de cítricos que saían das hortas do pazo.

Cruzando o portal sur encontramos o patio de armas, decorado cos escudos de armas. Unha gran figueira continúa a medrar diante das antigas cocheiras do pazo, hoxe adegas, e unha fonte de comezos do século XIX traía ata el a auga fresca que nacía nas hortas. Baixo a primeira planta da casa un pórtico cobre parte do claustro, e no seu extremo leste unhas escaleiras soben ata a parte posterior do outro lateral do pazo, comunicando coa ampla solaina.

Entrando pola adega percorremos un túnel de 50 metros aproximadamente, creado na década dos anos 30 do século pasado, que nos conduce a unha primeira estancia axardinada coñecida como «Horta do Pombal», aínda que na actualidade carece do elemento que no seu día lle deu o nome. Preside o espazo unha gran araucaria da illa de Norfolk (*Araucaria heterophylla*), no comezo dunha pequena avenida ou dobre aliñación composta por arbustos de flor, entre os que destacan as hortensias (*Hydrangea macrophylla*), filodendros (*Philodendron bipinnatifidum*), breixos (*Erica* spp.) ou roseiras (*Rosa banksiae* «Lutea», *R. rugosa*). Rodea estes parterres unha pequena sebe de buxos (*Buxus sempervirens*) podados a baixa altura.



Concello:
Cambados
Parroquia:
Santa Mariña

Como chegar:

A entrada do Pazo de Fefiñáns sitúase na praza de Fefiñáns, no casco urbano da vila de Cambados. Accedemos pola avenida Rosalía de Castro ou pola avenida de Vilagarcía.



LOUREIROS DO PAZO DE FEFIÑÁNS

O loureiro (*Laurus nobilis*) é unha planta empregada desde tempos remotos como condimento na cociña. Ademais deste aproveitamento tradicional vén sendo empregado desde hai moito tempo como planta para formación das sebes que separan as fincas e cultivos agrícolas, polo que a súa presenza nas Rías Baixas é frecuente. A carón da fonte central encontramos dous exemplares de máis de cen anos de idade que superan



en dimensións aos demais loureiros espallados pola xeografía galega. A súa morfoloxía é practicamente idéntica, con bases fortemente engrosadas para conferirles estabilidade fronte ao vento. A altura de aproximadamente 17 metros e o perímetro normal do tronco de case tres metros convérteos en exemplares excepcionais para a especie da que se trata.

🌿 **Especie:**

Laurus nobilis L.

Altura:

16,90 e 17,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,80 e 2,70 m

Diámetro da copa:

8,60 e 14,60 m

Idade estimada:

150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

515514;4707728



PALMEIRAS DE ABANO

MEXICANAS DO PAZO

DE FERFIÑÁNS

Palmeira orixinaria do noroeste de México e utilizada como árbore ornamental. É frecuente en aliñacións ou avenidas en lugares próximos ao mar, aínda que tamén resiste o frío. Compartindo espazo cos loureiros anteriormente citados hai unha parella de palmeiras case xemelgas nas que destaca a súa grande altura, que as fai sobresaír no medio das demais árbores do xardín. Os troncos aséntanse sobre anchas bases e os estipes son nús, dereitos e moi verticais. A coroa foliar sitúase superados os 23 metros de altura e está formada polo clásico penacho de palmas en abano (follas). O perímetro normal do tronco achégase aos dous metros.

 **Especie:**

Washingtonia robusta H.Wendl.

Altura:

24,50 e 22,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,70 e 1,85 m

Díámetro da copa:

2,70 e 2,85 m

Edad estimada:

130 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

515514;4707728





Como chegar:

En Vilanova de Arousa tomamos a estrada PO-302 durante un quilómetro ata cruzarnos coa PO-549. Aí collemos en dirección a Cambados ata que, a 500 metros, nos incorporamos á PO-530, á nosa esquerda. Se seguimos por ela chegamos ao polígono industrial de Tremoedo, a catro quilómetros, e na primeira rotonda tomamos a segunda saída, a EP-9005, pola que continuamos 400 metros ata que á nosa dereita atopamos unha pista asfaltada pola que teremos que circular 300 metros aproximadamente para chegar ata a braña de Xafardán.

Concello:

Vilanova de Arousa

Parroquia:

San Miguel de Deiro

Lugar:

Braña de Xafardán

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

517446;4718590

SALGUEIRO DA BRAÑA DE XAFARDÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*

Senlleiras co código 140A

A carón dunha gran poza de auga de orixe artificial, que favorece o crecemento desta árbore fretófila, atópase un salgueiro cunha morfoloxía moi característica. Dende unha base moi engrosada emerxen a escasa altura, case desde o chan, cinco grandes brazos que se dispoñen radialmente, e que se abren en todas as direccións para formar unha copa moi ampla, globosa e achaparrada, que pasa desapercibida mesturada entre os demais salgueiros da contorna. Ao seu carón, mesturando os seus brotes coas ramas do salgueiro medra unha densa poboación de canas de bambú negro (*Phyllostachys nigra*), especie exótica invasora nativa da provincia china de Hunan.





🌿 **Especie:**

Salix atrocinerea Brot.

Altura:

10,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,10; 2,05; 2,42; 1,90 e 1,82 m

Diâmetro da copa:

17,70 m

Idade estimada:

80 anos



**Como chegar:**

A casa-museo encóntrase no centro de Vilanova de Arousa, entre a rúa Divinas Palabras e a rúa Luces de Bohemia.



MAGNOLIA DE VALLE INCLÁN

A monumental magnolia medra na parte xeométrica do xardín primitivo, do século XIX, do Pazo do Cadrante, acompañada por sebes de buxo (*Buxus sempervirens*), un teixo (*Taxus baccata*), unha michelia (*Magnolia figo*), unha árbore de Xúpiter (*Lagerstroemia indica*) e catro exemplares de camelia (*Camellia japonica*). A base do exemplar está rodeada dunha maraña de raíces que están ao descuberto, formando un pé moi rechamante, revestido de grandes contrafortes que ascenden verticais, a maneira de pilares, desde o chan ata a cruz, que se forma a unha altura de 3,90 metros, onde nacen grandes brazos, algúns dos cales medran inicialmente paralelos ao chan, orixinando unha característica ramificación en candelabro.

Concello:

Vilanova de Arousa

Parroquia:

San Cipriano de Vilanova de Arousa

Lugar:

Pazo de Cuadrante

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

514289;4712530



Esta árbore xa se citaba no *Inventario de Árboles Sobre-salientes de España* (ICONA, 1975) e no *Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia* (Xunta de Galicia, 1985), pese ao cal non está incluído no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* (Decreto 67/2007).

🌿 **Especie:**

Magnolia grandiflora L.

Altura:

14,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


3,60 m

Diámetro da copa:

16,60 m

Idade estimada:

200 anos






PAZO DE RUBIÁNS

A orixe da Casa de Rubiáns hai que busca na Idade Media, cando no século XII a familia Caamaño, titulares da casa de Noia, se establece na beira oposta da ría, no estuario de Arousa. A principios do século XV, en 1411, Don García Caamaño constrúe alí a súa residencia.

En 1535 escíndense as casas de Noia e Rubiáns, e Felipe II concédelle á familia García Caamaño o título de Marqués de Rubiáns, cedéndolle os territorios de Santa Baia de Airalonga. Ao redor desta familia foise creando o que nun principio era un burgo mariñeiro, e máis adiante daría lugar á Vila de García, os cimentos da actual Vilagarcía de Arousa, que adoptou o escudo da familia, onde se observa o piñeiro coas dez lanzas.

Crese que o primeiro intento de ornamentación realizado na propiedade tivo lugar en 1714, cando o edificio primitivo se transformou nunha casa señorial. O estanque da ra, co seu enreixado e cenador, unidade arquitectónica decorada con vides e mirtos, é a estrutura máis importante do xardín primitivo que aínda se pode




gozar na actualidade. As descrições dadas polo marqués de Quintanar e pola marquesa da casa Valdés son as únicas referencias indirectas que nos indican que esta propiedade e xardíns foron restaurados en 1768.

Os primeiros informes sobre as plantas ornamentais que crecen na propiedade remóntanse á época de Juan María Ozores Valderrama, da que quedaron listaxes de plantas e cartas escritas nos anos 1812 e 1813 e conservadas pola actual propietaria do pazo. Segundo esta fonte, estas plantas foron traídas do veciño Pazo da Golpelleira. Unha carta asinada por Manuel Rubiáns di que foron plantadas polo xardineiro do Pazo da Golpelleira e que algunhas que crecían xunto ao estanque da ra foron substituídas.

Na actualidade conta con 68 hectáreas de extensión e a súa superficie distribúese en tres espazos: o xardín, a leira e o arboredo. En maio de 2015 foi recoñecido como Xardín de Excelencia Internacional de Camelias pola Sociedade Internacional da Camelia, xa que, ademais das numerosas árbores monumentais que atopamos nos seus xardíns, tamén é posible observar neles 800 variedades de camelias.

En 1930, Dolores Urcola, axudada polas súas fillas, deseñou e creou un xardín de labirinto xeométrico bordeado polo antigo cinto de árbores, que aínda se conserva e se pode contemplar na actualidade.





Concello:
Vilagarcía de Arousa
Parroquia:
Santa María de Rubiáns

Como chegar:

Desde Vilagarcía tomamos a avenida das Carolinas ata enlazar coa N-640A, pola que circulamos un quilómetro aproximadamente ata chegarmos á rúa do pazo, á nosa esquerda, e a 300 metros do cruce chegamos ao Pazo de Rubiáns, situado á esquerda.



 **Especie:**

Cinnamomum camphora (L.) Siebold

Altura:

20,10 e 14,80 m

Perímetro do tronco

(1,30 m):

3,85 e 2,44 m

Diámetro da copa:

23,20 e 11,75 m

Idade estimada:

Entre 120 e 140 anos

Coordenadas U.T.M.

(WGS 84):

521887;4714175

ALCANFOREIROS DO PAZO DE RUBIÁNS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 32A

Cinnamomum, o seu nome clásico grego, provén de *Kin-namon* ou *Kinnamomon*, que significa «madeira doce». *Camphora*, do grego clásico *kamphora* «alcanfor». No pontevedrés Pazo de Rubiáns crecen varios alcanforeiros, árbores pouco comúns na xeografía galega.

O exemplar de maiores dimensións, situado entre o viñado e a carballeira, ten algo máis de 23 metros de altura e amosa un robusto tronco cuberto de casca agretada e dividida en placas. Está asentado sobre una gran plataforma basal formada polos

cordóns radicais, que confiren estabilidade ao exemplar e aparecen na superficie por atoparse o chan algo compacto nesa zona. As ramiñas novas son de cor amarelenta e as xemas están cubertas por escamas. As follas son semellantes ás do loureiro, se ben non son tan ríxidas e teñen cor verde clara, son aromáticas e bastante relucentes e vistosas. As flores están agrupadas en inflorescencias axilares, máis curtas que as follas. O froito é globoso, a modo de oliva, e non chega a 1 cm de diámetro. Aproximadamente a tres metros de altura comeza a ramificarse, con moitos brazos que se abren en todas as direccións, formando unha copa ampla e de grandes dimensións.





🌿 Especie:

Eucalyptus globulus Labill.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

56,50 e 57,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

10,60 e 12,40 m

Diámetro da copa:

27,25 e 27,70 m

Idade estimada:

140 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

521937;4713935

EUCALIPTOS DO PAZO DE RUBIÁNS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 8F

Conxunto de 13 exemplares de grandes dimensións, con troncos que medran sobre grandes promontorios basais, engrosados a modo de contrafortes ou de pata de elefante, que confiren ás árbores maior estabilidade. A competencia que os propios eucaliptos exercen entre si provocou que a maior parte deles alcanzasen grandes alturas, comparables nalgúns exemplares coas dos famosos eucaliptos de Chavín (Viveiro, Lugo), considerados entre os de maior altura da xeografía galega e española. No grupo de eucaliptos que medran neste pazo destacan dous, que amosan fustes realmente excepcionais, con fustes de diámetros comparables aos dos maiores castiñeiros demoucados da nosa xeografía. O tronco dun deles é o de maior



volumen entre os eucaliptos galegos coñecidos, pois a súa circunferencia basal achégase ós 16 m, se ben esta medida redúcese rapidamente ata a altura do peito. As copas son impresionantes polo seu tamaño e forma, aínda que non faltan descascamentos, testemuñas de ramas tronzadas, podremias e ramaxe seca.



MAGNOLIAS GRANDIFLORAS DO PAZO DE RUBIÁNS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 59A

Aínda que en Galicia crecen varios exemplares monumentais desta especie de magnolia, as do Pazo de Rubiáns posúen unha característica que as diferencia das demais, pois as primeiras ramas medran de forma radial, arredor do tronco e cara abaixo, apoiándose finalmente no solo, presentándose íntegras e con dendrometrías sobresaíntes. Os troncos, moi engrosados na base polos cordóns radicais que sobresaen do terreo, medran con gran rectitude ata a cruz, situada aproximadamente a catro metros de altura. Teñen as ramificacións distribuídas de forma radial, o que contribúe a formar as características copas globosas, amplas, bastante regulares e de grandes dimensións.

 **Especie:**

Magnolia grandiflora L.

Altura:

19,40 e 18,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,25 e 4,92 m

Diámetro da copa:


19,20 e 18,70 m

Idade estimada:

Entre 175 e 200 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

521937;4713935





CALOCEDROS DO PAZO DE RUBIÁNS

Calocedrus procede do grego *kalos*, que significa «belo, fermoso» e *Cedrus* «cedro», polo seu fermoso porte. O latín *decurrens* «decorrente», fai referencia ás súas follas decurrentes, imbricadas, dispostas como as tellas dun tellado.

Conxunto formado por catro exemplares de grandes dimensións. As bases dos troncos están provistas de grosos contrafortes que non desfiguran moito o seu contorno circular. Os troncos forman a cruz a máis de cinco metros de altura, ramificándose en potentes brazos, algúns dos cales comeza o seu crecemento horizontalmente, paralelo ao chan, erguéndose despois para configurar a característica arquitectura da copa en forma de candelabro. As súas ramiñas son aplanadas e están cubertas de follas imbricadas, de cor verde que torna a parda avermellada. As copas son equilibradas e o aspecto xeral moi bo.

🌿 **Especie:**

Calocedrus decurrens

(Torr.) Florin

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

31,30 e 36,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,05 e 4,55 m

Diámetro da copa:


10,02 e 14,95 m

Idade estimada:

100-125 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

521887;4714175



**Como chegar:**

En Vilagarcía de Arousa tómase a estrada N-548 (avenida Rosalía de Castro) en dirección a Carril, e antes de saír do núcleo urbano, fronte ao parque de Compostela, atoparemos os xardíns de Artime, onde medran os cipreses calvos catalogados.

TAXODIOS DO XARDÍN DE ARTIME

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 100A

Grupo formado por cinco exemplares de ciprés calvo, conífera orixinaria de América do Norte, único na nosa xeografía en canto ao tamaño dos exemplares, entre os que destaca o situado fronte á fachada

**Concello:**

Vilanova de Arousa

Parroquia:

Santa Eulalia e Nosa Señora da Xunqueira

Lugar:

Xardín de Artime

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

519292;4717345

do edificio principal, ao final do paseo, seguramente entre os de maiores dimensións da xeografía española. O singular taxodio aparece ao fondo do paseo central, xunto a magnolias e camelias, fronte ao edificio residencial. Suponse que a plantación do taxodio tivo lugar a finais do XIX, polo que



🌿 **Especie:**

Taxodium distichum
(L.) Rich.

Dendrometría dos
exemplares máis destacados:

Altura:

33,90 e 34,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,40 e 4,05 m

Diámetro da copa:

15,40 e 14,75 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

a idade da árbore monumental vai camiño do século e medio. A conífera fíxose coñecida a través do libro de D. Rafael Areses Vidal (1953) sobre parques e xardíns pontevedreses.

Quizais un dos aspectos máis rechamantes do exemplar sexan os «neumatóforos», raíces aéreas que saen á superficie para o intercambio gasoso, xa que na súa área orixinal, sueste dos Estados Unidos, esta especie, tamén chamada ciprés dos pantanos, medra en medio dos pantanos, polo que as raíces están mergulladas.



Como chegar:

En barco desde o peirao de Vilagarcía ou o de Carril.



LOUREIRAL DA ILLA DE CORTEGADA

Trátase dunha formación cuxa orixe parece derivar do espallamento dos loureiros das sebes que separaban os terreos de cultivo que foron abandonados despois da expropiación da illa para a posterior doazón ao rei Alfonso XIII en 1907. Aínda tratándose dunha masa dominada claramente polos loureiros, hai que destacar a presenza de lianas como chuchamel (*Lonicera periclymenum*), silvas (*Rubus ulmifolius*), uvas de can (*Tamus communis*) ou hedras (*Hedera hibernica*), aínda que esta última tamén actúa como tapizante cubrindo o chan de gran parte da formación. Tamén é frecuente a presenza de especies propias de bosques termófilos, como a xilbardeira (*Ruscus aculeatus*) ou a rubia (*Rubia peregrina*), destacando a presenza da cabriña (*Davallia canariensis*), fento reliktico do terciario de distribución ibero-macaronésica, que medra epífito sobre o tronco dos loureiros.

Concello:

Vilanova de Arousa

Parroquia:

Carril

Lugar:

Illa de Cortegada

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

517446;4718590



Especie:

Laurus nobilis L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

18,10 e 19,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,30 e 1,20 m

Diámetro da copa:

7,65 e 7,40 m

Idade estimada:

120 anos



CAMIÑO DO NORTE

🚩 Lonxitude total dende Irún: 820 km.

🚩 O tramo galego, dende Ribadeo a Santiago, son 198 km.

A ruta do norte vai en paralelo á costa cantábrica atravesando o País Vasco, Cantabria e Asturias, cruzando a ría de Ribadeo para chegar ata terras galegas, onde deixa a costa para internarse cara ao suroeste en dirección Santiago de Compostela.

A senda do norte ou da costa é moi esixente en todo o trazado e foi a máis elixida polos habitantes da España cantábrica e tamén por moitos que chegaban por mar dende Inglaterra, Flandes, Alemaña ou Escandinavia. No pasado foi unha ruta moi perigosa polos continuos ataques que sufrían estas costas. Hai quen asegura que nos primeiros momentos da peregrinación os viaxeiros elixían esta ruta norte para evitar os enfrontamentos entre os reinos cristiáns e musulmáns, pero será a partir do S. XII cando reciba unha maior afluencia de peregrinos.

Desde este camiño saen vías que o conectan co Camiño Francés, polas que peregrinos chegados en barco ás costas cantábricas camiñaban ata ese camiño, xa que era o principal e o seu trazado era moito máis amable. Houbo tamén peregrinos que escollían a senda da costa para poder visitar Oviedo, ben coñecido polas reliquias que se gardan na catedral.

Ao igual que pasa no Camiño Francés e noutros, tamén atoparemos evidencias do paso dos peregrinos: igrexas coa advocación a Santiago, mosteiros, pontes ou hospitais que daban soporte ás necesidades dos viaxeiros. Na actualidade o Camiño do Norte segue a ser un dos máis tranquilos en canto ao número de peregrinos que o atravesan, e quen o elixe adoita ser por motivos máis introspectivos, xa que permite camiñar en soidade, afastado das multitudes do Camiño Francés.

Dende 2015 o Camiño do Norte foi recoñecido pola UNESCO, xunto co Camiño Primitivo, Patrimonio da Humanidade, honra que tamén ostenta o Camiño Francés dende 1993.



Relación de árbores que se describen e localización no camiño: palmeiras Canarias da casa de Oia (Lourenzá); cipreses mediterráneos do cemiterio de Mondoñedo (Mondoñedo); «Pravia» de Vilalba (Vilaba); castiñeiro da Capela (Begonte); carballo da Portagal, freixo da Porta e carballo de Armada (Sobrado dos Monxes); acivro e douglasia verde do Pazo de Casanova (O Pino), eucalipto e buxal da casa de Botana (Arzúa).

Outras árbores do Camiño do Norte citadas e descritas en tramos coincidentes doutros camiños:

🌿 Camiño Primitivo:

Carballeira, teixos e árbore das trompetas do Pazo de Brandeso (Arzúa), piñeiro manso de Boente (Arzúa).

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Palmeiras canarias da casa de Oia	Casa de Oia	Santa María	Lourenzá
2	Cipreses mediterráneos do cemiterio de Mondoñedo	Rúa Julia Pardo Montenegro	Santiago de Mondoñedo	Mondoñedo
3	«Pravia de Vilalba»	Praza Suso Gayoso	Vilalba	Vilalba
4	Castiñeiro da Capela	Igrexa de Baamonde	Baamonde	Begonte
5	Freixo da Porta	Pista á casa do Gado	Porta (San Pedro)	Sobrado dos Monxes
6	Carballo da Portacal	A Portacal	San Xiao	Sobrado dos Monxes
7	Carballo de armada	Capela da Virxe da Vitoria	San Xiao de Cumbraos	Sobrado dos Monxes
8	Acivro e Douglasia verde do Pazo de Casanova	Pazo de Casanova	San Vicenzo do Pino	O Pino
9	Eucalipto e Buxal da casa de Botana	Pazo de Casanova	San Vicenzo do Pino	O Pino



**Camiño do Norte e
localización das árbores descritas**



Como chegar:

A casa de Oia atópase no centro urbano de Lourenzá, entre a praza Conde Santo e o paseo de Oia.

PALMEIRAS CANARIAS

DA CASA DE OIA

Trátase dunha parella de palmeiras situadas sobre unha gran plataforma basal, formada pola parte baixa do fuste e parte da masa radical, da que xorden os estipes (como se coñecen aos troncos das palmeiras), que medran con moita verticalidade ata unha altura de 23 metros, onde se forma a roseta de palmas perennes, grandes e compostas pinnadas, que se arquean cara abaixo, formando unha copa esférica de cor verde. A pesar da súa idade, mostran moita frondosidade e bo estado de saúde.



Concello:

Lourenzá

Parroquia:

Santa María

Lugar:

Casa de Oia

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

637708;4814438

🌿 Especie:

Phoenix canariensis

Hort. ex Chabaud

Altura:

22,70 e 23,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,40 e 3,40 m

Diámetro da copa:

6,75 e 6,95 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos.

**Como chegar:**

O cemiterio vello atópase no centro urbano de Mondoñedo.

CIPRESES MEDITERRÁNEOS

DO CEMITERIO

DE MONDOÑEDO

O cemiterio, delimitado por un muro de pedra de grande altura, está dividido en diferentes niveis e no seu interior poden observarse distintos estilos arquitectónicos e símbolos de arte funerario. Neste camposanto descansan os restos dalgúns galegos ilustres, como Álvaro Cunqueiro e Pascual Veiga, creador da música do Himno Galego. Na entrada principal hai unha pequena avenida ou dobre aliñación de aligustres (*Ligustrum lucidum*) rematada pola parella de monumentais cipreses. Posúen grandes troncos retorcidos, con contrafortes redondeados e entrantes verticais, e carecen de ramificacións na parte baixa, polas actuacións de poda realizadas co obxectivo de facilitar o tránsito baixo as copas. A máis de sete metros de altura comezan a ramificarse, con ramas case horizontais, que acaban por conformar as copas, achaparradas e de pouca volume.

Concello:

Mondoñedo

Parroquia:

Santiago de Mondoñedo

Lugar:

O cemiterio está situado no número 23 da rúa Julia Pardo Montenegro

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

632492;4810119

**🌿 Especie:**

Cupressus sempervirens L. var. horizontalis (Mill.) Loudon

Altura:

23,80 e 16,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,05 e 3,98 m

Diámetro da copa:

15,60 e 10,60 m

Idade estimada:

150 anos

**Como chegar:**

O exemplar atópase situado no centro de Vilalba, na praza Suso Gayoso.

«PRAVIA» DE VILALBA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 3A

Situado no centro da vila de Vilalba atópase un singular exemplar de pradairo, xa que o porte deste exemplar, condicionado polo tratamento de podas ao que é sometido cada ano, en nada recorda ao natural desta especie autóctona, común no interior de Galicia e na vertente cantábrica. A un metro e medio de altura o tronco ramifícase en catro brazos de grandes dimensións, que se distribúen radialmente e medran lixeiramente inclinados, conformando unha copa de grandes dimensións e forma de parasol, nada común nesta especie. Polo peso da copa e a inserción das ramas, formando ángulos moi pechados, o exemplar está suxeito con abrazadeiras metálicas, pera evitar que as ramas quebren.

**Concello:**

Vilalba

Parroquia:

Vilalba

Lugar:

Praza Suso Gayoso

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

606920;4794742

🌿 Especie:

Acer pseudoplatanus L.

Altura:

14,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,15 m

Diámetro da copa:

11,85 m

Idade estimada:

O exemplar ten unha idade de 125-150 anos



**Como chegar:**

O exemplar atópase pegado á antiga N-VI, xunto á igrexa de Santiago de Baamonde.

Concello:

Begonte

Parroquia:

Baamonde

Lugar:

Igrexa de Baamonde

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

600093;4781084

CASTIÑEIRO DA CAPELA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 18A

En Galicia hai centos de castiñeiros que superan en dimensións ao castiñeiro da Capela, pero poucos poden contar unha historia tan interesante. Corría o ano 1971 cando polas obras de ampliación da estrada nacional o castiñeiro ía ser cortado. Cando chegou a oídos do artista local, Víctor Corral, decidiu que non podía permitilo, polo que se encerrou no interior do tronco oco do castiñeiro para evitar que fora arrincado. Durante ese tempo esculpiu na propia madeira da árbore un pequeno santuario á Virxe do Rosario, do que a árbore tomou o nome de «castiñeiro da Capela». Polo exterior do tronco aprécianse numerosas tallas máis recentes coas que o artista aínda decora o exemplar a día de hoxe.

**Especie:**

Castanea sativa Mill.

Altura:

13,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,62 m

Diámetro da copa:

7,15 m

Idade estimada:

Estímase que ten unha idade entre 250 e 300 anos

**Como chegar:**

Sáímos de Sobrado dos Monxes pola estrada AC-231 en dirección a Teixeira e a 200 metros, antes do sinal que indica o final do núcleo urbano, tomamos a pista asfaltada que hai á esquerda, pola que percorremos 200 metros, xa cos freixos á nosa dereita, ata atopar unha pista sen asfaltar, a man dereita, e despois de percorrer 50 metros por ela chegaremos ás árbores catalogadas.

**Concello:**

Sobrado dos Monxes

Parroquia:

Porta (San Pedro)

Lugar:

Pista á casa do Gado


Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

579845;4766129

FREIXO DE PORTA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 52A

Aínda que aparece recollido no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras como un único exemplar, no lugar e plantados a marco real (nas esquinas dun cadrado) atópanse catro exemplares de freixo cantábrico de similares características morfolóxicas e dendrométricas, polo que os catro individuos deberían formar parte do devandito catálogo. Os seus fustes, con perímetros na base dos troncos superior a tres metros, medran dereitos e con gran verticalidade, sen ramificarse ata supe-



rados os cinco metros de altura, onde pola sucesión de ramas comezan a formarse as copas, aínda que tamén se podería dicir que forman unha única copa, xa que a proximidade dos exemplares fai que medren entrelazadas, aparentando ser unha soa, de forma globosa e grandes dimensións..

🌿 Especie:

Fraxinus excelsior L.

Dendrometría dos dous exemplares máis destacados:

Altura:

31,20 e 28,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,80 e 2,95 m

Diámetro da copa:

12,05 e 11,30 m

Idade estimada:

Os exemplares teñen entre 120 e 150 anos de idade



Como chegar:

Saímos de Sobrado dos Monxes pola estrada AC-231 en dirección a Teixeira e a un quilómetro e medio atopamos un cruce que, a man dereita, indica igrexa de Cumbras e A Portacal. Seguindo un quilómetro por esta vía chegamos ao monumental carballo.

Concello:

Sobrado dos Monxes

Parroquia:

San Xiao

Lugar:

Portacal

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

581212;4767674

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Altura:

18,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,07 m

Diámetro da copa:

23,90 m

Idade estimada:

Estímase que o exemplar ten entre 250 e 300 anos

CARBALLO DE PORTACAL

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 129A

Recorda este singular carballo a unha árbore froiteira, xa que a súa poda, coñecida en arboricultura como «sistema en vaso», intenta conseguir unha copa ampla, aberta e coas maiores dimensións posibles, para aumentar a produción de froita, neste caso as coñecidas landras. Ao mesmo tempo tamén resulta moi rechamante a base, xa que o carballo aparece subido nunha especie de pedestal, formado polas raíces e a terra que hai ao seu arredor, que procede da acumulación de terras realizada polos propietarios en 1996,

logo de derrubar un galpón que por aquel entón se situaba nas inmediacións da árbore monumental.



**Como chegar:**

Sáímos de Sobrado dos Monxes pola estrada AC-231 en dirección a Teixeira e a un quilómetro e medio atopamos un cruce que, a man dereita, indica igrexa de Cumbraos e A Portacal, séguese ata o cruce de O Cepo e atravésase o río Mandeo, e desde aquí hai que seguir as indicacións que conducen á capela da Virxe da Vitoria.



CARBALLO DE ARMADA

O carballo, situado a carón da capela da Virxe da Vitoria, é completamente oco, o que lle serviu para alimentar distintas crenzas populares. Entre elas hai unha que afirma que no seu interior apareceu a Virxe, motivo que propiciou a construción da capela a finais do século XVIII. Foi demoucado ata hai pouco tempo, o que condicionou a súa actual arquitectura. O tronco é bastante cilíndrico e, unha vez superados os tres metros de altura, aparecen catro grandes brazos dos que saen moitas ramas que medran con gran verticalidade e configuran unha copa de perfil ovado e bastante alongada, consecuencia tamén da competencia espacial que ten cos demais carballos da contorna.

Concello:

Sobrado dos Monxes

Parroquia:

San Xiao de Cumbraos

Lugar:

Entrada da capela da Virxe da Vitoria

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

583199;4768777

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Altura:

18,70 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


5,40 m

Diámetro da copa:

16,40 m

Idade estimada:

200-300 anos





Como chegar:

Saímos do Pino pola estrada N-547 en dirección Arzúa e, despois de dous quilómetros tomamos a DP-6601, á nosa esquerda. Circúlase por esta vía ata Piñeiro, onde o indicador de Bermás de Arriba nos sinala o camiño a seguir. O pazo encóntrase ao bordo da pista, no primeiro quilómetro.

ACIVRO DEL PAZO DE CASANOVA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 54A

O acivro, xunto ao loureiro, o acereiro e o érbedo son árbores autóctonas de folla perenne, plana, ríxida e lustrosa. No caso do acivro, as follas das partes inferiores da planta adoitan ter espiñas nas beiras (de aí o seu nome *Aquifolium*, que provén de *acus*, que quere dicir «agulla» e *folius* «folla»), que con frecuencia desaparecen a maiores alturas, onde non chega a boca dos animais herbívoros, xa que as espiñas interprétanse como unha defensa fronte ao hervivorismo. Aínda que normalmente se atopa como un arbusto de pouca altura, no Pino podemos

contemplar un exemplar de porte arbóreo, pois a súa altura, de máis de 16 metros, en pouco recorda a un arbusto. Medra sobre un tronco de grandes dimensións, cun perímetro na base superior aos tres metros, ao que

acompañan outros de menores dimensións, xa que este exemplar ramifícase desde a base. A copa, lustrosa e de porte piramidal medra entrelazada coa das árbores máis próximas, como castiñeiros, ailantos e buxos.

Concello:

O Pino

Parroquia:

San Vicenzo do Pino

Lugar:

Pazo de Casanova.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

553223;4753793

🌿 Especie:

Ilex aquifolium L.

Altura:

16,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,54 m


Diámetro da copa:

8,65 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos





Como chegar:

Saímos do Pino pola estrada N-547 en dirección Arzúa e, pasados dous quilómetros, tomamos a DP-6601, á nosa esquerda, pola que circulamos ata Piñeiro, onde o indicador de Bermás de Arriba nos sinala o camiño a seguir. Encontraremos o pazo ao bordo da pista, no primeiro quilómetro.

DOUGLASIA VERDE DO PAZO DE CASANOVA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 73A

Tamén é coñecido como abeto Douglas, en honra a David Douglas (1799-1834), botánico e explorador escocés que introduciu a árbore en Europa como cultivo en 1827. Na actualidade é unha importante conífera exótica empregada en repoboación forestal en Europa occidental. Se a idade for correcta, esta árbore sería plantada durante a creación do xardín primitivo, na segunda metade do século XIX, e sería un dos exemplares de maior antigüidade de Galicia e posiblemente de España da súa especie. O fuste medra con gran verticalidade e está asentado sobre unha base de gran diámetro, aínda que o que máis chama a atención desta árbore quizais sexa a casca do tronco, suberosa e moi semellante á da sobreira (*Quercus suber*), en ambas especies adaptada para protexer as árbores do lume. A copa ten forma piramidal e está formada pola sucesión de ramas arredor do fuste en disposición radial.



Concello:

O Pino

Parroquia:

San Vicenzo do Pino

Lugar:

Pazo de Casanova.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

553223;4753793

🌿 Especie:

Pseudotsuga menziesii (Mirb.)

Franco

Altura:

36,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


5,78 m

Diámetro da copa:

18,00 m

Idade estimada:

Entre 150 e 175 anos



Como chegar:

Desde Arzúa tómake a estrada AC-234 pola que conducimos algo máis de tres quilómetros ata chegar ao lugar da Paínza. No medio desa aldea encontramos a casa de Botana, propiedade na que se atopa o monumental eucalipto.

EUCALIPTO DA CASA DE BOTANA

Achámonos ante unha árbore de excepcionais dimensións e portadora dun dos troncos máis impresionantes dos eucaliptos presentes en Galicia; a base, moi engrosada e revestida de contrafortes verticais e extensións radicais, ten un perímetro de mais de 11 metros que se vai reducindo ata os 8,30 metros á altura do peito, adoptando unha característica forma de pata de elefante. A 13 metros de altura comeza a ramificarse formando unha copa irregular pero de grandes dimensións, xa que a ausencia de competencia espacial por parte doutras árbores grandes permitiu que se desenvolvese sen limitacións.

Concello:

Arzúa

Parroquia:

Santa M^a de Viladavíl

Lugar:

Casa de Botana

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

568705;4756314

Especie:

Eucalyptus globulus Labill.

Altura:

45,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

8,30 m

Diámetro da copa:

23,15 m

Idade estimada:

Entre 120 e 140 anos





Como chegar:

Desde Arzúa tómase a estrada AC-234 pola que conduciremos algo máis de tres quilómetros ata chegar ao lugar da Paínza. No medio desa aldea encontramos a casa de Botana, propiedade na que se atopa o monumental eucalipto.

BUXAL DA CASA DE BOTANA

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 1F

Espectacular buxeda que se estende por gran parte do xardín do pazo. Os buxos están dispostos en avenidas ou dobres aliñacións nas zonas boscosas

Concello:

Arzúa

Parroquia:


Santa M^a de Viladavil

Lugar:


Casa de Botana

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

568705;4756314



do recinto, en ringleiras simples arredor do prado ou no xardín hortícola, onde forma nalgúns casos preciosas e densas glorietas, ata alcanzar o conxunto máis dun quilómetro de sebes con exemplares de grande idade. Como cabe esperar nunha formación con tantos individuos, hai distintas morfoloxías, dimensións e estados sanitarios e de conservación, entre os que destaca algún exemplar de máis de doce metros de altura, con perímetros normais próximos a un metro

 **Especie:**

Buxus sempervirens L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

10,40 e 12,35 m

Perímetro del tronco (1,30 m):


0,90 e 0,85 m

Diámetro da copa:

4,65 e 5,32 m

Idade estimada:

Entre 150 e 200 anos



**Camiño portugués e
localización das árbores descritas**



CAMIÑO PORTUGUÉS

🌿 Lonxitude de 620 km dende Lisboa. O tramo galego
117,5 km.

Aínda que os camiños a Santiago teñen como punto de partida a orixe de cada peregrino, as rutas contemporáneas propoñen puntos de partida aos que chegan xentes de todo o mundo. O Camiño Portugués ten como inicio a capital do país veciño, Lisboa, dende onde sae cara ao norte pasando por Porto e as principais cidades portuguesas. En Porto temos dúas opcións, continuar a ruta seguindo a costa e chegar a Galicia cruzando o río Miño entre Caminha e a A Guarda, ou continuar polo interior chegando a Ponte de Lima e cruzando o Miño desde Valença ata Tui.

A pesar de que é probablemente a ruta máis antiga, a peregrinación por ela conta con referencias a partir da independencia do Condado Portucalense como reino, no ano 1143.

Como pasa tamén noutras vías, o trazado dunha parte importante do itinerario coincide coa vía romana XIX, que unía *Bracara Augusta* (Braga) e *Asturica Augusta* (Astorga). Durante o traxecto atoparemos varios miliarios, en Valença, Mos e Pontevedra, que o demostran.

A historia entre Castela e Portugal está chea de conflitos que por suposto van a afectar á peregrinación. En 1640, coa separación definitiva de Portugal e España, comezará unha longa guerra con enfrontamentos sobre todo fronteirizos, ata 1668, cando España recoñece a independencia de Portugal no Tratado de Lisboa. Non serán moitos peregrinos, polo tanto, os que se atrevan a achegarse á fronteira nese período.

O primeiro peregrino cuxo nome se coñeceu que fixo esta ruta foi D. Hugo, bispo do Porto, morto en 1156, e un dos camiñantes máis coñecidos será o barón bohemio León de Rosmihal, señor de Blatna, que fixo o camiño polo ano 1466, chegando ata nós as descrições que fixo durante a súa viaxe. Outros peregrinos importantes que fixeron esta ruta foron Dona Isabel de Portugal, «A raíña Santa», no século



XIV, o rei portugués Manoel I, no ano 1502, ou Cosme III de Medicis, no ano 1669, acompañado de 30 persoas.


Nos últimos anos o Camiño Portugués é o segundo con maior número de peregrinos, despois do Francés, sobre todo no seu tramo galego, xa que nel se cumpren os 100 km mínimos para obter a «Compostela».

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: freixo de folla estreita de Albarín (O Porriño); araucaria de Carballeira, cedros do Himalaia dos xardíns de Vincenti e carballo da capela de Santa Margarida, castiñeiros xaponeses e chineses, cedro do Líbano, abeleira, criptomera xaponesa, metasequoia, sequoia vermella e sófora do Pazo de Lourizán (Pontevedra); araucaria, cuninghamia e carballeira do parque-xardín de Caldas de Reis (Caldas de Reis); palmeira datileira do mosteiro de Herbón, figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro, plátanos de sombra do paseo do Espolón de Padrón, oliveiras do cemiterio de Adina e palmeira do Senegal, castiñeiro de Indias, coroa de «Cristo», carballo fastixiado e sequoias vermellas do xardín histórico de Padrón (Padrón).





Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Freixo de folle estreita de Albarín	Albarín	Atios (Santa Eulalia)	O Porriño
2	Araucaria de Carballeira	Pazo de Gandarón ou Misión Biolóxica de Galicia	Salcedo	Pontevedra
3	Cedros do Himalaia dos xardíns de Vincenti	Xardíns de Vincenti	Pontevedra	Pontevedra
4	Carballo da capela de Santa Margarida	Adro da capela de Santa Margarida	Santa Margarida de Mourente	Pontevedra
5	Castiñeiros xaponeses e chineses, Cedro do Líbano, Abeleira, Criptomeria, Metasecuoia, Secuoia vermella e Sófora xaponesa do Pazo de Lourizán	Pazo de Lourizán	Placeres (Santo André)	Pontevedra
6	Araucaria, Cunninghamia e Carballeira de Portacal	Parque-xardín e carballeira de Caldas de Reis	Caldas de Reis (Santo Tomé)	Caldas de Reis
7	Palmeira datileira do mosteiro de Herbón	Mosteiro de Herbón	Santa María de Herbón	Padrón
8	Figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro	Casa-Museo de Rosalía de Castro	Santiago de Padrón	Padrón
9	Oliveiras do cemiterio de Adina	Cemiterio de Adina	Padrón	Padrón
10	Palmeira do Senegal, Castiñeiro de Indias, «Coroa» de Cristo, Carballo fastixiado e Secuoias vermellas do xardín artístico de Padrón	Xardín botánico-artístico de Padrón	Santiago de Padrón	Padrón
11	Plátanos de sombra do paseo do Espolón de Padrón	Paseo do Espolón de Padrón	Santiago de Padrón	Padrón



Como chegar:

Sáímos do Porriño pola estrada N-550 en dirección a Tui e a dous quilómetros tomamos o desvío a man esquerda que conduce a Rocha. Seguindo esa ruta e deixando atrás esta pequena poboación entraremos no lugar de Atios, onde atopamos indicadores para acceder á vía que vai cara Albarín e A Ínsua, e despois de 500 metros estaremos ante o monumental freixo, rodeado por un valo metálico.

FREIXO DE FOLLA ESTREITA DE ALBARÍN

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 120A

Este freixo plantouse en 1928 e pola súa idade e atributos corporais é, tralo freixo de folha estreita de Montepando (Monforte de Lemos, Lugo), o segundo representante da súa especie incluído no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*. Atópase nunha pequena illa en medio da estrada, polo que se pode dicir que exerce de rotonda na vía entre Portela de Souto e Albarín. Mágoa que se encontre rodeado de asfalto ata moi pouca distancia do pé e nun espazo insuficiente, o que en pouco contribúe á conservación de tan fermosa e importante árbore, aínda que nos últimos anos se fixo un esforzo por liberar a base aumentando o seu espazo. A base do tronco, de gran diámetro, amosa unha cavidade con madeira morta no interior. Comeza a ramificarse a tres metros de altura, onde se divide en dúas grandes ramas que medran con moita verticalidade formando unha copa ampla e moi aberta. A proximidade da estrada, que asfixia as raíces, comeza a manifestarse pola presenza de ramas mortas e sequidade foliar.



Concello:

O Porriño

Parroquia:

Atios (Santa Eulalia)

Lugar:

Albarín

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

533127;4666891

🌿 Especie:

Fraxinus angustifolia Vahl.

Altura:

30,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,98 m

Diámetro da copa:

23,15 m

Idade estimada:

92 anos



Como chegar:

Desde Pontevedra circulamos 5 quilómetros en dirección a Vigo pola estrada nacional N-550 ata chegar a Salcedo, onde se atopa o Pazo de Gandarón.

ARAUCARIA DE CARBALLEIRA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 108A

A araucaria do Pazo de Gandarón destaca pola súa arquitectura, idade e dimensións, que a levan a ser, sen dúbida, unha das mellores representacións desta especie en Galicia. O tronco medra con moita verticalidade e está asentado sobre un grande engrosamento na base, que rapidamente se estreita á altura de 80 cm, case no mesmo punto no que nace unha póla vertical que aspira a ser outro fuste. Na parte baixa son visibles as cicatrices que vai deixando o desprendemento das ramas inferiores. É un exemplar de gran frondosidade, cunha copa moi irregular pero de gran fermosura. Os xardíns do pazo tamén acollen unha increíble colección de especies arbóreas e arbustivas con representantes de gran talla, entre os que desta-

cian un ocote (*Pinus patula*), cedros do Atlas (*Cedrus atlantica*), cedros do Himalaia (*Cedrus deodara*) e magnolia de Soulange (*Magnolia x soulangiana*), entre outras.

Especie:

Araucaria bidwillii Hook.

Altura:

28,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,94 m

Díámetro da copa:

13,30 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos





Como chegar:

Os xardíns de Vicente están no centro de Pontevedra, fronte á alameda e na fachada traseira do edificio da Deputación de Pontevedra.

CEDROS DO HIMALAIA DOS XARDÍNS DE VICENTI

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 27A

Nos xardíns de Vincenti, en Pontevedra, podemos contemplar un grupo de tres cedros do Himalaia con imponentes portes de perfil piramidal. Dous fronte ao edificio da comandancia militar, mentres que o outro está detrás do edificio da Deputación Provincial. Trátase de árbores con morfoloxía diferenciada, posto que as actuacións de poda, a competencia coas demais árbores da contorna e incluso os fortes ventos moldearon a fisionomía. Os troncos, grosos e robustos, medran sen ramificar ata pasados os dous metros e medio de altura, onde comezan a inserirse as ramas para formar a cruz, con forma de candelabro. A ramificación principal é ascendente e as pólas de orde inferior son descendentes ou colgantes, o que confire aos exemplares certo aspecto chorón ou péndulo. Mágoa que episodios de ventos ciclónicos como o Klaus, en xaneiro de 2009, desfiguraran a copa dalgún deles, actualmente suxeito con cables para evitar a caída de ramas.



Concello:

Pontevedra

Parroquia:

Pontevedra

Lugar:

Xardíns de Vincenti

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

529136;4697740



🌿 Especie:

Cedrus deodara (D. Don) G. Don

Altura:

25,60; 25,90 e 21,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,56; 4,50 e 3,81 m

Diámetro da copa:

21,80; 21,20 e 22,00 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos



Como chegar:

Desde Pontevedra circúlase pola estrada N-541 ata a rotonda de Montecelo, onde se vira á esquerda pola rúa Pomba, e a 500 metros, no semáforo, tomamos a rúa de Santa Margarida, que conduce directamente ao carballo monumental e á capela.

Concello:

Pontevedra

Parroquia:

Santa Margarida de Mourente

Lugar:

Adro da capela de

Santa Margarida,

na parroquia de Mourente

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

530832;4698640

CARBALLO DA CAPELA

DE SANTA MARGARIDA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 80A

Encóntrase este singular carballo na parroquia de Mourente, en Pontevedra, e é un dos máis fermosos e famosos de Galicia, xa que conta a tradición que nas súas proximidades había unha fonte milagrosa, na que se lavaban os leprosos coa esperanza de limparse e curarse. O carballo é testemuña vivinte do que foi unha gran carballeira, coñecida co nome de «Carballeira dos Gafos», é dicir dos leprosos. Ao seu carón está a capela de Santa Margarida, un dos templos máis antigos (séculos XIII-XIV) do concello pontevedrés.

Na base hai un banco de pedra de grandes dimensións no que parece apoiarse o tronco, pois inclínase nesa dirección. Destaca tamén a ausencia de ramas ata tres metros de altura, onde se forma a cruz, con ramas de grandes dimensións que se ramifican a pouca distancia da mesma, dando lugar a unha gran copa, aplanada e aberta. No tronco, que amosa grandes cavidades, son visibles os orificios de entrada de insectos cerambícidos, sinal inequívoco da decadencia desta monumental árbore que, aproveitando a achega de materia orgánica dedicada ás flores que se cultivan ao seu carón e a procedente da súa propia madeira en descomposición está a emitir raíces

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Altura:

18,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

8,50 m

Diámetro da copa:

19,70 m

Idade estimada:

Entre 500 e 700 anos

polo interior do fuste



PAZO DE LOURIZÁN

A finca do Pazo de Lourizán, sita no concello de Pontevedra, moi próxima ao Camiño Portugués, alberga o xardín botánico máis importante de Galicia.

A súa historia está profundamente ligada á de D. Eugenio Montero Ríos, que mercou o predio, naquel momento coñecido como Granxa da Serra, en 1879. Ata o seu pasamento en 1914 traballou incesantemente na mellora da finca, introducindo plantacións de froiteiras e cultivos vitícolas, ornamentais e forestais.

A estrada de subida ao pazo xa indica a importancia que as coleccións botánicas teñen no espazo, pois aparece orlada de plantas ornamentais entre as que destacan numerosos exemplares de camelias (*Camellia japonica*) centenarias. Na marxe dereita, na aba do monte, medra unha plantación de faias (*Fagus sylvatica*) e máis adiante a aba está ocupada por unha rica mostra de árbores e arbustos de diversas especies, procedentes fundamentalmente de Taiwán e de Australia.




A uns 300 metros da entrada atopamos un antigo almacén e a fonte dos tres canos, fronte aos camiños que levan ao viveiro da Escola de Capataces Forestais, ao antigo viveiro do Centro e un terceiro camiño que sobe case paralelo á estrada, sombreado por palmeiras canarias (*Phoenix canariensis*) acompañadas de árbores ornamentais a ambas marxes, que conduce á fonte dos espellos. Esta fonte foi construída a xeito de gruta artificial, con porcións de estalactitas colgando da parte superior, dous espellos no fondo e varios cristais coloreados no teito que deixan entrar a luz; a auga cae nunha gran cuncha metálica semellante á dunha vieira.



A estrada segue subindo, sombreada a partir de aquí por unha avenida de grandes magnolias (*Magnolia grandiflora*), e xira á esquerda para pasar diante do pazo. Este é un edificio singular, cunha ampla fachada acristalada e numerosos elementos decorativos. Diante del atópase un enorme cedro do Líbano (*Cedrus libani*) e moi preto deste medra a maior metasequoia (*Metasequoia glyptostroboides*) de España. No lateral norte encontramos unha sófora chorona (*Styphnolobium japonicum* 'Pendulum'). Esas tres árbores están incluídas no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras. Ademais nese lateral do edificio hai unha grande araucaria da illa de Norfolk (*Araucaria heterophylla*). Desde o pazo un camiño ascende cara ao sur polo fondo da valgada; nos primeiros metros discorre entre antigas hortas, hoxe en

día ocupadas por árbores e arbustos. A continuación entra no souto de castiñeiros xaponeses (*Castanea crenata*) que, xunto con dous grupos menores desta especie e outro do castiñeiro chinés (*Castanea mollissima*) da finca do pazo, tamén están incluídos no catálogo galego. A ambos lados deste carreiro, que une o parque das rías co edificio principal, plantáronse coníferas, e entre elas destacan dúas grandes sequoias (*Sequoia sempervirens*), a maior delas recollida tamén no catálogo. A continuación o camiño entra no parque das Rías, sombreado polas numerosas árbores centenarias: magnolias (*Magnolia grandiflora*) na maior parte, pero tamén unha grande araucaria do Brasil (*Araucaria angustifolia*) e unha gran criptomeria do Xapón (*Cryptomeria japonica*), incluída no catálogo galego, e altas camelias (*Camellia japonica*).




A lush green landscape with a stone balustrade in the foreground and dense trees in the background. The balustrade is made of light-colored stone with decorative balusters. To the right, a large, weathered terracotta pot sits on a stone base, containing a plant. The background is filled with various green trees and foliage under a clear blue sky.

Na parte alta da valgada unha gruta, na que o arroio forma unha fermosa fervenza, permite o ascenso polo seu interior á estrada que bordea o parque, estrada que, baixando cara ao pazo, transcorre á súa vez entre árbores singulares como o kauri (*Agathis australis*), o rimu (*Dacrydium cupressinum*), o totara (*Podocarpus totara*) ou o buxo de Brisbane (*Lophostemon confertus*).

Ao leste do parque da Rías esténdese o *Eucalyptetum* (colección de eucaliptos) máis importante de España, con máis de 50 especies, moitas de gran desenvolvemento, pois algunhas superan os 50 metros de altura. A colección principal de coníferas atópase no extremo sueste da quinta, no monte do Rodo, afastada do resto das coleccións.

A finca pertence a Deputación Provincial de Pontevedra, que a ten cedida á Xunta de Galicia, e que actualmente alberga o Centro de Investigación Forestal de Lourizán, dependente da Consellería de Medio Rural, e a Escola de Formación e Experimentación Agroforestal de Lourizán.



Concello:
Pontevedra
Parroquia:
San Andrés de Lourizán

Como chegar:

Desde Pontevedra tomamos a estrada PO-546 (estrada vella de Pontevedra a Marín) e despois de catro quilómetros veremos, á nosa esquerda, o enreixado que pecha a finca e a entrada principal a esta.



CASTIÑEIROS XAPONESES E CHINESES

DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 4F

A pesar de que en Galicia o castiñeiro (*Castanea sativa*) é unha especie autóctona, presente nos montes de xeito espontáneo, e que os soutos mansos tiveron no pasado grande importancia no rural de case todo o territorio galego, hoxe en día

 **Especie:**

Castanea crenata Sieb. & Zucc.;

Castanea mollissima Blume

Datos dendrométricos dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

30,10 e 27,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,12 e 1,63 m

Diámetro da copa:

3,50 e 6,10 m

Edad estimada:

90 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527702;4695260


non é unha especie frecuente na Galicia costeira. Un dos motivos principais desta escaseza pódese atribuír á virulencia ao longo dos séculos XIX e XX da doenza da tinta (*Phytophthora cinnamomi* e *Ph. cambivora*)), que causou grandes estragos, sobre todo nas zonas baixas e costeiras, onde desapareceron moitos soutos. A principios do século XX comezou a investigarse en Galicia a obtención de castiñeiros híbridos entre o castiñeiro do país e os castiñeiros chineses (*C. mollissima*) e xaponeses (*C. crenata*), coa intención



de conseguir castiñeiros resistentes á doenza da tinta, pois os asiáticos son resistentes.

Con pole dos castiñeiros asiáticos de Lourizán fecundáronse flores femininas de castiñeiros do país para obter os primeiros castiñeiros híbridos resistentes ao mal da tinta, polo que teñen un alto valor científico e histórico que os fixo merecentes de formar parte do *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*.





CEDRO DO LÍBANO DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 28A

Fronte á fachada principal do Pazo de Lourizán podemos contemplar o cedro do Líbano máis representativo de Galicia, pois é centenario e medrou lonxe doutras árbores que

limitaran o seu crecemento. Isto facilitou que o exemplar acadara grandes dimensións e que adoptara o porte característico dos exemplares adultos desta especie, coa ramificación secundaria case vertical e coroado por unha gran copa truncada. O fuste, de grandes dimensións, amosa unha zona descascada na base, que non diminúe a espectacularidade do exemplar. Sobre as ramas mostra unha gran cantidade de flora epífita, composta principalmente por couselos (*Umbilicus rupestris*), cabriñas (*Davallia canariensis*) e polipodios (*Polypodium* spp.).

🌿 **Especie:**

Cedrus libani A. Rich.

Altura:

32,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,40 m

Diámetro da copa:

30,70 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527562;4695303



🌿 **Especie:**

Corylus avellana L.

Altura:

4,30 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,00 m

Diámetro da copa:

5,50 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527553;4695338

ABELEIRA DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 117A

Corylus é o nome grego da abeleira, procede de *Koris* «casco», por ter o froito cuberto por un involúcro de brácteas. Avellana, de *avellanus -a -um*, en honra a Avella Vecchia, cidade italiana (preto de Nápoles) na que se consumían gran cantidade de abelás.

En Lourizán atópase a que seguramente é a abeleira con tronco de maior tamaño de Galicia, pois este exemplar, pertencente a unha especie que normalmente vemos como un arbusto, ten un perímetro normal de tronco de dous metros, algo pouco habitual na especie. Porén, é de altura bastante reducida en comparación coas dimensións do tronco, xa que as ramas principais, que secaron, foron amputadas, polo que na actualidade o tamaño da copa é bastante reducido e débese á presenza de numerosos brotes chupóns. No tronco medra unha importante poboación de plantas epífitas, couselos (*Umbilicus rustris*) e polipodios (*Polypodium* spp.), tamén ten unha hedra (*Hedera hibernica*) gabeando polo tronco.






CRYPTOMERIA XAPONESA

DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 118A

Aínda que nos últimos tempos a presenza de criptomérias en parques e xardíns galegos non é estraña, non é fácil atopar exemplares da idade e dimensións do situado no Pazo de Lourizán. A súa localización no parque das Rías, entre outras árbores de grandes dimensións, sobre todo plátanos de sombra (*Platanus x acerifolia*) obrigouna a medrar con gran verticalidade en busca da luz. Nas zonas medias e altas amosa restos de ramas mortas, como resultado da poda natural. Comeza a ramificarse unha vez superados os 11 metros de altura, desde onde se forma a copa, de grandes dimensións a pesar da competencia espacial.



A súa localización no parque das Rías, entre outras árbores de grandes dimensións, sobre todo plátanos de sombra (*Platanus x acerifolia*) obrigouna a medrar con gran verticalidade en busca da luz. Nas zonas medias e altas amosa restos de ramas mortas, como resultado da poda natural. Comeza a ramificarse unha vez superados os 11 metros de altura, desde onde se forma a copa, de grandes dimensións a pesar da competencia espacial.

🌿 **Especie:**

Cryptomeria japonica (L.f.) D. Don

Altura:

34,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,10 m

Diámetro da copa:


10,80 m

Idade estimada:

Uns 150 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527497;4695002



METASEQUOIA DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 61A

Cultivado a partir de sementes procedentes do *Arnold Arboretum* (Boston, EE. UU.), o exemplar de metasequoia de Lourizán é o máis grande e máis vello de España. Ao

igual que o xinkgo (*Ginkgo biloba*) é considerada unha especie fósil vivinte, pois foi descrita como fósil en China no ano 1941, e anos máis tarde, en 1948, descubríronse as primeiras poboacións vivas. Na actualidade hai unicamente tres poboacións naturais en China central: Chongqing (Shizhu), Hubei (Lichuan, Zhonglu) e Hunan (Longshan, Sangzhi).

Medra sobre un tronco cilíndrico que non comeza a ramificarse ata superar os catro metros de altura. A partir de aí comeza a formarse a copa, de porte piramidal e grandes dimensións. Quizais un dos aspectos máis rechamantes desta árbore é que se trata dunha conífera caducifolia, polo que no inverno perde a folla, algo pouco habitual nas coníferas, aínda que non é a única. No outono, antes da caída da folla a copa do exemplar adquire tonalidades cobrizas que fan que resulte realmente atractivo para os visitantes ao espazo.

 **Especie:**

Metasequoia glyptostroboides

H. Hu & Cheng

Altura:

34,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,85 m

Diámetro da copa:

9,00 m

Idade estimada:

72 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527578;4695223





SEQUOIA VERMELLA DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 141A

Este fermoso exemplar de sequoia medra en medio dunha gran masa de coníferas, na que a presenza de árbores de gran talla, como camecíparris de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*) e calocedros (*Calocedrus decurrens*), a obriga a medrar con gran verticalidade en busca da luz. O tronco, ancho e robusto, está recuberto coa capa de casca fibrosa de cor parda avermellada característica desta especie. Ao igual que a cortiza das sobreiras (*Quercus suber*) a

casca é esponxosa e grosa, en ambos casos como adaptación de defensa contra os lumens. Medra sen ramificar ata 13 metros de altura, onde comeza a formarse a copa, de perfil piramidal e estreita, pola competencia espacial coas demais árbores do espazo.



 **Especie:**

Sequoia sempervirens (D. Don) Endl.

Altura:

50,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,95 m

Diámetro da copa:


11,10 m

Idade estimada:

75 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527650; 4695304



SÓFORA XAPONESA DO PAZO DE LOURIZÁN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 142A

Espectacular exemplar desta especie de orixe asiática (centro, norte e noroeste da China e de Corea) sita fronte á fachada do Pazo de Lourizán. As ramas colgantes, de aspecto chorón, son froito de enxertos realizados no tronco, pois este non é o porte natural da especie. A localización e ausencia doutras árbores nas proximidades, facilitan a súa observación e fan del un dos exemplares máis admirados polos visitantes. O tronco medra dereito e sen ramificar ata superar os dous metros de altura, zona na que se realizaron os enxertos, que constitúen a copa, formada por ramas arqueadas e colgantes, e coa característica forma de parasol ou cogomelo.

Especie:

Styphnolobium japonicum
(L.) Schott 'Pendulum' Loud.

Altura:

5,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,00 m

Diámetro da copa:

5,70 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

527519;4695364






PARQUE-XARDÍN E CARBALLEIRA DE CALDAS DE REIS


O parque-xardín e carballeira están nun lugar privilexiado, situado na marxe dereita do río Umia, cun longo paseo que se estende pola beira do río e que se ensancha no mesmo xardín para formar un bonito miradoiro sobre as augas. Aínda que en realidade non son dous, senón tres, os ambientes que conforman este espazo verde, xa que debe incluírse tamén a pradería da ribeira fluvial coñecida como parque dos Choróns.

O parque-xardín inclúe unha gran diversidade de plantas ornamentais, arbustos e especies arbóreas, na súa maioría exóticas, que destacan polos grandes portes que teñen. Está bordeado por catro amplos paseos que o encadran, tres dos cales están delimitados por fileiras de grandes árbores: o paseo das criptomérias, na parte superior que coincide coa rúa José Salgado, o paseo dos carballos que constitúe o límite entre o parque-xardín e a carballeira, o paseo dos tileiros, cara ó lado do río, e que cando se creou o xardín foi un paseo de plátanos (*Platanus x acerifolia*) e o paseo Román López, que se corresponde coa entrada natural ao xardín e está bordeado por exemplares aliñados de camelia (*Camellia japonica*).



Cómpre destacar tamén o paseo dos plátanos, delimitado por pés vellos e de gran porte destas árbores, seguramente plantados cando se creou o xardín, que atravesa o interior da zona axardinada na parte superior.





Concello:
Caldas de Reis
Parroquia:
Caldas de Reis (Santo Tomé)

Como chegar:

O parque-xardín e a carballeira están situados no centro urbano de Caldas de Reis, entre a rúa José Salgado, que se dirixe a Cuntis, e o río Umia.




ARAUCARIA DO BRASIL DO PARQUE DE CALDAS DE REIS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 6A

Situada á esquerda do estanque das cunchas, onde se atopa o monumento ao apóstolo Santiago e Mundo Xacobeo, medra a senlleira araucaria do Brasil, unha das árbores máis destacadas do xardín, pola súa idade e por ser unha especie da que escasean en Galicia os exemplares vellos. Trátase dunha árbore esvelta que comparte espazo cunha tuia xigante (*Thuja plicata*) e unha criptomeria elegante (*Cryptomeria*

japonica 'Elegans'). O fuste medra libre de ramaxe ata unha altura de 11 metros, onde comeza a ramificarse e a formar a copa, sen dúbida un dos aspectos máis rechamantes pola súa singularidade, xa que as ramas fican na parte superior do tronco, son ascendentes e aparecen espidas ata o tramo final, e as follas agrúpanse en feixes ao final destas.



🌿 **Especie:**

Araucaria angustifolia (Bertol.) O.
Kuntze

Altura:

33,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,15 m

Diámetro da copa:

15,80 m

Idade estimada:

Entre 130 e 140 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

529637;4717080



CUNNINGHAMIA DO PARQUE-XARDÍN DE CALDAS DE REIS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 38A

 **Especie:**

Cunninghamia lanceolata (Lamb.)

Hook. f.

Altura:

27,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,70 m

Díámetro da copa:

10,20 m

Idade estimada:


Entre 130 e 140 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

529637;4717080

pero a gran competencia que sufriu este monumento vexetal derivou nunha copa irregular, de pequenas dimensións e pouca frondosidade, con presenza de moitas ramas secas e defoliadas, sobre todo na zona máis alta da copa, ata o punto de perder varios metros de altura nos últimos anos. As follas son agullas de punta fina, con dentes finos nos bordos, verdes e glaucas, e están dispostas en espiral. A follaxe pode broncearse en invernos fríos. Conos de frutificación de ovais a globosos, en pequenos grupos (dun a tres) nos extremos das ramas.

En pleno centro do parque-xardín e rodeada doutras árbores de gran tamaño atópase a cunninghamia, árbore conífera sempre verde, de aspecto irregular e máis de cen anos de idade. O tronco é robusto e medra con gran verticalidade sen ramificarse ata superar os cinco metros. As ramas principais saen perpendiculares ao tronco e están situadas de forma desordenada (ramificación difusa). Cando medran sen competencia, as árbores desta especie teñen perfil cónico e ramificación graduada, espaxada e horizontal, lixeiramente pendular nas puntas,





CARBALLEIRA

DE CALDAS DE REIS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 17F

Estamos perante unha carballeira de orixe antrópica, como se aprecia nas liñas de plantación, na que crecen arredor de 200 carballos, e aínda conserva algún dos pés que pertencían á antiga propiedade comprada polo concello no ano 1883. A orixe dátase na mesma época da creación do parque-xardín, polo que se estima que a maior parte das árbores teñen idades comprendidas entre 125 e 150 anos. Os carballos presentan diferentes morfoloxías, dimensións e estado de conservación. Ao tratarse dun arboredo urbano sen sotobosque non se pode consider como unha carballeira ou bosque de carballos desde un punto de vista xeobotánico, por carecer da estrutura e fisioloxía do bosque e do elenco florístico (plantas acompañantes) das carballeiras das rías baixas galegas. As árbores están distribuídas, na súa maioría, en ringleiras perpendiculares ao río, o que nos indica a súa orixe antrópica.



Especie:

Quercus robur L.

Dendrometría dos dous exemplares
máis destacados:

Altura:

18,50 e 21,30 m

Perímetro del tronco (1,30 m):

4,20 e 4,80 m

Diámetro da copa:

16,85 e 16,70 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

529637;4717080



Como chegar:

No xardín histórico de Padrón vírase á dereita, en dirección Herbón, pola AC -242. Chegados a Herbón continuamos outros 2 km, onde viramos de novo, esta vez á dereita, seguindo a indicación «Mosteiro franciscano de Herbón».

PALMEIRA DATILERA DO MOSTERIO DE HERBÓN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 66A

A palmeira datileira é unha árbore do norte de África que, como case todas as palmeiras, ten un tronco indiviso (estipe ou estípite) que leva no ápice un penacho de follas, neste caso de gran tamaño e bipinnadas (de tipo palma). É unha palmeira con importancia económica polos seus froitos, os dátiles, e cultívase tamén como árbore de enfeite en parques e xardíns, pero non é común en Galicia.

Está situada sobre unha plataforma basal formada por unha gran masa radical e a parte baixa do estipe, que é erguido, dereito e esvelto, con ornamentacións anulares formadas polas cicatrices que deixan as

follas ao caer. Medra con gran verticalidade, aínda que nos últimos anos parece que se inclina levemente cara ao sueste. Medra no tronco dunha pequena poboación da cabriña (*Davallia canariensis*), fento epífito que gabea polo estipe. A coroa está moi despoboada de palmas e ten un aspecto bastante desordenado. Esta palmeira agarda con paciencia, ano tras ano, a reposición da súa parella, árbore irmá que desapareceu hai tempo.

Concello:

Padrón

Parroquia:

Santa María de Herbón

Lugar:

Mosteiro de Herbón

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

530307;4731368



🌿 Especie:

Phoenix dactylifera L.

Altura:

19,5 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,27 m

Díámetro da copa:

4,40 m

Idade estimada:

Entre 150 e 175 anos

**Como chegar:**

Desde Padrón circulamos pola estrada AC-242 durante dous quilómetros ata atravesar o paso a nivel da vía do tren, unha vez cruzado o paso a nivel viramos á esquerda por unha pista empedrada pola que percorremos uns 50 metros antes de atopar a entrada da Casa-museo de Rosalía de Castro.

**Concello:**

Padrón

Parroquia:

Santiago de Padrón

Lugar:

Casa-Museo de Rosalía de Castro

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528565;4732045

FIGUIERA DA

CASA-MUSEO

DE ROSALÍA DE CASTRO

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 50A

Este monumento vexetal está situado na entrada da Casa da Matanza, sobre un promontorio pétreo que enzalza aínda máis a súa figura. O tronco amosa unha fenda que o atravesa e está bastante deteriorado, con zonas

descascadas e cheo de podremias. Ten unha arquitectura fráxil que está suxeitada por unha estrutura metálica que impide a caída do exemplar. A copa, de volume moi diminuído desde o paso do ciclón Hortensia en outubro de 1984, sitúase sobre unha cruz de moi débil inserción, arredor da cal comezan as ramificacións, formándose pequenas pólas que medran en tódalas direccións, amosando un perfil de árbore demoucada, máis propio doutras especies como o freixo ou o castiñeiro. Non goza dun bo estado sanitario e a dendrometría non é especialmente notable, polo que o maior interese que ten é a vinculación coa poeta Rosalía de Castro, pois seguramente foi ela quen a plantou e cítaa no poema *Adiós, Ríos; Adiós, Fontes*, incluído no seu poemario *Cantares galegos*.

🚩 **Especie:**

Ficus carica L.

Altura:

6,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,56 m

Diámetro da copa:

6,60 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

**Como chegar:**

Sáímos de Padrón pola estrada N-550 en dirección a Santiago de Compostela e apenas feito un quilómetro atoparemos, á nosa dereita, a carón da estrada, a igrexa de Santa María de Iria Flavia e o cemiterio.



OLIVEIRAS DO CEMITERIO

DE ADINA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 65A

Concello:

Padrón

Parroquia:

Padrón

Lugar:

Cemiterio de Adina

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528422;4732800



É un conxunto formado por catro oliveiras situadas a carón do muro de peche do cemiterio, con dimensións, estado sanitario e idades diferentes, pero que comparten caracteres morfolóxicos. Os troncos non teñen grande altura

e son retortos, sinuosos, con cavidades e podreñas de distinta importancia e amosan as protuberancias características dos exemplares adultos desta especie. As cruces fórmanse a tres metros de altura aproximadamente, onde comezan a ramificarse formando copas que en algúns exemplares teñen forma de parasol, mentres que outras son case globosas, pero todas de reducidas dimensións. Forman un harmonioso conxunto de gran fermosura.

🌿 **Especie:**

Olea europaea L.

Dendrometría dos dous exemplares máis destacados:

Altura:

5,60 e 7,70 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,86 e 3,38 m

Diámetro da copa:

5,15 e 8,65 m

Idade estimada:

Entre 100 e 250 anos





A ROSA VERMHA
É ROSA,
INDA MAIS
QUE ROSA

A. B. GONÇALVES

O POVO DE RIANKO
O POVO DE PAORON
PARCELA 10000

XARDÍN BOTÁNICO-ARTÍSTICO DE PADRÓN


Non hai unanimidade de criterios á hora de establecer con certeza a súa orixe. Os datos existentes permiten argumentar dúas posibles hipóteses: unha, que mantén a orixe pacega, como ben pertencente ao Pazo de Antequera, regalo do III conde de San Juan á súa filla Vicenta, casada co entón reitor da Universidade de Santiago de Compostela, Juan José Viñas; e outra, que defende a condición pública desde a súa creación. Sen descartar ningunha hipótese, conta con máis credibilidade a que considera ó xardín como espazo municipal desde a súa creación, en consonancia co expresado polo ilustre enxeñeiro de montes Rafael Areses nos seus cadernos *Itinerarios desde Lourizán*, dedicados a Caldas de Reis, Padrón, Herbón e Vilagarcía de Arousa.



«El parque se hizo en dos etapas; primero, en 1868, el trozo que da a la estación del Ferrocarril, y el resto hace unos cincuenta años, por un jardinero inglés que acompañaba a los ingenieros de igual nacionalidad que, procedentes de Santander, construyeron la vía férrea. Las plantas fueron llevadas de Portugal».

Declarado Monumento Artístico Nacional en 1946, o xardín histórico de Padrón ten unha superficie de pouco máis dunha hectárea e acolle un gran número especies vexetais, entre as que destacan cinco monumentos verdes que forman parte do *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*.






Concello:
Padrón
Parroquia:
Santiago de Padrón

Como chegar:

O xardín histórico de Padrón sitúase na avenida de Compostela, á beira da estrada N-550, no centro da vila de Padrón, polo que o seu acceso realízase a pé desde a mesma vila.



PALMEIRA DO SENEGAL DO XARDÍN ARTÍSTICO DE PADRÓN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 14F

Trátase dunha árbore sempre verde orixinaria do Senegal. Adoitan nacer varios pés xuntos ata configuraren harmoniosos conxuntos de grande amplitude e fermosura. Como soe ser habitual nas palmeiras, o tronco, chamado nestas árbores estipe ou estípite, non se ramifica e aparece coroado por un penacho de follas, que na palmeira do Senegal son pinnadas, de tipo palma.

Este monumento vexetal é, sen dúbida, unha das palmeiras de Senegal máis impresionantes do territorio español e un fermoso exemplo de palmeira multicaule, é dicir, que emite varios troncos ou fillos desde a base, formando unha gran masa impene-trable de fustes e palmas. É difícil saber cantos estipes brotan do rizoma común, pero contabilizáronse un número superior a 20, libres de palmas ata o seu ápice. Troncos e palmas entrecrúzanse e forman unha masa densa e embeleñada que dificulta o acceso ao seu interior. O seu perímetro basal mide 11 metros e a formación está rodeada por unha fermosa sebe de azaleas que realza o impresionante conxunto, facéndoo se cabe máis maxestoso. Esta singular palmeira é moi apreciada polos veciños de Padrón, moitos dos cales tomaban dela as palmas para o Domingo de Ramos



 **Especie:**

Phoenix reclinata Jacq.

Altura:

14,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

14,10 m

Diámetro da copa:

16,15 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528102;4732057



CASTIÑEIRO

DE INDIAS DO

XARDÍN ARTÍSTICO DE PADRÓN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 4A

O castiñeiro de Indias é unha árbore caducifolia orixinaria do surlleste de Europa, coas follas grandes, opostas, palmeado compostas, con sete ou nove folíolos coa beira serrada. As flores, de cor branca, pentámeras e bisexuais, agrúpanse en inflorescencias erguidas grandes e vistosas. Os froitos son cápsulas e as sementes son as coñecidas castañas de Indias. Cultívase adoito en parques e xardíns de Galicia.

Talvez o máis rechamante e valioso deste notable exemplar sexa que nos ofrece a posibilidade de contemplar un castiñeiro de Indias non sometido a tratamentos periódicos de poda nin á competencia con outras árbores. O resultado é unha árbore que amosa unha extraordinaria copa cilíndrica ou columnar, difícil de observar en individuos desta especie. O tronco, de gran volume e moi corpulento, medra vertical, e a case cinco metros de altura

 **Especie:**

Aesculus hippocastanum L.

Altura:

33,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,43 m

Diámetro da copa:

16,25 m

Idade estimada:

90-100 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528102;4732057

fórmase a cruz, composta por catro grandes brazos, aínda que un deles se volve ramificar case inmediatamente, polo que parecen cinco os brazos que forman a cruz.





COROA DE «CRISTO» DO XARDÍN HISTÓRICO DE PADRÓN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores*
Senlleiras co código 29A

Singular exemplar da asiática e caducifolia árbore do amor, así chamada por ter follas con forma de corazón, ou árbore de Xudas, denominación que recibe porque segundo a tradición Xudas Iscariote aforcouse guindándose dunha destas árbores.

Este monumento vexetal de Padrón posúe un atractivo moi especial, aínda que non se trata dunha árbore moi vella ou de dendrometría espectacular, pois non acada 1,50 m de altura cando está podado. A escasos centímetros do chan ramifícase en grosas ramas que foron dirixidas para adoptar forma circular e unirse fronte ao tronco á altura de 0,25 m, onde nacen as tres ramas principais que se ramifican de forma enmarañada para configurar unha singular es-



 **Especie:**

Cercis siliquastrum L.

Altura:

1,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

O exemplar non ten circunferencia normal, a esa altura a súa estrutura está totalmente modificada para realizar a «Coroa de Cristo».

Diámetro da copa:


1,20 m

Idade estimada:

Entre 50 e 100 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528102;4732057



trutura ou armazón vexetal, de perfil redondeado, coñecida como «Coroa de Cristo», que lle dá o nome ao exemplar, formando unha circunferencia unicamente apoiada no chan por esa pequena porción de fuste. Durante a primavera florece antes do agromo das follas, cubréndose de flores de cor rosada cun aspecto marabilloso.



CARBALLO FASTIXIADO


DO XARDÍN HISTÓRICO

DE PADRÓN

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 91A

A base do tronco, provista de grandes contrafortes para robustecer a súa anclaxe ao chan, ofrécenos un perímetro de 6,35 m, que se reduce notablemente onde rematan os contrafortes. Estál localizado na zona central do parque, sen competencia espacial coas demais árbores do espazo, o que lle permitiu conformar unha arquitectura sen limitacións. O tronco permanece indiviso e sen ramificar ata a cruz, da que nacen as ramas, que son case verticais e medran paralelas ao tronco e forman unha copa estreita e alongada, de forma piramidal-columnar, característica deste cultivar. O seu estado sanitario é bo, aínda que amosa no tronco cicatrices derivadas de labores culturais deficientemente realizadas, pero que en ningún caso comprometen a integridade desta maxestosa, singular e monumental árbore.



-  **Especie:**
Quercus robur L. «fastigiata»
(Lam.) Spach
- Altura:**
26,50 m
- Perímetro do tronco (1,30 m):**
3,61 m
- Diámetro da copa:**
15,80 m
- Idade estimada:**
125-150 anos
- Coordenadas U.T.M. (WGS 84):**
528102;4732057





SEQUIOIAS VERMELLAS DO XARDÍN HISTÓRICO DE PADRÓN

Recollidas no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 97A

As características das dúas sequoias vermellas do xardín de Padrón son semellantes, pois a época de plantación, tratamentos culturais, dendrometría, morfoloxía e estado sanitario son case os mesmos. Os seus anchos e robustos troncos sitúanse sobre bases moi engrosadas para mellorar a estabilidade e están protexidos por unha grosa casca fibrosa de cor parda avermellada. Unha vez superados os seis metros de altura comezan a ramificarse, formando amplas copas de perfil



piramidal. O exemplar máis grande de sequoia vermella do xardín recibe o nome de sequoia de Rosalía de Castro, pois ao pé do seu tronco tiña por costume sentar a poeta galega máis célebre cando visitaba o xardín paseando desde a súa próxima casa da Matanza, buscando a inspiración necesaria para crear os seus sentidos versos. O outro exemplar é coñecido polo nome de sequoia de «Macías O Namorado», trobador padronés do século XIV que viviu baixo o reinado de Pedro o Cruel e morreu traxicamente no castelo de Arjonilla.

As copas son piramidais, aínda que non totalmente regulares, pola presenza dalgunha rama seca

🚩 Especie:

Sequoia sempervirens (D. Don) Endl.

Altura:

41,30 e 39,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,28 e 6,31 m

Diámetro da copa:


16,95 e 16,50 m

Idade estimada:

Entre 100 e 125 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

528102;4732057



Como chegar:

Desde o centro de Padrón accétese a pé ata a zona vella, á beira do río Sar, fronte á igrexa parroquial atópase a monumental avenida de plátanos.

PLÁTANOS DE SOMBRA

DO PASEO DO ESPOLÓN DE PADRÓN

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 16F

Concello:

Padrón

Parroquia:

Santiago de Padrón

Lugar:

Paseo do Espolón de Padrón

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

527125;4731993

Na beira do río Sar, ao seu paso por Padrón, podemos contemplar esta fermosa formación catalogada. Trátase dun conxunto de 70 plátanos de sombra de grandes dimensións e cunha arquitectura común, dispostos en dúas aliñacións que flanquean un paseo á beira do río. Aproximadamente a dous metros de altura os troncos comezan a ramificarse, para logo formar a cruz da que saen as ramas principias, moi abertas e orientadas en odas as direccións, a fin de cubrir o maior espazo posible, configurando copas moi amplas e regulares. As ramas dos distintos exemplares entrelázanse nos meses de verán e outono, cando os vigorosos gromos anuais son visibles, mentres que no inverno e primavera aparecen espidas, desprovistas de ramas anuais e mostrando toda a súa estrutura. Nos ápices das ramas principias fórmanse as chamadas «cabezas de gato», muñóns ou verrugas derivadas das podas reiteradas na mesma zona. Moitos plátanos presentan polo tronco cavidades e podremias.

 **Especie:**

Platanus hispanica Mill.
ex Muenchh.

Altura:

10,50 e 11,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,40; 4,60 m

Diámetro da copa:

11,80; 12,45 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos



CAMIÑO PORTUGUÉS POLA COSTA

🍂 Lonxitude de 162,6 km

Saíndo dende Porto continúaase camiñando en paralelo coa costa cara ao norte. É un camiño que case non precisa de sinalética, o indicador é o océano, que vai quedando durante todo o traxecto á esquerda do viandante.

Ao chegar a Caminha hai peregrinos que optan por continuar ao longo do Miño cara a Valença e dende alí cruzar pola ponte internacional a Tui, abandonando a costa e continuando polo Camiño Portugués Central. Outros cruzan o Miño pola nova ponte de Vila Nova da Cerveira e continúan camiñando ata a Guarda, e algúns cruzan o Miño en barco ata A Guarda. Dende esa fermosa vila mariñeira segue a ruta pola costa galega, con dous tramos moi diferentes. O primeiro, dende A Guarda a Baiona, percorre a costa mais salvaxe, gozando das vistas do mar aberto, con zonas acantiladas onde se pode observar o marisqueo do percebe. No outro, a partir de Baiona e baixo a protección da costa da ría de Vigo, a liña litoral é suave, con praias de area branca. En Redondela o Camiño da Costa enlaza co de Tui, proseguindo dende aquí o mesmo itinerario.

Un dos monumentos máis importantes que imos atopar na nosa andaina é o mosteiro cisterciense de Santa María de Oia.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: sobreiras do Faro (Oia); casuarinas da alameda da Praza de Compostela, oliveira do Paseo de Alfonso XII, ombú do Castro, e matusalén de camelias, eucaliptos, faia e tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos (Vigo); calocedro de Torrecedeira, sobreira do Cristo de Arriba, carreira de buxos da illa de San Simón, e camelias, camelia sasanqua e tuia xigante do Pazo de Torres de Agrelo (Redondela); araucaria de Chile, sequoia vermella e criptomeira do castelo de Soutomaior (Soutomaior).

Outras árbores do Camiño Portugués pola Costa citadas e descritas en tramos coincidentes doutros camiños:



🌿 Camiño Portugués:

Freixo de folla estreita de Albarín (O Porriño); araucaria de Carballeira, cedros do Himalaia dos xardíns de Vincenti, carballo da capela de Santa Margarida, e castiñeiros xaponeses e chineses, cedro do Líbano, abeleira, criptomeria xaponesa, metasequoia, sequoia vermella e sófora do Pazo de Lourizán (Pontevedra); araucaria, cuningamia e carballeira do parque xardín de Caldas de Reis (Caldas de Reis); palmeira datileira do mosteiro de Herbón, figueira da Casa-Museo de Rosalía de Castro, oliveiras do cemiterio de Adina, plátanos de sombra do paseo do Espolón de Padrón, e palmeira do Senegal, castiñeiro de Indias, coroa de «Cristo», carballo fastixiado e sequoias vermellas do xardín histórico de Padrón (Padrón).

Camiño portugués pola Costa e localización das árbores descritas

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Sobreiras do Faro	Monte Faro	Santa Uxía de Mougas	Oia
2	Matusalén de camelias, eucaliptos, faia e tulipeiros de Virxinia do Pazo de Castrelos	Pazo de Castrelos	Vigo	Vigo
3	Casuarinas da alameda de Compostela	Alameda da praza de Compostela	Vigo	Vigo
4	Oliveira de Alfonso XII	Paseo de Alfonso XII	Vigo	Vigo
5	Ombú do Castro	Instituto de Educación Secundaria o Castro	Vigo	Vigo
6	Calocedro de Torrecedeira	Pazo de Torrecedeira	San Andrés de Cedeira	Redondela
7	Camelia, camelialia sasanqua e tuia xigante do Pazo de Torres de Agrelo	Pazo de Torres de Agrelo	Reboreda	Redondela
8	Alcornoque del Cristo de Arriba	Plaza pública de Reboreda	Reboreda	Redondela
9	Carreira de buxos da illa de San Simón	Illa de San Simón	Santo André	Redondela



Como chegar:

Desde o concello de Oia circúlase pola estrada PO-552 en dirección a Baiona durante dous quilómetros, ata pasar Viladesuso, e no lugar do Porto tomamos a vía que conduce á igrexa de Santa Uxía de Mougás, pola que circulamos aproximadamente tres quilómetros ata un desvío que indica «Sobreiras do monte Faro», que nos conduce por unha pista de terra durante dous quilómetros ata a entrada da formación catalogada.

SOBREIRAS DO FARO

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 33F

Esta formación foi declarada como Espazo Privado de Interese Natural (EPIN) en xaneiro de 2011 pola Consellería do Medio Rural, converténdose no primeiro de Galicia. Trátase dunha das escasas masas

Concello:

Oia

Parroquia:

Santa Uxía de Mougas

Lugar:

Monte Faro

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

512089;4654653



de sobreiras en rexións con clima oceánico que se coñecen en Galicia, o que lle confire unha notable singularidade bioxeográfica.

Formación case monoespecífica de sobreiras con idades comprendidas entre 70 e 120 anos. No interior da mesma é posible observar algúns carballos, así como ameñeiros e salgueiros nas zonas de maior humidade edáfica, sobre todo arredor do pequeno rego que transcorre polo interior do sobreiral. Algúns exemplares mostran na súa casca o recordo do grande incendio do verán de 2006, que pasou con gran virulencia por esta zona. A pesar de que as sobreiras non son de grandes dimensións nin de avanzada idade, trátase dunha formación vexetal moi interesante desde o punto de vista bioxeográfico, pois non abundan os sobreirais naturais en Galicia.



🚩 **Especie:**

Quercus suber L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

19,40 e 18,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,10 e 2,55 m

Diámetro da copa:

7,45 e 8,45 m

Idade estimada:

100 años



PAZO DE CASTRELOS

As primeiras novas do que hoxe en día é o Pazo de Castrelos (tamén chamado Quiñones de León) son do século XVI: unha torre medieval denominada de Lavandeira, propiedade da familia Tavarés, erguíase preto do actual pazo, sendo o morgado D. Juan Tavarés. Sen embargo, os xardíns son relativamente recentes, pois foron trazados a finais do século XIX polo xardineiro portugués Jacinto Matthos, por encargo do marqués de Alcedo. Pódense observar neles seis partes ben diferenciadas: o xardín de acceso, o xardín de roseiras, o xardín francés, o xardín inglés (ou «pradería do té»), a solaina ao fondo e o bosque. A diversidade de especies vexetais, sobre todo arbóreas, deste espazo é notable e catro monumentos vexetais están recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*, contando ademais con outros exemplares que sen estar catalogados son de excepcional beleza e interese botánico.

Dominando o espazo atópase o Pazo de Castrelos ou Pazo de Quiñones de León, cuxa orixe se remonta ao antigo Pazo de Lavandeira, cara a 1670, como recolle o escudo de armas da fachada principal. A finais do século XIX o predio e o pazo son herdados por dona María dos Milagros Elduayen, VIII Marquesa de Valladares, e o seu esposo Fernando Quiñones de León, marqués de Alcedo, quen emprendeu unha importantísima reforma do edificio e da súa contorna.




O pazo foi entregado ao Concello o 29 de abril de 1933. Desde 1937 acolle o museo municipal «Quiñones de León» e foise convertendo nun espazo emblemático da cidade de Vigo, ata que en 1955 foi declarado Jardín Artístico. En 1985, pola disposición adicional primeira da Lei 16/85 do 25 de xuño do Patrimonio Histórico Español, o pazo e parque son declarados Ben de Interese Cultural. Transferidas as competencias correspondentes á Xunta de Galicia, o 24 de marzo de 1991 publicouse no Diario Oficial de Galicia a súa consideración como Ben de Interese Cultural.

Nos últimos anos do século XX remodeláronse a carballeira do pazo e os terreos adxacentes, e os terreos dedicados a viveiro xunto ao río foron transformados en «parque biosaudable», ademais doutras actuacións.

En 2014 o parque foi incluído na Ruta da Camelia de Galicia e no ano 2017, coincidindo co 50 aniversario da Exposición Internacional da Camelia, plantáronse numerosas camelias de diversos cultivares



A photograph of a well-maintained garden. In the foreground, there are several large, spiky-leafed plants, possibly Pandanus or similar, with reddish-brown stems. Behind them, a series of terraced hedges in various shades of green and yellow-green create a stepped effect. In the middle ground, there are several palm trees, including a large one with a thick trunk and a smaller one in a stone urn. The background is filled with more trees and foliage, creating a dense, green environment.

Concello:
Vigo
Parroquia:
Vigo

Como chegar:

O parque e Pazo de Castrelos está situado no centro urbano da cidade de Vigo.



MATUSALÉN DE CAMELIAS DO PAZO DE CASTRELOS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 14A.

A data máis probable de introdución deste exemplar é o ano 1860, polo que se estima que xa supera o século e medio de existencia. Trátase dunha camelia de extraordinaria arquitectura. Aséntase sobre unha base leñosa formada pola zona basal das ramificacións e parte das raíces descubertas, que acada un perímetro de 5,40 metros e da que emerxen seis troncos cilíndricos e inclinados cara ao exterior, en busca de luz e espazo para desenvolverse, conformando unha copa moi ampla e globosa que adquire grandes dimensións. Está situada na fachada posterior do pazo, no interior do labirinto de buxo, que resalta a beleza do exemplar, sobre todo na época de floración.



🌸 **Especie:**

Camellia japonica L.

Altura:

8,70 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,10; 2,10; 0,98; 1,45 e 1,15 m

Diámetro da copa:

16 m

Idade estimada:

150-200 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

522563;4673674



EUCALIPTOS

DO PAZO DE CASTRELOS

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 46A

A avenida de eucaliptos foi plantada en 1872, polo que o conxunto, formado polos últimos 15 exemplares da plantación orixinal, acolle exemplares desta especie dos máis antigos de Galicia. A formación é unha dobre aliñación que bordea unha avenida, disposición escasamente representada en Galicia con árbores desta especie, e sitúase ao fondo do parque axardinado, a ambos os dous lados do camiño que parte desde o pombal ata o fondo do recinto amurallado, ao lado da antiga pista de tenis. Os troncos apóianse sobre grandes contrafortes para gañar estabilidade, polo que a base destes

l e m b r a
p o l a s ú a
f o r m a

unha para de elefante. Os eucaliptos máis grandes acadan alturas próximas aos 60 metros. As copas son de gran volume e as ramas dos distintos individuos aparecen entrelazadas a gran altura. A forte compactación do chan, lugar de paseo e estancia dentro do parque, está a provocar unha diminución volumétrica nalgúns exemplares, pero por agora non parece que afecte gravemente á formación.

🌿 **Especie:**

Eucalyptus globulus Labill.

Dendrometría dos tres exemplares máis destacados:

Altura:

56,5; 57,1 e 53,8 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,10; 5,40 e 5,60 m

Diámetro da copa:

14,45; 17,90 e 14,15 m

Edad estimada:

120-130 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

522499;4673396




FAIA DO PAZO DE CASTRELOS

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 48A

O exemplar catalogado medra en medio da área de arboredo do parque, polo que a forte competencia espacial á que está sometido obrigouno a medrar con moita rectitude, en busca da luz. A parte baixa do fuste, na unión co chan está fortemente engrosada, como adaptación para gañar estabilidade, sendo posible observar numerosos cordóns radicais e grandes contrafortes até unha altura de 30 cm, que lle confiren o aspecto de trompeta ou pata de elefante característico das árbores de grande altura, para soportar mellor os envites dos ventos. As ramas medran verticalmente desde a cruz, formando unha copa de perfil en semicilindro, xa que carece de espazo para desenvolver a típica forma globosa dos exemplares que medran en solitario.

Ata hai poucos anos unha faia xemelga medraba a escasos metros, pero na actualidade esta última desapareceu e no seu lugar medra unha sequoia. Na súa orixe o catálogo galego incluía a parella.



 **Especie:**

Fagus sylvatica L.

Altura:

45,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,68 m

Diámetro da copa:

22,15 m

Idade estimada:

110-130 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

522529;4673920



TULIPEIROS DE VIRXINIA DO PAZO DE CASTRELOS

Recollidos no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 57A

Os tulipeiros de Virxinia foron plantados na segunda metade do século XIX, probablemente durante o último cuarto. Polo amplo campo visual, o conxunto dos dous tulipeiros é o centro de atención de todas as miradas e provoca un inusitado interese nos visitantes, xa que son as árbores máis emblemáticas e de maior celebración dos xardíns.

Os troncos, de gran volume, medran sen se ramificar ata os catro metros de altura aproximadamente, onde a sucesión de ramas arredor dos fustes acaba por conformar as copas, de forma case tubular. Quizais un dos aspectos máis rechamantes é a gran cavidade que se observa na base do exemplar situado na Pradaría de Té, a carón do estanque, orixinada polo desprendemento dunha gran rama basal, como consecuencia dun gran vendaval, o 14 de febreiro de 1941. Existen outras cicatrices polos fustes que testemuñan a falta doutras ramas moi corpulentas.

As copas son amplas e maxestosas, de grandes dimensións, con algunha irregularidade pola ausencia dalgunha póla.



Especie:

Liriodendron tulipifera L.

Altura:

36,10 e 34,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,70 e 6,32 m

Diámetro da copa:

20,70 e 25,85 m

Edad estimada:

125-150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

522522;4673586

**Como chegar:**

O Camiño Portugués atravesa o interior da praza de Compostela, polo que se pasa baixo a copa dos exemplares.

CASUARINAS DA ALAMEDA DA PRAZA DE COMPOSTELA

Recollidas no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 26A (aínda que nel aparecen co nome trabucado de *Casuarina equisetifolia* L.)

A alameda ten a súa orixe nunha antiga plantación de álamos na zona do Areal de Vigo, preto do porto. Formaba parte do primeiro ensanche proxectado e parcialmente executado na cidade olívica tras derribar as murallas. Este ensanche, denominado «nova poboación», tivo ademais a particularidade de ser o primeiro realizado a través dunha iniciativa privada.

As casuarinas, catro árbores de grandes dimensións asentados sobre grandes plataformas basais, teñen os troncos ramificados a distintas alturas. Algún dos exemplares medra inclinado, aproveitando os claros de luz entre as árbores veciñas, nalgúns casos de maior tamaño e vigor que as casuarinas. Pola súa situación están obrigadas a competir pola luz con outras árbores, e seguramente sexa esa a razón pola cal acadan unha altura considerable, formando copas moi permeables e pouco densas, irregulares e asimétricas. Amosan claros signos de defoliación, sobre todo nas zonas apicais das ramas situadas a maior altura.

**Concello:**

Vigo

Parroquia:

Vigo

Lugar:

Alameda da praza
de Compostela

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

522909;4676531

🌿 Especie:

Casuarina cunninghamiana Miq.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

17,10 e 16,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,71 e 2,68 m

Diámetro da copa:

15,20 e 17,25 m

Idade estimada:

125-150 anos

**Como chegar:**

Está situada nun parterre entre a rúa Poboadores e o Paseo de Alfonso XII, nun lugar con excepcionais vistas á ría de Vigo e á península do Morrazo

OLIVEIRA DO PASEO DE ALFONSO XII

Recollida na *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 64A

Concello:
Vigo
Parroquia:
Vigo
Lugar:
Paseo de Alfonso XII
Coordenadas U.T.M. (WGS 84):
522909;4676531

É un descendente da memorable oliveira da colexiata de Santa María, árbore multiseccular de asombroso porte que desapareceu a principios do século XIX, xa que foi tallada con motivo da construción da nova igrexa. A esta primeira oliveira debe Vigo a denominación de «cidade olívica», e que ás viguesas e vigueses se lles considere fillas e fillos da oliva. Un vigués ilustre, Cayetano Parada e Pérez de Limia, separou unha rama da árbore proxenitora e plantouna na súa horta familiar, así conseguiu un fillo lexítimo que, por desexo expreso dos seus descendentes, pasou posteriormente ao lugar que ocupa a actual oliveira.

Ten a base moi ensanchada e o tronco é tortuoso e moi corpulento, envellecido pola idade, por estar situado nun ambiente urbano moi concorrido e, posiblemente, polos ventos mareiros, que chegan ata ela cargados de salinidade. Comeza a ramificarse a case tres metros de altura, onde se inicia a formación da copa, de grandes dimensións e beleza, algo diminuída polo lado que mira á ría, quizais pola influencia do vento mariño, que deposita sal nas súas follas e ramas, secándoas lentamente co paso do tempo. Sitúase no Paseo de Alfonso XII, onde dispón de espazo para medrar e pódese contemplar desde unha ampla conca visual.

Especie:
Olea europaea L.

Altura:
17,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):
2,70 m

Díámetro da copa:
15,30 m

Idade estimada:
200-250 anos

**Como chegar:**

O ombú atópase no centro urbano da cidade de Vigo, na rúa José Gómez Pousada-Curros, número 1, na ladeira sur do Monte Castro.

OMBÚ DO CASTRO

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 149A

O ombú é unha árbore dioica sempre verde orixinaria de América do Sur, onde se considera a árbore nacional da Arxentina. Ten as follas planas e alternas, flores unisexuais dioicas (hai pés macho e pés femia) e froito carnoso moi venenoso. Forma unha copa ampla moi frondosa, pero o máis rechamante desta especie é a base do tronco, de casca gris, que se expande sobre o solo formando unha plataforma de grandes dimensións. Cultívase como árbore ornamental en parques e xardíns galegos, pero non é moi común.

Trátase dun exemplar de grandes dimensións asentado sobre unha ampla plataforma basal, oca no seu interior. Case a metade do exemplar sufriu unha gran crebadura a finais de agosto de 2019, quedando moi deteriorado e perdendo unha parte importante da súa copa. A facilidade desta especie para emitir novos rebentos fai que se manteña o optimismo en canto á súa recuperación. A pouca altura do chan fórmase a cruz, composta por cinco grosos brazos que se elevan verticalmente, o que dá lugar, tras sucesivas divisións, a unha silueta con forma de parasol, semellante á copa dun piñeiro manso.

**Concello:**

Vigo

Parroquia:


Vigo

Lugar:

Instituto de Educación
Secundaria o Castro

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

552645;4678645



Especie:

Phytolacca dioica L.

Altura:

14,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,93; 2,52; 2,50; 3,29; 3,20 m

Diámetro da copa:

17,20 m

Idade estimada:

90 anos



Ao parecer esta árbore foi traída a Vigo por D. Martín Echegaray Olañeta en marzo de 1931, como agasallo do Centro Galego de Bos Aires.

**Como chegar:**

Sáímos de Redondela pola estrada N-552 pola que circulamos aproximadamente un quilómetro ata a primeira rotonda, na que tomamos a segunda saída cara a Cedeira, ata chegar á aldea de Cruceiro. Desde esta localidade seguimos polo camiño Condessa de Torrecedeira durante 200 metros ata a entrada do Pazo de Torrecedeira.

CALOCEDRO DO PAZO DE TORRECEDEIRA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 10A

Este marabilloso exemplar ten a súa orixe no proxecto orixinal de axardinamento do pazo, deseñado por un arquitecto francés e executado por Lombard, mediante o que se transformou o terreo e se creou un espléndido xardín presidido polo calocedro. Aínda que as orixes do pazo se remontan ata o século XII, a árbore plantouse durante a creación do xardín, na década de 1860. Trátase dun maxestoso exemplar desta conífera de América do Norte, cun perímetro de 7,55 metros na base do tronco, formada por grosos contrafortes que non desfiguran o seu contorno circular.

**Concello:**

Redondela

Parroquia:

San Andrés de Cedeira

Lugar:

Pazo de Torrecedeira

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

630679;4680864

A cruz fórmase a dous metros de altura aproximadamente, desde onde saen cinco grandes brazos que se dividen rapidamente, o que dá a sensación de o conxunto estar formado por máis ramificacións. Algunhas destas co-



mezan a crecer case en paralelo ao chan, aínda que despois medran con gran verticalidade, ata competir coa guía principal e acadar o conxunto os 38 metros de altura. Reprodúcese sexualmente de xeito natural, e é frecuente atopar no seu entorno brinzais nados das sementes que caen ao chan.



Especie:

Calocedrus decurrens (Torr.)

Florin

Altura:

37,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

7,05 m

Diámetro da copa:

13,10 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos




PAZO DE TORRES AGRELO

O Pazo de Torres Agrelo, sito na parroquia de Santa María de Reboreda (Redondela, Pontevedra) a media ladeira, recolle todos os elementos e estruturas substanciais (pazo, capela, pombal, invernadoiro, xardíns, plantas ornamentais, etc.) que caracterizan o mundo pacego. Sen dúbida, un dos valores principais que agocha a propiedade señorial reside no seu mundo verde, en todas as súas vertentes: paisaxe, agro, xardín e flora. A orixe remóntase a 1865, cando o mariscal Rubín de Celis manda construír o edificio actual sobre as ruínas dun antigo convento franciscano. Desde entón o pazo serviu como vivenda de personaxes ilustres, como os políticos Eugenio Montero Ríos e Cristino Martos ou o pintor Joaquín Sorolla. Tamén serviu como enclave de recepcións militares, como refuxio durante a Guerra Civil e como hospital militar durante a Segunda Guerra Mundial. Desde 1960 quedou abandonado ata finais do S. XX, cando o espectacular predio de 8 hectáreas e as edificacións foron restauradas para acoller a celebración de eventos.



A xardinería, desde o momento inicial mantívose durante décadas como un proxecto de grandes pretensións. O desmonte do terreo, coa conseguinte formación de socalcos, foi a solución para poder axardinar a nobre posesión que hoxe, afortunadamente, está restaurada con novas miras: o turismo rural. Presenta numerosos compartimentos axardinados, como a gruta, o estanque, o invernadoiro, o miradoiro, o canal, o paseo de abeleiras e unha interesante colección de árbores exóticas de grandes dimensións





Concello:
Redondela
Parroquia:
Reboreda

Como chegar:

Desde Redondela tómase a estrada N-550 en dirección Pontevedra durante tres quilómetros, onde se vira á dereita no camiño Novesas-Cesantes, inmediatamente vólvese a virar á dereita polo camiño Agrelo-Cesantes, que nos dirixe directamente á entrada do Pazo Torres de Agrelo.



CAMELIAS DO PAZO DE TORRES AGRELO

Recollidas no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 13A

No interior do recinto do pazo encontramos numerosas plantas de camelias de grande interese, sen embargo, son dous os individuos de camelia xaponesa catalogados. Ambos exemplares, situados próximos ás escaleiras da fonte, están incluídos entre un grupo de antigas camelias que datan do momento de execución do proxecto paisaxístico do pazo, na segunda metade do século XIX. Os troncos ramifícanse case ao nivel do chan sobre anchas plataformas basais das que emerxen varios fustes para os que resulta difícil definir o perímetro, que medran de forma radial e inclínanse cara ao exterior, polo que ambos exemplares conforman copas globosas de grandes dimensións, pero non moi rechamantes por estar inmersas baixo as copas doutras árbores de maior tamaño, esta circunstancia obrigou ás camelias a medrar tamén en altura en busca de luz.



🌿 **Especie:**

Camellia japonica L.

Altura:

13,10 e 12,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

Un exemplar ten varios pés o que dificulta a medición deste parámetro porque están moi xuntos.

O outro exemplar posúe cinco troncos de 1,60; 1,35; 0,95; 0,95 e 1,20 m de perímetro normal.

Diámetro da copa:

13,30 e 14,30 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

532970;4682496



CAMELIA SASANQUA


DO PAZO DE TORRES

AGRELO


Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 16A

Exemplar de *Camellia sasanqua* 'Barão de Soutelinho', de flores fragrantas, o de maiores dimensións do país, que foi plantado nos xardíns cara a finais do século XX; está incluído no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* polo seu tamaño, idade e singularidade.

A base do tronco é regular, con forma redondeada, e divídese pronto, a 0,80 m de altura sobre o chan, en dous brazos que, á súa vez, volven dividirse a poucos centímetros, formando unha copa redondeada, equilibrada e globosa, de forma regular, excepto por un lado no que a forte competencia exercida por outras camelias e unha criptomeria elegante obrígaa a adaptar a súa forma. Medra no xardín do Miradoiro, na entrada ao recinto do pazo, o que facilita a súa localización, sendo moi admirada polos visitantes ao recinto.

-  **Especie:**
Camellia sasanqua Thunb.
- Altura:**
9,60 m
- Perímetro do tronco (1,30 m):**
2,09 m
- Diámetro da copa:**
10,70 m
- Idade estimada:**
Entre 125 e 150 anos
- Coordenadas U.T.M. (WGS 84):**
533002;4682400






TUIA XIGANTE DO PAZO DE TORRES AGRELO

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 104A

A tuia xigante é unha árbore conífera sempre verde orixinaria de América do Norte. As follas son escamosas, opostas decusadas, aplicadas sobre as ramas pequenas en catro ringleiras, e as piñas son de pequeno tamaño e coas escamas imbricadas. Emprégase con frecuencia como planta ornamental en parques e xardíns de Galicia.

O exemplar de Torres de Agrelo atópase san e vigoroso. Mágoa que os efectos atmosféricos truncaran a copa hai anos, reducindo notablemente as súas dimensións, aínda que non a súa beleza. O tronco é grosso e está robustecido por pequenos contrafortes basais para poder suxeitar a que foi unha impresionante copa. A tres metros de altura o tronco bifúrcase en dous brazos de grandes dimensións, que medran con gran verticalidade. A copa amósase irregular e asimétrica, en parte polos efectos atmosféricos comentados, e tamén pola forte competencia á que está sometida pola proximidade doutras árbores de gran talla.



🌿 **Especie:**

Thuja plicata Don ex D. Don.

Altura:

18,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,15 m

Diámetro da copa:


17,95 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

533080;4682521

**Como chegar:**

Para acceder ao exemplar, desde Redondela circúlase pola estrada PO-250 ata o cruce de Reboreda, a uns 2 quilómetros. Unha vez en Reboreda encontramos a sobreira á beira da praza pública da vila.

SOBREIRA DO CRISTO DE ARRIBA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 95A

Na parte máis alta da praza de Reboreda, a carón do cruceiro do Cristo de Arriba e moi próxima ao celebre Carballo das Cen Pólas (do que tan só se conserva o esqueleto), atópase a monumental sobreira. Orixinalmente formaba parte dos terreos do Pazo de Reboreda. Sen lugar a dúbidas un dos aspectos máis destacados do pazo e das árbores que o rodean é a súa relación coa familia de Ramón Otero Pedrayo e coa súa última novela «O señorito da Reboraina», escrita en 1960 e baseada na vida dun veciño da parroquia de Reboreda.

O tronco aparece revestido dunha densa capa de cortiza e na base posúe grandes contrafortes, rugosidades e verrugas, o que fai que teña un perímetro basal superior a seis metros. Esta ampla circunferencia mantense ata a cruz, situada a case catro metros de altura e da que saen un par de brazos

que pronto se ramifican, configurando unha copa aberta e moi irregular derivada da perda doutras ramas de grandes dimensións, que acada 20 metros de diámetro aproximadamente.

**Concello:**

Redondela

Parroquia:

Reboreda

Lugar:

Praza pública de Reboreda

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

533530;4681256

🌿 Especie:

Quercus suber L.

Altura:

17,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,10 m

Diámetro da copa:

20,30 m

Idade estimada:

Entre 200 e 300 anos

**Como chegar:**

A única forma de acceder á illa é en barco. Na actualidade hai liña de barco regular no verán e Semana Santa desde os portos de Cangas do Morrazo e Cedeira (Redondela).

Concello:

Redondela

Parroquia:

Santo André

Lugar:

Illa de San Simón


Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

530606;4683886



CARREIRA DE BUXOS DA ILLA DE SAN SIMÓN

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 24F





Tamén coñecida como a «illa do pensamento», San Simón agocha importantes feitos históricos acontecidos na Ría de Vigo. Habitada desde a Prehistoria e ocupada polos romanos, foron os cabaleiros templarios os que a volveron poñer de actualidade coa construción dun mosteiro no século XII, que máis tarde pasou a ser dos franciscanos. E ata chegou a pertencer a Isabel a Católica, aínda que se hai un feito histórico que chama a atención aos visitantes é a vinculación co pirata e corsario Francis Drake, que saqueou a illa a finais do século XVI.

A carreira de buxos está formada por algo máis de 50 exemplares nunha dobre aliñación delimitando unha avenida, cuxa bóveda son as copas dos buxos de máis de 200 anos de idade, e constituíndo un dos lugares máis emblemáticos da illa. A maioría dos exemplares foron podados nas zonas baixas para permitir o tránsito pola avenida, amosando nos seus troncos libres de ramaxe a característica casca de cor clara e con moitas gretas de escasa profundidade.

🌿 **Especie:**

Buxus sempervirens L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

8,90 e 10,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

0,70 e 0,56 m

Diámetro da copa:

3,65 e 3,20 m

Idade estimada:

Entre 200 e 300 anos



CASTELO DE SOUTOMAIOR

A finca do castelo de Soutomaior ten 25 hectáreas e, ao longo da súa historia, foi destinada a diferentes usos. Na actualidade o predio está dividido en catro partes: a área de parque que rodea o castelo, con 6 hectáreas de superficie, a área de froiteiras, a zona de viñedo e a zona de bosque. No parque botánico medran máis dun milleiro de árbores e arbustos, pertencentes a 127 especies diferentes que corresponden a 40 familias botánicas. A pesar de as anxiospermas seren o grupo máis abundante, as ximnospermas constitúen unha importante colección debido á magnificencia dos seus exemplares, que destacan entre as outras plantas leñosas que medran no xardín.



O espazo máis emblemático e visitado é a zona do parque que rodea o castelo, onde se atopan os exemplares arbóreos de maior interese e antigüidade, e onde son abundantes as especies exóticas: cipreses dos pantanos (*Taxodium distichum*), cedros do incenso (*Calocedrus decurrens*), araucarias da illa de Norfolk (*Araucaria heterophylla*), camelias (*Camellia japonica*), abetos de Douglas (*Pseudotsuga menziesii*), pinsapos (*Abies pinsapo*), ocotes ou piñeiros mexicanos (*Pinus patula*) ou fentos arbóreos (*Cyathea cooperi*), entre outras. No conxunto destacan tres exemplares incluídos no Catálogo Galego de Árbores Senlleiras, a araucaria de Chile (*Araucaria araucana*), a criptomera do Xapón (*Cryptomeria japonica*) e a sequoia vermella (*Sequoia sempervirens*). Recentemente, foi descatalogado un exemplar de ciprés de Lawson (*Chamaecyparis lawsoniana*), polo seu deficiente estado sanitario.



O parque alberga, ademais, elementos que complementan o xardín e potencian a súa beleza: monumentos escultóricos dedicados á xente do mar (*A volta do mar*, fronte á residencia, e *Familia marinera* no xardín xeométrico), un fermoso estanque que imita o perfil da ría de Vigo, un estanque redondo acompañado polo exemplar de camelia máis importante do parque, unha fonte de pedra, coñecida como

a «Fonte da Marquesa», rodeada de magníficos tileiros e polo exemplar máis relevante de sequoia vermella da finca; podemos ver, ademais, bancos de forxa e de pedra dispostos ás beiras dos sendeiros que percorren o xardín.

Próximas ao parque hai unha importante colección de especies e variedades de camelias e as edificacións complementarias ao castelo: o hotel-pousada, unha carpa onde se celebran eventos de diversa índole e o edificio de apeiros. Na zona de entrada do castelo, a man

dereita, podemos gozar contemplando un pequeno xardín francés xeométrico, onde están representados o escudo de armas de Pedro Madruga e o da Deputación de Pontevedra, formados por plantas de buxo (*Buxus sempervirens*) e ornamentados con plantas de tempada. Á esquerda da entrada principal esténdese unha pradería e tamén pasa o camiño que leva á parte traseira do castelo, que se inicia entre grandes plátanos (*Platanus x hispanica*) e continúa entre camelias reticuladas (*Camellia reticulata*), carballos (*Quercus robur*) calocedros (*Calocedrus decurrens*), entre outros. Quedan en pé algúns exemplares moi vellos de castiñeiro, nalgúns casos só os troncos secos, que testemuñan a existencia no pasado de soutos na zona, como tamén testemuña o nome do concello (Soutomaior).

O castelo de Soutomaior foi recoñecido como «Xardín da Excelencia Internacional de Camelias» pola Sociedade Internacional da Camelia, sendo o primeiro de España e o sétimo de Europa en recibir o galardón, xa que ademais das numerosas árbores monumentais que viven nos seus xardíns, entre elas algunhas camelias, tamén é posible contemplar neles 442 plantas de camelias pertencentes a 25 especies e numerosos híbridos e cultivares.



Como chegar:

Desde Arcade desvíamonos pola estrada EP-2908 ata atopar o castelo, situado a 6 quilómetros aproximadamente.

Concello:

Soutomaior

Parroquia:

Soutomaior (San Salvador)



ARAUCARIA DE CHILE DO

CASTELO DE SOUTOMAIOR

Incluída no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 7A

O nome de *araucaria* provén da rexión de Arauco (Chile), onde se descubriu esta especie, natural na cordilleira dos Andes, entre Arxentina e Chile, e na cordilleira de Nahuelbuta en Chile. As araucarias son árbores moi primitivas, veneradas polos *pehuenches* (rama da cultura mapuche), que converteron as sementes na base da súa dieta. De feito elaboraron con elas bebidas e pan (pan de Arauco), debido ao alto poder alimenticio que ten. O nome vulgar de cola de macaco débese á forma das súas pólas.

O exemplar de Soutomaior, situado en pleno centro do antigo parque botánico, a medio camiño entre o estanque e a fonte da marquesa, é o de maiores dimensións entre os coñecidos en Galicia. O tronco medra dereito con gran verticalidade e non forma a copa ata 22 metros de altura, aínda que hai algunhas ramas algo máis baixas. Na base, outras dúas araucarias, seguramente gromos de raíz, acompañan ao tronco principal, formando un fermoso conxunto de tres pés de diferentes dimensións. Árbore citada por Rafael Areses no seu libro *Nuestros parques y jardines* (1953), e posteriormente, como exemplar singular, no libro *Flora ornamental de España* (Lillo e Ramos, 1972).



🌿 **Especie:**

Araucaria araucana (Mol.) K. Koch

Altura:

26 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,49 m

Díámetro da copa:

6,05 m

Idade estimada:

Entre 120 e 140 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

535785;4686684



SEQUOIA VERMELLA DO CASTELO DE SOUTOMAIOR

Exemplar incluído no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 98A

A sequoia vermella de Soutomaior posúe unha morfoloxía moi característica. Dunha base común xorden tres fustes, que algúns autores interpretan como un único exemplar mentres que outros pensan que se trata de tres árbores diferentes plantadas moi preto unhas das outras e que ao medrar uniron os seus troncos. Os tres fustes teñen as bases unidas e van separándose a escasa distancia do chan, para medrar con gran verticalidade e obrigados pola competencia de luz que exercen entre eles e a dos demais exemplares próximos. A copa non presenta o característico perfil piramidal das árbores desta especie que medran illados, senón que é case tubular, ao estar condicionada pola insuficiencia de espazo.

 **Especie:**

Sequoia sempervirens (D.Don.) Endl.

Altura:

43,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

9,90 m

Diámetro da copa:

14,25 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

535825;4686617





CRIPTOMERIA DO

CASTELO DE SOUTOMAIOR

Incluída no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 35A

Crese que a plantación da criptomeria (igual que a dos demais exemplares incluídos no catálogo galego) se realizou coa execución do proxecto de axardinamento que se levou a cabo con motivo da transformación do castelo en pazo, a partir do ano 1870, na época do marqués de la Vega de Armijo.

O seu tronco, fortemente engrosado na base, a modo de pata de elefante, para conferirlle estabilidade á árbore, presenta unha gran cavidade que permite entrar no interior. Actualmente unha barra de aceiro atravesa toda a cavidade, tentando suxeitar a delicada estrutura da criptomeria. Esta circunstancia non parece afectar o seu vigor e capacidade de crecemento, pois érguese con gran verticalidade e amosa vigor. Na zona media do tronco son visibles os restos das ramas que antes poboaban esta zona. A copa non é moi ampla e fórmase pola sucesión de ramas ao longo do fuste.



🌿 **Especie:**

Cryptomeria japonica (L.f.) D. Don.

Altura:

29,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,95 m

Díámetro da copa:

10,05 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS 89):

535737;4686815



CAMIÑO PRIMITIVO

🍂 Con dúas variantes á altura de A Fonsagrada, unha por San Xoán de Padrón, de 162,9 km, e a outra por Pobra de Burón, de 164 km.

A razón de porque se lle chama Primitivo é que foi Alfonso II o primeiro rei que foi peregrino a Compostela e que o fixo dende Oviedo, capital do reino, ata o lugar onde se descubriera a edícula do santo.

É un dos camiños mais espectaculares e complicados, a súa orografía montañosa faino á mesma vez fermoso e moi esixente para o peregrino. Parte do itinerario coincide con antigas vías romanas que chegaban dende o norte á Gallaecia pasando por Lucus Augusta (Lugo).

As dúas cidades máis importantes son Oviedo e Lugo. A primeira era a capital do reino Astur no momento do descubrimento da tumba do apóstolo, e na súa catedral gárdanse importantes reliquias, o que fixo desta cidade un centro de peregrinación. Na catedral de Lugo, cidade de orixe romana, exponse o Santísimo Sacramento probablemente dende o século XV, o que tamén atraerá a visita dos fieis romeiros.

Este camiño foi moi frecuentado polo pobo asturgalaico e por moitos peregrinos chegados polo Camiño do Norte que, ao chegar a Oviedo, decidían continuar por esta ruta primitiva. Tamén houbo os que facendo o Camiño Francés se desviaban, chegando a León, cara á catedral de Oviedo, para render culto ás reliquias que alí se veneran e á figura do Salvador. Un antigo e popular refrán di: «Quen vai a Santiago e non ao Salvador, visita ao servo e non ao seu Señor». Por esta razón, moitos devotos decidían visitar Oviedo e continuar despois cara a Santiago polo Camiño Primitivo.

Sabemos que esta senda foi máis frecuentada nos inicios da peregrinación pero hai evidencias, sobre todo de hospitais, como por exemplo o Hospital de Montouto, que testemuñan que acollían peregrinos por todo o trazado en épocas posteriores.

Topónimos como o da Fonsagrada, cuxa orixe podería ser o de, Fontem Sacra, fan referencia así ao paso do camiño.


Pero o Camiño Primitivo destaca sobre todo pola beleza da súa paisaxe, montañosa en gran parte do seu percorrido, suavizándose na súa parte final. Esta antiga senda conecta co Camiño Francés en Melide, dende onde continúan xuntas ata Santiago de Compostela.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: teixo da Fontaneira (Baleira); sóforas xaponesas da Praza Maior e magnolias chinesas do Campo Castelo e píceas azul, pinsapo, cedros do Atlas, sequoias xigantes do Parque de Rosalía de Castro (Lugo); cedros do Atlas do convento de Melide (Melide); piñeiro manso de Boente (Arzúa), e carballeira, teixos e árbore das trompetas do Pazo de Brandeso (Arzúa).


Outras árbores do Camiño Primitivo citados e descritos en tramos coincidentes de outros camiños:

- 🌿 Camiño do Norte: Eucalipto e buxal da casa de Botana (Arzúa), acivro e douglasia verde do Pazo de Casanova (O Pino).

Camiño Primitivo e localización das árbores descritas



Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Teixo da Fontaneira	A Pasada	A Fontaneira	Baleira
2	Píceas azul, Pinsapo, Cedros do Atlas, Sequoias xigantes do parque de Rosalía de Castro	Parque de Rosalía de Castro	Santiago(A Nova)	Lugo
3	Sóforas xaponesas da Praza Maior de Lugo	Praza Maior	Santiago (A Nova)	Lugo
4	Magnolias chinesas do Campo Castelo	Praza de Campo Castelo	Santiago (A Nova)	Lugo
5	Carballeira, Teixos e Árbore das trompetas do Pazo de Brandeso	Pazo de Brandeso	San Lourenzo	Arzúa
6	Piñeiro manso de Boente	A carón da estrada N-547	Boente	Arzúa
7	Cedros do Atlas do convento de Melide	Convento de Melide	San Pedro	Melide




Como chegar:

Desde o Alto da Fontaneira tómase a estrada LU-P-0407, pola faremos 500 metros ata o primeiro desvío á dereita, que nos conduce directamente á aldea da Pasada.

TEIXO DE FONTANEIRA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 145A

O monumental teixo sitúase na parte baixa dun noiro e a parte inferior deste está danada polo paso dos carros e dos tractores pegados ao seu pé. O tronco, de gran diámetro, é de escasa altura, xa que a copa coincide case coa parte máis elevada do noiro, nivel ao que comeza un prado de sega. A copa, de gran volume, é achaparrada e baixa, e desenvolve gran parte das ramificacións por enriba do camiño e dos tellados anexos.



Concello:

Baleira

Parroquia:

A Fontaneira

Lugar:

A Pasada

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

648604;4765681

🌿 Especie:

Taxus baccata L.

Altura:

9,80 m

Perímetro do tronco

(1,30 m):

8,72 m

Diámetro da copa:

18,45 m

Idade estimada:

500 anos

PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO

O parque de Rosalía de Castro de Lugo, cunha superficie de cerca de 3 ha (5,5 ha se incluímos as costas do parque) é a zona verde máis importante da capital lucense. Foi creado a principios do século XX, se ben as primeiras construcións datan dos anos 1909-1912. Porén, o parque foi inaugurado no ano 1925 co nome de parque de Alfonso XII, ata que posteriormente adoptou o nome de Rosalía de Castro, para render homenaxe a poeta e novelista galega. Conta cunha marabillosa colección de árbores de grandes dimensións pertencentes a case 100 especies diferentes, entre eles podemos destacar algunhas, como as sequoias xigantes (*Sequoiadendron giganteum*), pradairos (*Acer pseudoplatanus* e outras especies do xénero), pinsapo (*Abies pinsapo*), picea azul (*Picea pungens* «Glauca») ou cedros do Atlas (*Cedrus atlantica* «Glauca»).



Un dos singulares atractivos do parque son as distintas fontes e estanques que acolle, nos que se poden ollar distintas especies de anátidas e coleccións de roseiras de gran beleza. Na zona oeste do parque hai un gran miradoiro a xeito de balconada sobre o val do río Miño, cunha fermosa pérgola sobre a que medra unha impresionante glicinia (*Wisteria sinensis*) de grandes dimensións. Posúe un bo número de monumentos, dedicados por exemplo á escritora Rosalía de Castro, ao alcalde López Pérez (promotor do parque) e ao clérigo e músico Xosé Castiñeira Pardo.

O Parque acolle tamén unha maqueta a grande escala dun mapa en relevo da Península Ibérica.

A cidade de Lugo, de orixe romana, atesoura tres monumentos que foron declarados Patrimonio da Humanidade pola UNESCO: a muralla romana, no ano 2000, a catedral, no ano 2015, e o Camiño Primitivo, tamén no ano 2015.



Concello:
Lugo
Parroquia:
Santiago (A Nova)

Como chegar:

O camiño pasa pola cidade de Lugo e sae da cidade vella pola porta de Santiago da muralla romana, onde podemos acceder á rúa de Viveiro, que nos leva directamente ao parque.



PÍCEA AZUL DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO

Aparece illada detrás da cafetería do parque, nas proximidades da entrada principal. Empeza a ser visible a moita distancia pola característica cor azulada das súas agullas. O fuste está libre de ramas ata superados os seis metros de altura. As ramas principais medran colgantes, o que lle confire unha curiosa arquitectura, cada unha delas ramifícase en todas as direccións po-boando abundantemente a copa, que adota perfil piramidal.



 **Especie:**

Picea pungens Engelm.

Grupo Glauca

Altura:

23,20 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,73 m

Diámetro da copa:

14,05 m

Idade estimada:

100-125 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617460;4762516





PINSAPO DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO

Estamos perante un exemplar de fermosa arquitectura que medra dereito cara ao ceo, mantendo a verticalidade ao longo do seu fuste. A case 10 metros de altura comeza a formarse a copa, coa forma piramidal típica da ramificación mo-

nopódica, característica da maior parte das coníferas. As ramas dispóñense case radialmente arredor do tronco.

A pesar da súa xuventude, 100 anos de idade, xa posúe unha altura próxima a 25 metros. A privilexiada situación da que goza, con espazo suficiente no marco dun xardín público e ben conservado, favorece o rápido crecemento e que a súa feitura exprese a potencialidade da especie.

 **Especie:**

Abies pinsapo Boiss.

Altura:

24,80 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,09 m

Diámetro da copa:

10,90 m

Idade estimada:

100 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617418;4762537





CEDROS DO ATLAS DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO

Marabilloso conxunto formado por catro exemplares de grandes dimensións situados nas proximidades do parque infantil. As bases atópanse lixeiramente engrosadas para lles conferir maior estabilidade e os troncos medran con gran verticalidade, de xeito que presentan ramificacións a baixa altura e conformando copas moi amplas e de grandes dimensións. Goza de boa saúde e non parecen ter problemas en aparencia.



🌿 **Especie:**

Cedrus atlantica (Endl.) Carrière
Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados:

Altura:

25,80 e 27,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,80 e 4,10 m

Diámetro da copa:

20,00 e 18,85 m

Idade estimada:

120-150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617418;4762565





SEQUIOIAS XIGANTES DO PARQUE DE ROSALÍA DE CASTRO

A sequoia xigante, procedente da costa oeste de EE. UU., tamén coñecida como «árbore mamut» pode chegar a vivir máis de 3000 anos e acadar troncos con diámetros superiores a 12 metros, e alturas de

máis de 100 metros, o que a converte nunha das árbores máis altas do mundo.

Os exemplares do parque de Rosalía de Castro mostran troncos de grandes dimensións, moi ensanchados na base. Os perímetros basais, superiores en todos os casos a oito metros, redúcense rapidamente á altura do peito, amosando a característica forma de pata de elefante típica dos exemplares de grandes dimensións desta especie. Non comezan a ramificar ata bastante altura, permitindo o paso baixo as súas copas, que teñen perfil cónico e moi regular.

Inicialmente había oito exemplares bordeando a glorieta da «Fonte Xacobeá», pero as doenzas e os vendavais só deixaron dous.

 **Especie:**

Sequoiadendron giganteum (Lindl.) Buchh.

Altura:

32,70 e 30,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,75 e 6,15 m

Diámetro da copa:

12,50 e 14,80 m


Idade estimada:

100 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617381;4762471





Como chegar:

A Praza Maior de Lugo atópase no centro do casco urbano, no interior da muralla romana.



SÓFORAS XAPONESAS DA PRAZA MAIOR DE LUGO

A sófora, unha especie orixinaria do centro, norte e noroeste da China e de Corea, foi introducida en Europa polas súas características ornamentais. A variedade pendula ten as ramas colgantes que lle confiren un aspecto «chorón». Trátase dun conxunto de oito exemplares de tronco retorto e moi ornamental, de menor porte que a especie tipo, e coa ramaxe arqueada e colgante. Multiplícase por enxerto. As ramas colgan desde a cruz, para dar ao exemplar o característico porte chorón das variedades colgantes, con forma de parasol ou cogome-lo. A copa é de reducidas dimensións pero de gran fermosura.



Concello:

Lugo

Parroquia:

Santiago (A Nova)

Lugar:

Plaza Maior

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617589;4762921

🌿 Especie:

Styphnolobium japonicum (L.) Schott
'Pendulum' Loud.

Dendrometría dos exemplares
máis destacados:

Altura:

4,70; 4,50; 4,50 e 4,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,10; 0,97; 1,25 e 0,82 m

Diámetro da copa:

7,30; 6,40; 6,80 e 4,70 m

Idade estimada:

100-125 anos



Como chegar:

A praza de Campo Castelo atópase na fachada posterior do concello, no interior da muralla romana.

Concello:

Lugo

Parroquia:

Santiago (A Nova)

Lugar:

Plaza de Campo Castelo

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

617764;4762931

MAGNOLIAS CHINESAS DE CAMPO CASTELO

Estas magnolias chinesas proveñen do híbrido producido espontaneamente polo cruzamento doutras dúas especies, a magnolia de Iulán (*Magnolia denudata*) e a árbore lirio (*Magnolia liliflora*). O nome Soulangiana foi posto na honra de Étienne Soulanges-Bodin (1774-1846), botánico francés e oficial do exército que desempeñou un papel importante na organización da horticultura profesional en Francia. Na praza de Campo Castelo medran cinco exemplares de grandes dimensións e características semellantes. Todos se ramifican case desde o chan en grandes brazos que se dispoñen radialmente para formar copas amplas e con forma de parasol. Son de floración precoz, antes de as follas agromaren, é espectacular e enche de cor a praza, polo que son moi apreciadas polos lucenses.

🌿 Especie:

Magnolia x soulangiana Sould.-Bod.

Altura:

10,10; 11,60; 8,60; 8,90 e 9,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

Todos os exemplares están formados por varios fustes

Diámetro da copa:

9,15; 7,60; 8,10; 6,90 e 7,90 m

Idade estimada:

150 anos





Exemplar de glicinia (*Wisteria sinensis*) desaparecida no ano 2014.

PAZO DE BRANDESO

O Pazo de Brandeso é unha propiedade de 12 hectáreas de extensión, antiga residencia da burguesía galega de principios do século XVII (1620). A capela do pazo leva o nome de «Capela da Inmaculada» e foi construída en 1544 e restaurada posteriormente en 1664, 1908 e 2014. Alberga enterramentos do século XVII, entre outros os dos fundadores do pazo, Fernán Montero de Mella e Inés de Villar y Aguiar, en sepulcros con policromía ben conservada.

O pazo é edificio de planta rectangular, que tras a anexión da capela e a casa dos caseiros adoptou unha silueta en forma de «U». A entrada do pazo enmárcase por un arco de medio punto realizado con pezas de cantería que destacan sobre a cachotería vista dos muros. A cornixa está rematada por ameas que parecen provir dunha torre que orixinalmente se atopaba pegada ao edificio principal. Tamén destacan no conxunto as chemineas, de grandes dimensións. Na fachada atópanse os brasóns das familias Aguiar (unha aguia coroada en voo), Montero (unha árbore cun can atado e unhas chaves aos pés) e os Mosquera (cinco cabezas de lobo), ademais de dúas datas, 1620, posiblemente ano dunha ampliación do pazo, e 1908, ano no que se supón que se realizou unha gran reforma, na que probablemente desapareceu a torre.

A propiedade ocupa unha superficie de doce hectáreas onde, ademais da contorna amurallada onde se encontran os edificios do pazo, a capela, o pombal, o grande hórreo e diversos alpendres, así como a piscina, compréndense os xardíns, cos que foron singulares labirintos de buxo, e dúas carballeiras de grande antigüidade, unha formada por carballos (*Quercus robur*) e outra de roble americano (*Quercus rubra*), na fachada do pazo.

No Inventario de *Árboles Sobresalientes de España* (ICONA, 1975), ademais das árbores que se describen a continuación, citábase unha gran glicinia (*Wisteria sinensis*), cun perímetro normal de 2,20 metros, nada común en exemplares desta planta trepadora. Porén este monumento vexetal, lamentablemente, morreu no ano 2014.

Ayuntamiento:


Arzúa

Parroquia:

San Lourenzo

Como chegar:

En Arzúa tómase a estrada AC-905, pola que circulamos ata chegar a Brandeso, ao entrar nesta poboación veremos a entrada do pazo, a man esquerda.



CARBALLEIRA

DO PAZO DE BRANDESO

Estamos perante unha carballeira moi antiga de orixe antrópica, aínda que se descoñece a data da súa plantación estímase que ten unha idade de entre 250 e 300 anos; conclusión á que chegamos ao tomarmos en consideración o porte, dimensión e morfoloxía dos exemplares. Son de troncos retortos e mostran moitas verrugas, cavidades e podremias, e nalgúns exemplares aparecen galerías de insectos cerambícidos. No interior da carballeira conserváronse varias árbores mortas que contribúen a aumentar a biodiversidade, sobre todo de fungos e insectos, e que dan ao espazo un aire misterioso.



Especie:

Quercus robur L.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados

Altura:

28,70 e 25,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

9,25 e 8,10 m

Diámetro da copa:

18,30 e 19,00 m

Idade estimada:

Estímase que os exemplares
teñen entre 250 e 300 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

566950;4748411



🌿 **Especie:**

Taxus baccata L.

Altura:

18,20 e 15,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

2,85 e 2,30 m

Diámetro da copa:

12,20 m

Edad estimada:

150 anos

Coordenadas UTM (X;Y, ETRS):

566932;4748525

TEIXOS DO PAZO


DE BRANDESO

Estamos ante unha parella de teixos de moi bela feitura. Medran a escasos cinco metros un doutro, o que non impide o seu desenvolvemento, pois non existe na súa contorna máis competencia pola luz. Aínda que os seus troncos non son comparables cos doutros teixos recollidos nesta obra, a súa altura convérteos en dous exemplares moi desta-

cados, o que os levou a formar parte do Inventario de Árbores Sobresaíntes de Galicia elaborado en 1984. Medran con fustes moi verticais

que non se ramifican ata grande altura, onde se desenvolven as copas, que se unen para formar o que desde a distancia semella unha única copa de silueta globosa e de grandes dimensións.





ÁRBORE DAS TROMPETAS DO PAZO DE BRANDESO

Ten un tronco de grandes dimensións e presenta unha gran greta vertical que atravesase case a totalidade do fuste, derivada do impacto dun lóstrego, que non resta importancia a esta fermosa catalpa. Comeza a ramificarse a case tres metros de altura, en grandes ramas que se distribúen radialmente ao redor do tronco e forman unha gran copa, globosa e de gran volume. Está situada sen ningunha outra árbore na contorna, o que favorece a súa observación, convertendo a este exemplar nun dos principais puntos focais do espazo, sobre todo durante a súa espectacular floración.



 **Especie:**

Catalpa bignonioides Walter

Altura:

14,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,50 m

Diámetro da copa:

14,20 m

Idad eestimada:

150 anos

Coordenadas UTM

(X;Y, ETRS 89):

566876;4748576



Como chegar:

O exemplar medra a carón da estrada N-547, entre Melide e Boente, no PK 53.

PIÑEIRO MANSO DE BOENTE

O piñeiro manso medra na rexión mediterránea e en Galicia vese plantado, aínda que non é común. Amosa agullas en grupos de dúas, máis pequenas e menos ríxidas que as do piñeiro bravo ou do país, copa en forma de parasol, casca do tronco de cor avermellada e piñas globosas con apófises aplanadas de contorno poligonal.

O piñeiro manso de Boente, de extraordinarias dimensións, está acompañado, a poucos metros, por outra árbore da mesma especie, con características dendrométricas moito menores. O exemplar monumental medra á beira da estrada, sostido por un robusto tronco, cun perímetro basal de 4,65 m, que se reduce rapidamente ata chegar aos 4,10 m á altura do peito, manténdose así ata a altura de 6,30 m sobre do chan, onde se forma a cruz. A copa amosa a forma de parasol típica dos exemplares adultos desta especie de piñeiro.

Especie:

Pinus pinea L.

Altura:

21,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,10 m


Diámetro da copa:

18,40 m

Idade estimada:

150 anos



**Como chegar:**

Están situados a carón da estrada AC-840, en dirección a Trasmundi, a 150 metros do centro da vila de Melide.



CEDROS DO ATLAS DO CONVENTO DE MELIDE

Son dous enormes cedros de fermosa feitura. Os troncos, de gran volume, medran dereitos e sen formar unha verdadeira cruz. As copas fórmase a partir dunha sucesión de ramas que comezan unha vez superados os dous metros de altura, con brazos de grandes dimensións que medran case paralelos ao tronco principal, conformando unha copa de silueta cónica. Pola proximidade de ambos exemplares as copas aparecen fusionadas, semellando desde a distancia observar un único exemplar.

Concello:

Melide

Parroquia:

San Pedro

Lugar:

Os cedros atópanse na entrada do convento de Melide, na rúa Rambla San Pablo.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

580053;4752597

**🌿 Especie:***Cedrus atlantica* (Endl.) Carrière**Altura:**

28,60 e 25,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,20 e 4,15 m

Diámetro da copa:

19,40 e 17,10 m

Idade estimada:

125-150 anos



VÍA DA PRATA

🍂 Lonxitude por Laza 212,3 km, por Verín 254,3 km, e por Feces 187,2 km.

A Vía da Prata é unha antiga vía de comunicación e comercio da época romana que unía o norte co sur, dende *Emerita Augusta* (Mérida) a *Asturica Augusta* (Astorga). Foi utilizada máis adiante, en época visigoda e tamén durante a invasión musulmá, cando se converteu nun paso principal entre reinos cristiáns e musulmáns.

Despois do descubrimento do sepulcro do apóstolo, este itinerario será utilizado polos cristiáns que moran nas terras conquistadas para poder venerar as reliquias do santo no noroeste peninsular, partindo de todos os puntos do territorio musulmán ata a Vía da Prata e dende aí ata Santiago. Pouco ten que ver este prezado metal con esta calzada romana, hai teorías que apuntan ao termo islámico Bal'latta, vía ancha e empedrada, do que derivaría o topónimo actual.

Había tres variantes para chegar ata Santiago por esta ruta; a primeira chegando ata Astorga e continuando polo Camiño Francés, a segunda internándose por Portugal e despois entrando en Galicia ata Verín, e a terceira dende Puebla de Sanabria cara ao noroeste pola Gudiña, conectando coa variante de Portugal en Verín, para atravesar por tres das catro provincias galegas, Ourense, Pontevedra e A Coruña.

Esta ruta é coñecida de diferentes formas, Camiño Meridional, Camiño Sanabrés, Camiño do Sueste ou Vía da Prata.

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: carballo de Santigoso (A Mezquita); souto da igrexa de Riós (Riós); castiñeiro de Cervedelo (Laza); castiñeiro de Santa Eufemia (Baños de Molgas); carballos do Covelo (Xunqueira de Ambía); sobreira de Loña (Ourense); carballo do castelo-Pazo de Vilamarín (Vilamarín); e carballo de Vilatuxe, carballo de Soutolongo e fraga de Catasós (Lalín).

Outras árbores na Vía da Prata citadas e descritas en tramos coincidentes doutros camiños:

Camiño de Inverno:

Sobreira do Siador (Silleda); buxal, carreira de tileiros, camelia reticulada e criptomeira elegante do Pazo de Oca (A Estrada); camelia, dicksonia, ombú, carballo fastixiado, washingtonias robustas, tulipeiros de Virxinia, buxal, retícula de oliveiras e criptomeria xaponesa do Pazo de Santa Cruz (Vedra); e magnolia grandiflora da Casa da Picota (Boqueixón).

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	Carballo de Santigoso	Santigoso	San Simón	A Mezquita
2	Souto da igrexa de Riós	Adro da igrexa de Riós	Santa María	Riós
3	Castiñeiro de Cerdedelo	Souto de Cerdedelo	Santa María de Cerdedelo	Laza
4	Castiñeiro de Santa Eufemia	Santa Eufemia	Ambía (Santo Estevo)	Baños de Molgas
5	Carballos do Covelo	O Covelo	Xunqueira de Ambía	Xunqueira de Ambía
6	Sobreira de Loña	Igrexa do Santo Cristo de Lonía	Cristo Rei	Ourense
7	Carballo do Castelo-Pazo de Vilamarín	Castelo-Pazo de Vilamarín	Santiago de Vilamarín	Vilamarín
8	Carballo de Vilatuxe	Carballeira de Vilatuxe	Vilatuxe	Lalín
9	Carballo de Soutolongo	A carón do río Asneiro	Soutolongo	Lalín
10	Fraga de Catasós	Pazo de Quintela	Catasós	Lalín

Vía da Prata e localización das árbores descritas



**Como chegar:**

Sáímos da Mezquita pola rúa Nova e circulamos por ela apenas un quilómetro, ata que a man dereita se incorpora a estrada de Santigoso. Na entrada desta pequena vila tomamos a ruta sinalizada como «BTT 56» pola que circulamos arredor dun quilómetro, ata que a man esquerda nos atopamos co monumental cerquiño.

CARBALLO DE SANTIGOSO

O que máis chama a atención deste excepcional e monumental cerquiño é a altura, o seu maior mérito, pois acada 28,10 metros. O tronco medra vertical, sen ramificarse ata os 6,80 metros de altura, onde se forma a cruz da que saen varias ramas de grandes dimensións que forman unha maxestosa e ampla copa ovado-globosa de máis de 30 metros de diámetro. Goza dun bo estado de conservación e saúde, o que queda reflectido na súa integridade e vigor, aínda que se aprecian tronzamentos dalgunhas pólas por mor do vento e a neve, pero sen evidencias de podremias, descascamentos nin ramaxe seca.

🌿 Especie:

Quercus pyrenaica Willd.

Altura:

28,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


4,98 m

Diámetro da copa:

30,45 m

Idade estimada:

150-200 anos

**Concello:**

A Mezquita

Parroquia:

San Simón

Lugar:

Santigoso

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

662618;4652846





Como chegar:

Desde Ventas da Barreira tómasse o desvío que indica Riós, situado a dous quilómetros. Ao chegar a esta pequena poboación, os castiñeiros atópanse rodeando a igrexa.

SOUTO DA IGREXA DE RIÓS

Estamos ante dun grupo de exemplares de arquitectura e dimensións semellantes, dos que destacan as dimensións dos seus troncos, moitos deles con máis de oito metros de perímetro na base, pola gran concentración de tocos, verrugas e protuberancias, pero que apenas diminúe ata chegar á copa. Foron demoucados no pasado, un tratamento habitual nos soutos mansos, con aproveitamento mixto para a produción de froito e obter «varas», termo usado para referirse ás enormes vigas que agroman desde a cruz. Entre todos eles destaca o que se atopa diante da entrada á igrexa e ao cemiterio, por ser o de maiores dimensións, e tamén por ser o primeiro que se encontra cando se chega desde a vila.

Concello:

Riós

Parroquia:

Santa María

Lugar:

Noiro a carón do adro
da igrexa de Riós

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

642362;4648490



Especie:

Castanea sativa Mill.

Dendrometría do
exemplar máis destacado.

Altura:

18,60 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

6,85 m

Diámetro da copa:

18,60 m

Idad eestimada:

250-300 anos



**Como chegar:**

Desde Portocamba tómase a estrada OU-114 ata chegar á vila de Cerdedelo, desde a que se segue pola OU-112, e á saída da aldea, a man esquerda, no souto encóntrase o castiñeiro senlleiro, a escasos metros da estrada.

CASTIÑEIRO DE CERDEDELO

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 111A

Sen dúbidas temos en Cerdedelo un dos castiñeiros máis curiosos de Galicia. Dunha carocha, ou tronco central, que supera os dez metros de perímetro na base, agroman ata dez grandes brazos que compiten por roubar protagonismo ao fuste central. Desde a base medran con gran verticalidade, forzados pola competencia exercida polos demais castiñeiros do souto, o que fai que algunas pólas superen os 30 metros de altura.

**Concello:**

Laza

Parroquia:

Santa María de Cerdedelo

Lugar:

Soto de Cerdedelo

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

632714;4660390

🌿 Especie:

Castanea sativa Mill.

Altura:

31,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):


10,63 m

Diámetro da copa:

21,35 m

Idade estimada:

Entre 300 e 500 anos



Como chegar:


Desde Allariz collemos a vía OU-108 ata a aldea de Santa Eufemia. A árbore atópase a uns 100 metros da rúa de entrada ao lugar. Accédese por unha senda que sae á altura do número 21 da estrada principal.

CASTIÑEIRO DE SANTA EUFEMIA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 113A

Trátase dun castiñeiro de extraordinarias dimensións. O seu tronco, cun perímetro na base de máis de once metros que apenas se reduce á altura do peito, onde conserva unha circunferencia próxima aos 10 metros, comeza a ramificarse a case tres metros de altura, nivel no que numerosos tocos sen cicatrizar e feridas que están a provocar numerosas podremias indican que no pasado foi demoucado en moitas ocasións, práctica habitual nos exemplares desta especie para producir un aproveitamento mixto de froita e madeira. A copa é de dimensións reducidas e nela aprécianse numerosas pólas secas.

Concello:
Baños de Molgas
Parroquia:
Ambía (Santo Estevo)
Lugar:
Santa Eufemia
Coordenadas U.T.M. (WGS 84):
606742;4675411

 **Especie:**
Castanea sativa Mill.
Altura:
12,50 m
Perímetro do tronco (1,30 m):
9,95 m
Díámetro da copa:
12,00 m
Idade estimada:
300 anos





Como chegar:

Desde o casco urbano de Xunqueira de Ambía tómake a estrada OU-0108 pola que se circula aproximadamente un quilómetro, ata atopar o desvío cara O Covelo, que está indicado. Unha vez nesta pequena poboación, os carballo encóntranse na parte alta da mesma, cara á esquerda.

CARBALLOS DE O COVELO

Fermoso conxunto de carballos de grandes dimensións que foron demoucados para o aproveitamento de leña. As copas renóvanse periodicamente con esa finalidade, polo que os exemplares exhiben un robusto tronco que se ramifica a 2-3 metros do chan, desde onde saen un conxunto de ramas de gran verticalidade formando copas amplas de perfil curvado. O conxunto está formado por cinco carballos de grandes dimensións, acompañados por outros de menor talla e numerosos castiñeiros de características semellantes.

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Dendrometría dos exemplares máis destacados

Altura:

31,00; 27,60; 29,50; 32,20 e 33,00 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

5,90; 3,60; 3,50; 6,60 e 6,40 m

Diámetro da copa:

12,40; 15,10; 13,50; 14,20 e 15,10 m

Idade estimada:

250-300 anos



Concello:

Xunqueira de Ambía

Parroquia:

Xunqueira de Ambía

Lugar:

O Covelo

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

605500;4673550



**Como chegar:**


O exemplar atópase na cidade de Ourense, no barrio das Lagoas, a carón da rúa Luís Trabazos, entre o CEIP Manuel Sueiro e o Centro Parroquial Cristo Rei.

SOBREIRA DE LOÑA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 137A

Estamos ante unha sobreira cunha morfoloxía moi característica. Ten unha moi engrosada, ata case tres metros de altura, onde se divide en dous fustes de gran diámetro, que tras sucesivas ramificacións forman a copa, globosa e de grandes dimensións, cun tamaño e perfil pouco frecuente nas sobreiras.

Unha placa a carón da árbore lembra a visita de Odile Rodríguez, filla do naturalista Félix Rodríguez de la Fuente, nunha homenaxe por parte da fundación que leva o seu nome.

 **Especie:**
Quercus suber L.

Altura:
22,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):
7,40 m

Diámetro da copa:
26,50 m

Idade estimada:
Entre 200 e 300 anos

**Concello:**

Ourense

Parroquia:

Cristo Rei

Lugar:

Igrexa do Santo Cristo de Lonía

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

594123;4688957

**Como chegar:**

Desde Vilamarín tómase a estrada en dirección a Borulfe, e unha vez superada esta pequena poboación, antes de chegar a Fondo de Vila, seguimos a indicación ao castelo-pazo, aproximadamente a dous quilómetros de distancia.

CARBALLO DO CASTELO-PAZO DE VILAMARÍN

Na entrada do Castelo-Pazo de Vilamarín, Monumento Histórico-Artístico desde 1977, fóra do recinto e a carón da estrada, atópase este singular carballo, que foi demoucado no pasado. A base está fortemente engrosada con contrafortes e o tronco permanece sen ramificar ata case tres metros de altura, onde se bifurca en dous brazos de gran perímetro. Unha destas ramas continúa o seu crecemento ata unha altura de máis de 16 metros, mentres que outra ten menores dimensións. A copa, moi irregular, ten forma ovado globosa.

**Concello:**

Vilamarín

Parroquia:

Santiago de Vilamarín

Lugar:

Na entrada no castelo-pazo de Vilamarín.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

590498;4700616

🌿 Especie:*Quercus robur* L.**Altura:**

16,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,60 m


Diámetro da copa:

16,20 m

Idade estimada:

300 años



**Como chegar:**

Circulamos pola estrada PO-534, entre Lalín e Pontevedra, e en Vilatuxe desvíamosos pola PO-203 cara á aldea de Lebozán, a 300 metros, a man dereita, atopámonos con este marabilloso exemplar.

Concello:

Lalín

Parroquia:

Vilatuxe

Lugar:

Carballeira de Vilatuxe

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

566526;4718321

CARBALLO DE VILATUXE

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 131A

Exemplar de fermosa factura, posuidor dun robusto tronco que se eleva con gran verticalidade e moi grosso ata a cruz; de feito, o porte é un dos seus principais valores. Da cruz, situada a 6,5 metros de altura, saen grandes pólas que, tras sucesivas ramificacións, dan lugar a unha copa moi ampla e frondosa. Non faltan no tronco cavidades e ramas rotas, nin na copa pequenas pólas secas. Con todo, goza de boa saúde e non mostra síntomas de decaemento. Como único aspecto negativo destaca a proximidade da estrada, que impide o correcto desenvolvemento das raíces nesa dirección.

**🌿 Especie:**

Quercus robur L.

Altura:

24,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,62 m

Diámetro da copa:

24,75 m

Idade estimada:

Preto de 200 anos



Como chegar:

Desde a estación de ferrocarril de Lalín tomamos a estrada PO-902 en dirección a Irixo ata chegar á Finca Mouriscade, onde debemos deixar o coche e cruzar un tramo de carballeira en dirección norte ata que encontramos unha ponte de pedra sobre o río Asneiro, e unha vez cruzado o río seguimos camiñando con el á nosa dereita ata os restos do muíño Espinosa, á beira do cal está o monumental carballo.



CARBALLO DE SOUTOLONGO

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras*
co código 132A

Goza este carballo dunha situación privilexiada, pois está situado entre o río Asneiro e unha finca de cultivo, o que lle garante os aportes hídricos dunha

banda e os nutrientes pola outra. Posúe un corpulento tronco, que se ramifica a baixa altura para formar unha cruz densamente poboada de ramas, dispostas arredor do tronco e formando unha copa globosa e de grandes dimensións, sen dúbida un dos grandes atractivos deste exemplar.

Concello:

Lalín

Parroquia:

Soutolongo

Lugar:

Finca de cultivo a carón do río Asneiro, preto do muíño de Espinosa, en Soutolongo

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

570261;4719092

🌿 Especie:

Quercus robur L.

Altura:

23,90 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,74 m


Diámetro da copa:

34,40 m

Idade estimada:

200 anos



**Como chegar:**

Desde Lalín circulamos pola N-525 en dirección Cea e Ourense, a poucos quilómetros do centro urbano chegamos a Catasós e á súa famosa fraga, perfectamente indicada ao final do pobo e sita na beirada estrada.

🌿 Especie:

Quercus robur L. e *Castanea sativa* Mill.

Dendrometría dos dous
exemplares máis destacados

Altura:

30,20 e 28,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

4,67 e 4,01 m

Diámetro da copa:

16,15 e 16,75 m

Idade estimada:

A idade dos exemplares está comprendida entre 225 e 250 anos, xa que non ano 2000 contáronse os aneis dun castiñeiro caído que tiña 215 anos de idade.

FRAGA DE CATASÓS

Formación recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 5F

Formación mixta de carballos e castiñeiros de orixe antrópica, plantados a finais do s. XIX polos antigos propietarios do Pazo de Quintela. No ano 1954 o científico norteamericano Dr. Flippo Gravatt, representante do seu país na FAO, visitou os castiñeiros de Catasós. Cando volveu a Roma solicitou a esta entidade que propuxese ao estado español a protección destas árbores, xa que tiñan os fustes máis altos e o mellor porte forestal de Europa, grazas á ausencia de podas e demoucas. Son, segundo D. Ernesto Viéitez (1992) «a expresión máis fermosa do castiñeiro como árbore forestal», por adoptar portes maxestosos e señoriais ao medrar no medio dunha formación de grande espesura, o que obriga ás árbores a crecer con dereitura e verticalidade, sostendo arquitecturas de copa alongadas e de volumes minguados pola notable competencia espacial e lumínica á que están sometidos.

Concello:

Lalín

Parroquia:

Catasós

Lugar:

Pazo de Quintela

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

574204;4720921



**Etapa final Santiago de Compostela
e localización das árbores descritas**



ETAPA FINAL SANTIAGO DE COMPOSTELA

Relación de árbores que se describen e localización no camiño: «perona» e eucaliptos do paseo da Ferradura, tileiro prateado e sequoia vermella do Campo da Estrela, cedro atlántico do Pazo do Hórreo, carballeira de San Lourenzo de Trasouto e xinkgo do Pazo de Fonseca (Santiago de Compostela).

Número no plano	Nome do exemplar/formación	Lugar	Parroquia	Concello
1	«Perona» do paseo da Ferradura	Paseo da Ferradura	Santiago de Compostela	Santiago de Compostela
2	Eucaliptos do paseo da Ferradura			
3	Tileiro prateado do Campo da Estrela	Campo da Estrela		
4	Sequoia do Campo da Estrela			
5	Cedro atlántico do Pazo do Hórreo	Pazo do Hórreo		
6	Carballeira de San Lourenzo de Trasouto	San Lourenzo de Trasouto		
7	Xinkgo do Pazo de Fonseca	Pazo de Fonseca		



PASEO DA FERRADURA E ALAMEDA DO CAMPO DA ESTRELA

A alameda do Campo da Estrela e o paseo da Ferradura constitúen o xardín público máis antigo e de maiores dimensións de Santiago de Compostela, sito entre o campus universitario e o casco histórico, onde se atopa a catedral.

As orixes deste espazo remóntanse ao século XII, cando o arcebispo Gelmírez ordenou construír unha igrexa para albergar as reliquias de Santa Susana. No ano 1546 o conde de Altamira donou á cidade de Santiago de Compostela unha extensa área agrícola para uso e goce dos cidadáns, coa recomendación de «plantar árbores e arboredos». Daquela época poden ser algunhas das árbores máis antigas, aínda que isto non pode asegurarse. Na actualidade, a igrexa conserva algúns elementos propios do románico, xa que foi remodelada nos séculos XVII e XVIII.



Entre os monumentos arquitectónicos destaca a igrexa do Pilar, de estilo barroco (século XVIII), o palco e o quiosco da música (século XIX), os bancos de cerámica de Sargadelos, os estanques, a estatua de Méndez Núñez, e un importante conxunto de esculturas, como as de Valle-Inclán, Rosalía de Castro, Castelao, Pais Lapido e Manuel Ventura Figueroa. O deseño do xardín é de comezos do século XIX, do ano 1835, cando o concello de Santiago iniciou a creación do Campo da Estrela e o paseo da Ferradura, que unen os seus extremos rodeando a carballeira de Santa Susana.

Todo o proxecto de axardinamento é o que hoxe se coñece como a alameda, cunha extensión de case 6 hectáreas. Comprende un magnífico patrimonio arquitectónico e botánico, formado por tres zonas ben diferenciadas; a carballeira de Santa Susana, o Campo da Estrela e o paseo da Ferradura. Aínda que o seu deseño non encaixa en ningún dos estilos clásicos en xardinería, posúe elementos de xardín francés, como os parterres simétricos e as sebes.

O paseo da Ferradura, definido polo escritor D. Ramón Otero Pedrayo como «o parque e paseo máis nobre de España», alberga ademais a colección botánica máis importante do espazo e constitúe un fermoso miradoiro sobre o campus universitario sur, o casco antigo e a catedral.







«PERONA» DO PASEO DA FERRADURA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 1A

O abeto do Cáucaso, como se coñece a esta especie, é unha árbore sempre verde orixinaria das montañas caucásicas, do grupo das coníferas, coas follas aciculares subdísticas, escotadas no ápice, e coas piñas erectas que se desintegran ao madurar. Cultívase con frecuencia en parques e xardíns galegos como árbore de enfeite. O nome vulgar deste exemplar conmemora a visita a Compostela de Doña Isabel Perón en 1947, e foi plantado coincidindo coa súa visita e en honor a ela.

É unha árbore de fermosa arquitectura que medra dereita cara o ceo, aínda que o tronco perde a verticalidade no seu tramo medio, pero con tendencia a recuperala novamente. A 3,10 metros de altura comeza a formarse a copa, coa forma piramidal típica da ramificación monopódica característica de boa parte das coníferas. As ramas dispóñense case radialmente arredor do tronco e medran colgantes cara o chan, dándolle á árbore un aspecto «chorón». A pesar da súa xuventude xa posúe unha altura de 22 metros. A privilexiada situación na que medra, con espazo suficiente no marco dun xardín público e ben conservado, favorece a rápida medranza e que a súa feitura exprese a potencialidade da especie.



Especie:

Abies nordmanniana (Steven)
Spach

Altura:

24,10 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

1,51 m

Diámetro da copa:

5,15 m

Idade estimada:

Árbore plantada por María Eva Duarte de Perón o 19 de xuño 1947, polo que actualmente ten 73 anos.

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

536847;4747470



EUCALIPTOS DO PASEO

DA FERRADURA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 45A

Son tres eucaliptos de grandes dimensións situados no compostelán paseo da Ferradura. Dous están situados preto do monumento a Rosalía de Castro, mentres que o outro, coñecido como eucalipto dos namorados, atópase no outro extremo do paseo e ao seu carón podemos contemplar unhas espectaculars

vistas da catedral. Os tres amosan unha arquitectura moi semellante e bastante típica en exemplares vellos da especie. Troncos robustos e de grandes dimensións, apoiados sobre grandes contrafortes que lles dan estabilidade. Entre 6 e 8 metros de altura comezan a ramificarse para formar copas moi voluminosas, xa que medran illados e po-

 **Especie:**

Eucalyptus globulus Labill.

Altura:

39,90; 37,40 e 39,50 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

7,10; 8,20 e 8,05 m

Diámetro da copa:

23,80; 26,85 e 26,70 m

Idade estimada:

Entre 125 e 150 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

536943;4747727 e

536847;4747470

den manifestarse en toda a súa potencialidade, desenvolvendo copas amplas sen necesidade de acadar grandes alturas ao faltar a competencia.





 **Especie:**
Tilia tomentosa Moench
Altura:
26,20 m
Perímetro do tronco (1,30 m):
3,84 m
Diámetro da copa:
19,30 m
Idade estimada:
125-150 anos
Coordenadas U.T.M. (WGS 84):
537012;4747447

TILEIRO PRATEADO DA ALAMEDA DO CAMPO DA ESTRELA

Recollido no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 105A

Os tileiros son árbores caducifolias que poden acadar 30 metros de altura, con porte piramidal, copa con forma de corazón invertido ás veces, e casca do tronco lisa e abrancazada. As ramas son erectas e posúen pelos, e as follas teñen forma de corazón e marxe serrada. As flores, pentámeras e de cor crema, dispóñense en inflorescencias sobre brácteas axilares con forma de lingua e teñen propiedades medicinais sedantes.



O tileiro prateado distínguense das demais especies do xénero por ter as follas con ápice máis curto e pola presenza de tomento ou pilosidade cincenta no envés. As flores son de cor crema e aromáticas, dispostas en grupos de cinco a dez por inflorescencia.

O exemplar catalogado amosa excelente fisionomía e boas condicións sanitarias, presentando moi poucas deficiencias ou alteracións. Medra o tronco sen ramificarse ata a altura de 2,90 metros, onde se forma a cruz, da que saen tres grandes brazos case

verticais, os cales se ramifican sucesivamente para configurar unha copa globosa, equilibrada e de grandes dimensións. Na cruz obsérvanse cicatrices que demostran que no pasado non lonxano a copa formábase un maior número de pólas. O tronco está cuberto de brións en moitos lugares e na galla obsérvase a presenza de gran cantidade de polipodios e couselos, indicadores de posibles zonas con podremias.





SEQUOIA DA ALAMEDA

DO CAMPO DA ESTRELA

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 153A

O nome desta árbore deuse en honra a *Sequoiah*, fillo dun xefe da tribo dos cherokees, que foi enviado a estudar a Georgia co nome de George Gist (1770-1843), onde inventou un alfabeto para dotar de escritura á súa tribo e así facilitar a comunicación entre cherokees e brancos. *Sempervirens* fai referencia á condición de árbore de folia perenne.

O exemplar de Compostela adopta unha forma pouco atípica para esta especie, xa que desde o chan medran dous toncos de grandes dimensións que conforman unha copa de perfil piramidal pola sucesión de ramas, dispostas de forma radial arredor dos fustes. A casca dos troncos é dunha intensa cor marrón avermellada, grosa e branda, moi fibrosa, característica nos exemplares adultos desta especie e que lle confire unha gran resistencia ao lume, chegando a ter ata 40 cm de espesor.



🌿 **Especie:**

Sequoia sempervirens L.

Altura:

26,40 m

Perímetro do tronco (1,30 m):

3,72 e 3,31 m

Diámetro da copa:

14,15 m

Idade estimada:

Entre 50 e 75 anos

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

537048;4747300



Cómo llegar:

El Pazo do Hórreo, actual sede del Parlamento de Galicia, se encuentra en el centro de la ciudad de Santiago de Compostela, en la calle del Hórreo, número 63.

CEDRO ATLÁNTICO DO PAZO DO HÓRREO

Recollida no *Catálogo Galego de Árbores Senlleiras* co código 148A

El ejemplar muestra un tronco de grandes dimensiones, que en su base supera, aunque por poco, los cinco metros de perímetro. La proximidad de la fachada del Pazo do Hórreo limita el desarrollo de su copa hacia ese lado, aunque este hecho no disminuye su volumen, que tiene perfil piramidal y grandes dimensiones. A un metro de altura sale del tronco una rama corpulenta que contribuye a aumentar el tamaño de la copa y su valor ornamental.

Concello:

Santiago de Compostela

Parroquia:

Santiago de Compostela

Lugar:

Pazo do Hórreo

Coordenadas U.T.M. (WGS 84):

537203;4746755

🌿 Especie:

